



Concello de Vigo

ACTA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL
Sesión do 29 de decembro de 2022 (1341/1102)

ASISTENTES:

Membros :

D. Abel Caballero Álvarez
D. Francisco Javier Pardo Espiñeira
D^a Elena Espinosa Mangana
D. Carlos López Font
D. Abel Losada Álvarez
D. Jaime Aneiros Pereira
D^a Yolanda Aguiar Castro
D^a Patricia Rodríguez Calviño

NON ASISTEN:

D^a M^a Carmen Silva Rego
D^a M^a José Caride Estévez

Na Casa do Concello de Vigo, ás nove horas e dez minutos do día vinte e nove de decembro de dous mil vinte e dous e baixo a presidencia do Excmo. Sr. alcalde, Sr. Caballero Álvarez, coa asistencia dos concelleiros/as anteriormente citados, actuando como Secretaria a concelleira, Sra. Aguiar Castro, constitúese a Xunta de Goberno Local desta Corporación co obxecto de realizar sesión ORDINARIA de acordo coa orde do día remitida a tódolos membros coa antelación legal precisa. A Sra. Aguiar Castro incorpórase á reunión en modo online.

Están tamén presentes por invitación, a secretaria de Admón. Municipal, Sra. Gallardo Fariña, e o interventor xeral, Sr. Escariz Couso.

A Xunta de Goberno Local adopta os seguintes acordos:

1(1073).- APROBACIÓN ACTAS. Apróbase a acta da sesión ordinaria do 22 de decembro e extraordinaria e urxente do 23 de decembro de 2022 . Deberán incorporarse ó libro de actas da Xunta de Goberno autorizada coa miña sinatura e maila do Sr.Alcalde-presidente.

2(1074).- BASES E CONVOCATORIA DO “PROGRAMA CONTRA DESAFIUZAMENTOS E DE EMERXENCIA SOCIAL E DE AXUDAS AO TRASPORTE PARA PERSOAS CON DISCAPACIDADE” (2023). EXPTE. 243631/301.

Visto o informe xurídico do 20/12/2022 e o informe de fiscalización do 20/12/2022, dáse conta do informe-proposta de data 08/11/2022, asinado pola xefa de Benestar

Social, o xefe de Área, a concelleira-delegada de Política Social e polo concelleiro-delegado de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

I. A Concelleira delegada da Área de Política de Benestar Social, mediante Resolución de data 24.10.2022 ordenou o inicio de expediente administrativo para a aprobación do «PROGRAMA CONTRA DESAFIUZAMENTOS E DE EMERXENCIA SOCIAL E DE AXUDAS Ó TRANSPORTE PARA PERSOAS CON DISCAPACIDADE (2023)», encomendando a súa tramitación ós servizos técnicos, xurídicos e administrativos desta Concellería delegada.

II. Para os efectos indicados na Instrucción 1/2014 da Intervención xeral municipal sobre aplicación da L.5/2014, xustifícanse expresamente na Exposición de Motivos do Programa os títulos competenciais que lexitimarían a actuación municipal en materia de servizos sociais, conforme coa actual normativa de réxime local (Arts. 25.2.e) e 26.1.c) LRBRL, Arts. 80.2.k) e 81.c) LALGA, Disp. Adic. 4ª L.5/2014) e coa lexislación sectorial aplicable (L.13/2008, L.3/2011, L.10/2013...), na que se outorga un papel importante ás CCLL en relación co apoio ás persoas e familias en situación ou risco de exclusión social.

Ademais, este tipo de prestacións económicas inclúense no catálogo de servizos sociais da L.13/2008, do 3 de decembro, de servizos sociais de Galicia e están tamén previstas nas Bases de execución do Orzamento xeral municipal.

III. A finalidade deste Programa de subvencións directas de carácter social é apoiar a aquelas persoas e familias que carecen de recursos económicos suficientes para afrontar unha determinada situación de emerxencia social relacionada coa súa vivenda, coa alimentación básica das persoas integrantes da unidade familiar/de convivencia e outras situacións debidamente acreditadas de necesidade que, de non ser atendidas, poderían derivar en marxinalidade ou exclusión social.

No caso das axudas de transporte (“bono-taxi”), a finalidade é favorecer o desprazamento na cidade, mediante a utilización do servizo público de taxi, a aquelas persoas afectadas de graves dificultades de mobilidade e que non poden utilizar o transporte público colectivo.

IV. Abeirase o seu procedemento de concesión en razóns de interese público, social e humanitario (Base nº 38 e ccdtes. das de execución dos orzamentos municipais). O outorgamento destas axudas sociais realizarase necesariamente de forma individualizada, previa valoración profesional dos/as traballadores/as sociais e por proposta da Comisión de Valoración, con estricta suxeición ás Bases reitoras do Programa, que se desenvolve no marco xurídico definido pola normativa aplicable ás axudas públicas e as Bases de execución do orzamento xeral municipal.

V. A L.4/2021, do 28 de xaneiro, de medidas fiscais e administrativas, en vigor desde o 30.01.2021, modificou o Art. 2.2 da vixente Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, dando unha nova redacción á súa letra a), que quedou redactada como segue:

«Non teñen o carácter de subvencións: a) As prestacións previstas no artigo 2.4 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, destinadas a persoas físicas, e as prestacións autonómicas e municipais de natureza similar a estas ou de carácter asistencial».

Así as cousas, enténdese que estas axudas de emerxencia municipais participarían desa natureza “asistencial” e, polo tanto, non terían xa a consideración propiamente de “subvencións” para os efectos da L.38/2003 e da L.9/2007, aínda que, en ausencia dunha normativa específica sobre este tipo



Concello de Vigo

de prestacións sociais, aquelas normas deberían seguir operando como marco xurídico xeral de referencia.

VI. Polo demais, o contido deste Programa é semellante ó dos exercicios anteriores. A novidade máis salientable, á marxe do incremento das contías máximas mensuais das axudas para alimentos e aluguer e os máximos anuais por todos os conceptos (Base sétima), é a integración nel das axudas de transporte para persoas con discapacidade (“*bono-taxi*”) que tamén viña xestionando o Servizo de Benestar Social, incorporando a súa regulación específica e os correspondentes Anexos (II.A e II.B).

A xustificación dese cambio reside na conveniencia de mellorar a tramitación das axudas de “*bono-taxi*”, permitindo que as solicitudes deste tipo de axudas de transporte poidan presentarse durante todo o ano e eliminando as listas de agarda.

VII. Canto ó seu financiamento, indicar que no programa 2310 de Benestar Social existe a aplicación orzamentaria nº 480.00.00 “*Axudas a familias e fondo de emerxencia desahucios*” (1.150.000 € no proxecto de orzamentos/2023 aprobado en XGL do 03.11.2022) e tamén no funcional 2310 cóntase coa nº 780.00.00, destinada a “*Melloras en fogares*” (50.000 €), con cargo á que se concederán axudas para a adaptación dos fogares (eliminación de barreiras arquitectónicas, arranxo de deterioracións e de avarías imprescindibles para manter o uso da vivenda e/ou melloras da eficiencia enerxética da instalación).

VIII. Ó abeiro do previsto no Art. 56 do RD.887/2006, do 21 de xuño, e na Base de execución nº 29.3, propónse tramitar este expediente como anticipado de gasto.

IX. Visto o que antecede e a normativa aplicable, unha vez que se emita o informe xurídico e o de fiscalización da Intervención xeral municipal, procedería propoñer á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte,

«ACORDO

PRIMEIRO: Aprobar as Bases e a convocatoria do «PROGRAMA CONTRA DESAFIUZAMENTOS E DE EMERXENCIA SOCIAL E DE AXUDAS Ó TRANSPORTE PARA PERSOAS CON DISCAPACIDADE (2023)», elaborado polo Servizo de Benestar social (Exp. nº 243631/301) e dispoñer a súa publicación no BOPPO.

SEGUNDO: Autorizar a tramitación deste expediente como anticipado de gasto, de acordo co previsto no Art. 56 do RD.887/2006, do 21 de xuño e na Base de execución do orzamento xeral municipal nº 29.3.

TERCEIRO: Autorizar o gasto de 1.150.000€ con cargo á aplicación orzamentaria nº 2310.480.00.00 para facer fronte ás axudas económicas de emerxencia e “*bono-taxi*” para o exercicio de 2023 e de 50.000€ con cargo á nº 2310.780.00.00 para a concesión de axudas destinadas á adaptación dos fogares (eliminación de barreiras arquitectónicas, arranxo de deterioracións e de avarías imprescindibles para manter o uso da vivenda e/ou melloras da eficiencia enerxética da instalación).

CUARTO: Autorizar a realización de libramentos a xustificar por solicitude do Servizo de Benestar Social e ata os importes máximos indicados anteriormente, a nome dos funcionarios habilitados dese Servizo, que serán aboados nas contas habilitadas de Benestar Social.

QUINTO: Publicar este acordo no taboleiro electrónico de anuncios e editos do Concello de Vigo, nas Unidades de Traballo Social (UTS) e na páxina web municipal, debendo inserirse no “Portal de Transparencia e Bo Goberno” do Concello de Vigo <http://transparencia.vigo.org>.

SEXTO: Remitir á Axencia Estatal de Administración Tributaria a información precisa sobre as axudas que se concedan con cargo a este Programa mediante a presentación do MODELO 190 (declaración resume anual de retencións), indentificándoas coa clave “L” e a subclave 22».

Con todo, a Xunta de Goberno Local adoptará o acordo que estime mais oportuno.

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

BASES REGULADORAS DO «PROGRAMA CONTRA DESAFIUZAMENTOS E DE EMERXENCIA SOCIAL PARA O ANO 2023» E DAS AXUDAS DE TRANSPORTE PARA PERSOAS CON DISCAPACIDADE (“BONO-TAXI”)

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

I

De acordo co Art. 25.1 da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime local (LRBRL), o municipio, para a xestión dos seus intereses e no ámbito das súas competencias, pode promover actividades e prestar os servizos públicos que contribúan a satisfacer as necesidades e aspiracións da comunidade veciñal, exercendo en todo caso, como competencias propias, nos termos da lexislación estatal e autonómica, en materias tales como: «*avaliación e información de situacións de necesidade social e a atención inmediata a persoas en situación ou risco de exclusión social*»; servizo declarado obrigatorio para os municipios de poboación superior a 20.000 habitantes (Arts. 25.2.e] e 26.1.c] LRBRL).

Mais especificamente, xa no eido da normativa sectorial, a L.13/2008, do 3 de decembro, de Servizos sociais de Galicia, atribúelle ás Corporacións locais a creación e xestión dos servizos comunitarios básicos, configurándose como servizos de carácter integrador, constituíndose na principal instancia do sistema galego de servizos sociais para o desenvolvemento de intervencións de carácter preventivo, de atención integral a persoas, familias e de incorporación social e laboral.

A Lei 5/2014, do 27 de maio, do Parlamento de Galicia, de medidas urxentes derivadas da entrada en vigor da Lei 27/2013, do 27 de decembro, de racionalización e sustentabilidade da Administración Local, considera que «*non se entenderá como exercicio de novas competencias*», entre outras, a continuidade na prestación dos servizos xa establecidos e da actividade de fomento e a formalización de convenios de colaboración de concesión de subvencións (Art. 3.3.).

Ademais, sinala claramente que, con carácter xeral, as competencias atribuídas ás EELL pola lexislación autonómica anterior á entrada en vigor da LRSAL: «*continuarán exercéndoas elas, rexéndose pola indicada lexislación ou, de ser o caso, polo dereito estatal aplicable como supletorio, sen prexuízo do disposto nas disposicións adicionais cuarta e quinta sobre a asunción pola Comunidade*



Concello de Vigo

Autónoma das competencias relativas á educación, saúde e servizos sociais»; e aclara que as competencias que a Comunidade Autónoma de Galicia deberá asumir en materia de educación, saúde e servizos sociais: «continuarán sendo prestadas polos municipios mentres non se dean as condicións previstas para o seu traspaso na normativa básica e, en particular, o establecemento do novo sistema de financiamento autonómico e das facendas Locais previsto nela» (Disps. Adics. 1ª e 4ª L.5/2014).

En definitiva, as atribucións competenciais do Concello de Vigo para intervir neste ámbito derivan tanto da lexislación de réxime local como da normativa sectorial específica autonómica en materia de servizos sociais.

II

Os servizos sociais municipais, tanto os comunitarios básicos como os específicos, traballan co obxectivo de garantir a atención das necesidades básicas do conxunto da poboación, especialmente dos colectivos con maiores dificultades de inserción, de acordo cos principios da Lei 13/2008, do 3 de decembro, de Servizos sociais de Galicia.

En xeral, e como metodoloxía de traballo, prestan unha atención integral ás persoas baseada no esforzo da súa autodeterminación e a potenciación dos seus propios recursos e os do seu contorno familiar e comunitario, contando cun conxunto de prestacións entre as que se inclúen as municipais como resposta ás carencias na cobertura das necesidades sociais detectadas.

Para acadar ese fin propónse a aprobación das Bases para o desenvolvemento dos procedementos aplicables para o outorgamento das axudas directas non periódicas de emerxencia para o ano 2023 e das axudas ó transporte para persoas con discapacidade, no marco xurídico definido na normativa reguladora aplicable e de acordo cos criterios normativos e regulamentarios aprobados polo Concello de Vigo de forma específica, en relación coas axudas sociais, dentro das Bases de execución orzamentaria.

As axudas que se concedan para gastos de vivenda, alimentación básica, atención sanitaria non cuberta polo sistema público de saúde, gastos persoais e de aloxamento terán necesariamente carácter temporal e extraordinario para atender situacións concretas de emerxencia social pero en ningún caso constituirán un complemento ordinario do importe das prestacións públicas (RISGA, PNC, IMV, desemprego, outras prestacións) que poidan percibirse periodicamente doutras Administracións públicas. As destinadas ó transporte das persoas con discapacidade que non poidan utilizar o transporte colectivo estarán condicionadas, en todo caso, o cumprimento dos requisitos específicos e das obrigas establecidas nestas Bases.

Durante o exercicio de 2022 concedéronse con cargo a este Programa axudas por un importe total de 654.594,57 € co seguinte detalle (datos a 30.09.2022).

IMPORTES	CONCEPTOS
345.280,68 €	ALUGUER + ALOXAMENTO
150.897,55€	ALIMENTACIÓN BÁSICA
32.525,43 €	MOBILIARIO DE PRIMEIRA NECESIDADE
5.278,47 €	GAS
53.194,27 €	LUZ
27.225,40 €	AUGA
4.714,80 €	GASTOS PERSOAIS

3.246,45 €	GASTOS DE FARMACIA
14.187,38 €	PRÓTESIS + AXUDAS TÉCNICAS
6.732,29 €	HIPOTECAS
3.817,82 €	MELLORAS DE HABITABILIDADE + ELIMINACIÓN BARREIRAS + EFICIENCIA ENERXÉTICA
7.503,03 €	DÉBEDAS DE COMUNIDADE

BASES

PRIMEIRA.- Obxecto.

Estas Bases teñen por obxecto fixar os criterios e regulamentar a concesión de axudas económicas con cargo ós orzamentos municipais do Concello de Vigo para atender situacións extraordinarias que poidan considerarse de emerxencia social e mellorar a mobilidade urbana das persoas afectadas por graves discapacidades.

SEGUNDA.- Finalidade das axudas.

A finalidade destas axudas é a de apoiar a aquelas persoas e familias que carecen de recursos económicos suficientes para afrontar unha determinada situación de emerxencia social relacionada coa súa vivenda, coa alimentación básica das persoas integrantes da unidade familiar/de convivencia e outras situacións debidamente acreditadas de necesidade que, de non ser atendidas, poderían derivar en marxinalidade ou exclusión social.

No caso das axudas de transporte (“*bono-taxi*”), a finalidade é favorecer o desprazamento na cidade, mediante a utilización do servizo público de taxi, a aquelas persoas afectadas de graves dificultades de mobilidade e que non poden utilizar o transporte público colectivo.

TERCEIRA.- Formas de pagamento.

En función da clase de axuda de que se trate, o seu importe poderá facerse efectivo mediante ingreso directo ós respectivos provedores, arrendadores ou subministradores, mediante transferencia ou tarxeta social pre-pagamento ou ben, de forma excepcional, mediante cheque bancario.

O aboamento das axudas de transporte (“*bono-taxi*”) será efectuado a través dunha tarxeta prepagamento que se entregará a cada beneficiario/a. A súas normas de utilización figuran no modelo de solicitude (Anexo II.A).

CUARTA.- Persoas destinatarias.

O programa de prestacións non periódicas diríxese a aquelas persoas e familias que se atopan en situación de emerxencia social e que estean empadroadas no Concello de Vigo cunha antigüidade mínima de seis (6) meses. Poderá excepcionalmente xustificadamente este requisito en casos singulares e urxentes como poden ser as persoas en situación de necesidade extrema, as persoas estranxeiras refuxiadas ou con solicitude de asilo en trámite ou con autorización de estancia por razóns humanitarias así como as persoas acollidas en recursos de aloxamento institucional.



Concello de Vigo

As destinatarias das axudas de transporte (“*bono-taxi*”) serán aquelas persoas con diversidade funcional que teñan recoñecida unha discapacidade que afecte gravemente á súa mobilidade, impedíndolle a utilización do transporte público colectivo. En todo caso, o Concello de Vigo poderá denegar esta subvención a aquelas persoas das que teña constancia fidedigna de que a súa situación de dependencia lles impide tamén o desprazamento en taxi.

QUINTA.- Crédito orzamentario.

A concesión das prestacións axustarase á aplicación orzamentaria nº 2310.480.00.00 (“*Axudas a familias e fondo de emerxencia desahucios, bono-taxi*”).

As axudas que se concedan destinadas á adaptación dos fogares (eliminación de barreiras arquitectónicas, arranxo de deterioracións e de avarías imprescindibles para manter o uso da vivenda e/ou melloras da eficiencia enerxética da instalación), diríxense, preferentemente, a persoas que, pola súa idade ou discapacidade, teñan limitada a súa mobilidade e o gasto será contemplado na aplicación orzamentaria nº 2310.780.00.00 (“*Melloras en fogares*”).

Non obstante, de se producir un incremento na demanda que xere un gasto superior ó previsto, modificaranse as partidas na medida en que fose necesario, sempre que existan recursos financeiros suficientes e de acordo á normativa vixente en materia orzamentaria.

SEXTA.- Requisitos.

6.1. Os requisitos para acceder ás axudas de emerxencia do Concello de Vigo son os seguintes:

1º.- Ser maior de idade ou persoa menor emancipada.

2º.- Residir e estar empadroado/a no Concello de Vigo cunha antigüidade mínima de seis (6) meses, agás as excepcións indicadas na base cuarta. A inscrición no Padrón Municipal de Habitantes deberá estar necesariamente actualizada.

3º.- Non dispoñer de ingresos suficientes para afrontar os gastos extraordinarios derivados dunha situación de emerxencia social, debidamente acreditada.

4º.- Presentar a solicitude e toda a documentación acreditativa desa situación de necesidade ou ben autorizar ó Concello de Vigo (Servizo de Benestar social) para obter das Administracións Públicas e organismos públicos e privados a información e documentos necesarios para a tramitación da mesma.

Non se poderá acceder a estas axudas municipais:

a) Cando, de existir, non se teñan utilizado as canles que outras Administracións teñan establecido para atender este tipo de necesidades (RISGA, IMV, AIS, etc.).

b) Cando se perda o dereito a unha prestación pública recoñecida por causas imputables á persoa solicitante das axudas.

c) Cando non se teñan xustificando as axudas concedidas nos prazos establecidos en función da forma de pagamento (cheque bancario, transferencias e/ou tarxetas pre-pagamento).

Tendo en conta a natureza destas axudas sociais de emerxencia (que xa non teñen a natureza de “*subvencións públicas*”) e a situación de necesidade das persoas destinatarias, exceptúase o requisito de acreditar o cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social para obter a condición de beneficiario/a.

6.2. Os requisitos específicos para acceder ás axudas de transporte (“*bono-taxi*”) son:

- a) Estar empadroadas no municipio de Vigo cunha antigüidade mínima de seis (6) meses anterior á solicitude.
- b) Ter catro (4) anos de idade cumpridos no momento da presentación da solicitude da axuda.
- c) Ter recoñecida a condición legal de discapacidade que afecte gravemente á súa mobilidade, non podendo utilizar os transportes públicos colectivos e así se acredite no certificado oficial de discapacidade ou tarxeta acreditativa emitido polo Equipo de Valoración e Orientación (EVO) dependente da Consellería de Política Social e Xuventude da Xunta de Galicia (baremo Real Decreto 1971/1999 A, B, C ou a partir de 7 puntos polos apartados D, E, F, G, H).
- d) Non constar como titular de vehículo automóbil propio, o que, en todo caso, será obxecto de comprobación de oficio.
- e) Non dispor duns ingresos per cápita netos superiores a 2,5 do IPREM vixente (2022: IPREM = 579,02€/mes).

Para o cómputo dos recursos económicos terase en conta a renda *per cápita* da unidade familiar do/a solicitante.

A renda per cápita calcularase tendo en conta a totalidade dos rendementos netos derivados de:

1. Rendementos do traballo
2. Rendementos do capital mobiliario e inmobiliario
3. Rendementos das actividades económicas
4. Outros rendementos que consten na declaración.

Cando se presente declaración do imposto sobre a renda das persoas físicas terase en conta a base imponible xeral (435) e base imponible de aforro (460).

SÉTIMA.- Gastos e contías máximas.

1. Gastos susceptibles de axuda:

1º.- Gastos de vivenda, que inclúe:

- Gastos de aluguer, cando existan garantías de continuidade na vivenda.
- Créditos hipotecarios con entidades bancarias, en evitación de desafiuzamentos, sempre que non se disfrutase xa de axudas públicas por este concepto durante os períodos de adeudo.
- Débedas de comunidade.
- Mobiliario de primeira necesidade.
- Débedas de subministros: enerxía eléctrica, augas e gas.



Concello de Vigo

Non se concederán axudas de emerxencia para sufragar os gastos de aluguer correspondentes a vivendas de protección oficial de titularidade pública.

2º.- Alimentación básica, incluída a infantil, á venda en establecementos de alimentación.

3º.- Gastos de atención sanitaria non cubertos polo sistema público de saúde:

- Gastos de atención sanitaria para a adquisición de medicinas e pagamento de débedas xeradas por este concepto, na porcentaxe non cuberta polo sistema sanitario.
- Gastos de atención sanitaria non cubertos polo sistema público (adquisición, reparación e adaptación de lentes, ortopedia e próteses, etc.), acreditando a súa prescripción por un médico do sistema público de saúde.

4º.- Gastos persoais.

5º.- Aloxamentos (pensións, cuartos, etc.)

6º.- Gastos de transporte (“bono-taxi”) para as persoas con discapacidade que non poidan utilizar o transporte público colectivo.

As axudas concedidas con cargo a este Programa para gastos de vivenda, alimentación básica, atención sanitaria non cuberta polo sistema público de saúde, gastos persoais e de aloxamento, teñen carácter temporal e extraordinario para abordar situacións concretas de emerxencia social pero en ningún caso constitúen un complemento ordinario do importe das prestacións públicas que poidan percibirse periodicamente (RISGA, PNC, pensións, prestacións por desemprego...), polo que non serán atendidas as solicitudes reiteradas de axudas para os mesmos conceptos. Tampouco non poderán ser invogadas como precedente.

2. Contías mensuais máximas por todos os conceptos:

MEMBROS UNIDADE FAMILIAR	MÁXIMO ALIMEN-TOS/MES	MÁXIMO ALU-GUER/MES	MÁXIMO DOS ÚLTIMOS DOCE MESES POR TODOS OS CON-CEPTOS (*)
1	275€	420€	3.135€
2	385€	580€	3.630€
3	440€	630€	4.070€
4	495€	685€	4.400€
5	550€	735€	4.730€
6 ou máis	605€	790€	5.060€

(*) Gastos de vivenda, alimentación básica, atención sanitaria e gastos persoais. Estes límites poderán superarse en situacións excepcionais debidamente xustificadas.

Para as axudas que se concedan destinadas á adaptación dos fogares (eliminación de barreiras arquitectónicas, arranxo de deterioracións e de avarías imprescindibles para manter o uso da vivenda e/ou melloras da eficiencia enerxética da instalación), ata un máximo de 12.000 € por vivenda e ano.

3. Os importes das axudas para o transporte de persoas con discapacidade (“*bono-taxi*”) serán os seguintes:

CAPACIDADE ECONÓMICA	IMPORTE ANUAL DA AXUDA
Entre 0 e 600,00€	300,00 €
Entre 600,01€ e 850,00€	200,00 €
Entre 850,01€ e 1.447,55€	100,00 €

OITAVA.- Comisión de Valoración.

A Comisión de Valoración destas axudas estará integrada pola Xefa do Servizo (ou persoa en quen delegue) e dúas técnicas da Área de Benestar Social relacionadas con este programa de prestacións, que asumirán tamén a secretaría da mesma. Ademais, cando así o considere a Comisión, poderán formar parte dela as traballadoras sociais dos servizos sociais comunitarios básicos e/ou específicos.

NOVENA.- Procedemento de concesión e valoración.

O procedemento de concesión destas axudas iniciárase de oficio ou por instancia da persoa interesada presentada no Rexistro xeral municipal (Praza do Rei, 1) ou por calquera dos medios indicados no artigo 16.4 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento administrativo común das Admón. Públicas.

Virán acompañadas da documentación esixida e presentaranse no modelo oficial que corresponda (Anexo I / Anexo II). Estarán debidamente cubertas e asinadas pola persoa solicitante (maior de idade ou emancipada).

O prazo de presentación será desde o día seguinte á publicación oficial das Bases e a convocatoria no BOPPO e ata o 31 de decembro de 2023. Así mesmo publicaranse no taboleiro electrónico de anuncios e editos do Concello, nas Unidades de Traballo Social (UTS) e na páxina web do Concello de Vigo, debendo inserirse no “Portal de Transparencia e Bo Goberno” do Concello de Vigo <http://transparencia.vigo.org>

Correspóndelle ás traballadoras sociais das UTS ou programas específicos que resulten competentes en cada caso, informar, asesorar e orientar ás persoas interesadas en todo o relacionado cos requisitos, características, documentación necesaria, contías, etc. deste réxime de axudas, así como realizar posteriormente a valoración profesional de cada caso –membros da unidade familiar, problemática familiar, ingresos económicos, etc.- e remitir os seus informes á Comisión de Valoración.

Unha vez recibidos os correspondentes informes por parte das traballadoras sociais, a Comisión de Valoración formulará á proposta de resolución que proceda, de concesión ou denegación, segundo principios de igualdade, obxectividade e non discriminación, axustándose a estas Bases tanto no que se refire á natureza das axudas como ás súas contías.



Concello de Vigo

En casos excepcionais debidamente xustificados, a profesional correspondente e a responsable do programa poderán propoñer a contía e o aboamento dunha axuda, cando a situación non permita demorar-se ata o pronunciamento da Comisión de Valoración, a quen elevará dita concesión na primeira reunión que teña lugar.

A Concellería delegada da Área de Política de Benestar Social será a competente para resolver sobre a aprobación ou denegación destas axudas. Esta Resolución será notificada regulamentariamente ás persoas interesadas nos termos previstos nos artigos 40 e seguintes da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento administrativo común das Admóns. Públicas.

Unha vez concedida a axuda, a persoa beneficiaria deberá asinar o recibín e disporá dun prazo de dez (10) días desde a recepción da mesma para presentar a xustificación perante a traballadora social da zona, mediante facturas ou documentos acreditativos do gasto realizado. Exceptúanse desta obriga os pagamentos que se realicen directamente polo Concello ás persoas arrendadoras (alugueres), entidades bancarias (cotas hipotecarias) e compañías subministradoras (luz, auga, gas, etc.)

No caso das axudas de transporte (“*bono-taxi*”) as persoas beneficiarias deberán recoller a tarxeta prepagamento no prazo indicado nestas Bases.

DÉCIMA.- Solicitud e documentación das axudas de transporte (“*bono-taxi*”).

Estas axudas serán solicitadas polas persoas que pretendan ser usuarias ou por quen ostente a súa representación, nos supostos de menores de idade ou persoas con declaración de incapacidade.

A solicitude implicará a autorización ó Concello de Vigo para que realice as actuacións de comprobación que resulten procedentes, ós efectos de verificar a información facilitada polas persoas solicitantes, a concorrencia dos requisitos esixidos e o cumprimento das obrigas da persoa beneficiaria derivadas da concesión.

A solicitude, formulada segundo o modelo do Anexo II.A, irá acompañada da seguinte documentación:

- 1) DNI do/a solicitante e, no seu caso, tamén do representante legal e documentación acreditativa da patria potestade ou representante legal do/a menor (libro de familia ou resolución xudicial).
- 2) Certificado oficial de discapacidade ou tarxeta acreditativa do grao de discapacidade expedido polo Equipo de Valoración e Orientación, no que conste na súa valoración de mobilidade que ten dificultade para a utilización do transporte público colectivo.

Aquelas persoas que teñen a certificación definitiva do EVO e xa solicitasen a axuda en anos anteriores non terán que presentala de novo.

- 3) Xustificación documental dos recursos económicos:

3.1) Teranse en conta os ingresos da persoa solicitante que achegará, en todo caso:

- Certificado anual dos ingresos percibidos no último ano, das pensións da Seguridade Social, subsidio de desemprego, pensións non contributivas, RISGA ou calquera outra prestación pública que se estea a percibir (*).

Teranse en conta os ingresos anuais correspondentes o derradeiro exercicio do IRPF.

- Declaración de IRPF do último exercicio de todos os membros da unidade familiar (*).

(*) Só no caso de que o solicitante non autorice ó Concello de Vigo para obter doutras Admóns. e organismos públicos e privados a información necesaria para tramitar e resolver a solicitude, incluída a AEAT.

3.2) Se a persoa solicitante tivese cónxuxe ou parella de feito, entenderase como renda persoal a metade da suma dos ingresos netos da parella e terán que achegar a mesma documentación cá solicitante.

(*) Só no caso de que o solicitante non autorice ó Concello de Vigo para obter doutras Admóns. e organismos públicos e privados a información necesaria para tramitar e resolver a solicitude, incluída a AEAT.

3.3) Se o solicitante carece de ingresos ou é menor de idade, valoraranse os ingresos da/s persoa/s da/s que dependa economicamente (pai, nai, fillo, titores, etc.). Achegarase a declaración da renda das persoas das que dependa (*).

(*) Só no caso de que as persoas das que dependa o menor de idade non autoricen ó Concello de Vigo para obter doutras Admóns. e organismos públicos e privados a información necesaria para tramitar e resolver a solicitude, incluída a AEAT.

4) Aceptación da cesión de datos de carácter persoal á entidade encargada de emitir as tarxetas “bono-taxi”, segundo modelo Anexo II.B.

O Servizo de Benestar social poderá solicitar calquera outra documentación que se considere conveniente na instrución do procedemento.

DÉCIMO PRIMEIRA.- Solicitude de fondos.

Por solicitude do Servizo de Benestar Social realizarase o correspondente expediente de gastos a xustificar para a execución destas axudas en relación á súa conta delegada número ES90 2080 5000 6731 1024 2616 o importe das cantidades solicitadas con cargo ás aplicacións núms. 2310.480.00.00 e 2310.780.00.00.

DÉCIMO SEGUNDA.- Obrigas das persoas beneficiarias.

1. Aplicar as prestacións ás finalidades para as que foron concedidas.
2. Permitir e facilitar o labor do persoal designado para comprobar a situación económica e familiar dos posibles beneficiarios.
3. Comunicar os cambios que puidesen dar lugar á modificación, suspensión ou acumulación das axudas solicitadas.
4. Comunicar inmediatamente ó Servizo de Benestar Social calquera cambio que puidese afectar ás axudas solicitadas e, en especial, os de domicilio e teléfono de contacto e, de ser o caso, a identidade dos novos arrendadores, entidade financeira ou compañías subministradoras e dos datos necesarios para poder efectuarlles os ingresos directos que procedan (alugueres, cotas hipotecarias, subministracións).
5. Reintegrar o importe da axuda indebidamente percibida ou en contía indebida.



Concello de Vigo

6. Cumprir as condicións e obrigas específicas determinadas en cada caso pola profesional de traballo social correspondente.
7. Presentar as facturas xustificativas da axuda recibida no prazo indicado para tal efecto, cando proceda.
8. No caso das axudas de transporte (“*bono-taxi*”), as persoas beneficiarias terán un prazo dun (1) mes para retirar a súa tarxeta desde o día seguinte ó da notificación da concesión. De non facelo nese prazo, a tarxeta anularase.

DÉCIMO TERCEIRA.- Protección de datos e publicidade das axudas concedidas.

En cumprimento do Regulamento (UE) 2016/679 sobre protección de datos de carácter persoal, da Lei Orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de Protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais e das demais disposicións vixentes nesta materia, infórmase que os datos persoais das persoas solicitantes, dos seus representantes e do resto dos integrantes da unidade de convivencia serán incorporados ós correspondentes ficheiros municipais baixo a responsabilidade do Concello de Vigo e ás bases de datos de xestión municipal e de Benestar social (XIESS). A finalidade da súa recollida e tratamento é a instrución do procedemento para a concesión das axudas obxecto destas Bases, a práctica das publicacións, comunicacións e notificacións de obrigado cumprimento, o seguimento e comprobación da actividade e as demais actuacións previstas na normativa reguladora aplicable.

Poderán ser cedidos a outras Administracións, organismos e institucións, asumindo estas as obrigas dos responsables de tratamento de datos. Tamén poderán ser cedidos en cumprimento dun mandato legal ou xudicial e verificados e cotexados con calquera outros dos que as demais Administracións dispoñan a fin de comprobar a súa exactitude e veracidade. A base lexitimadora do tratamento previsto reside no consentimento expreso dos/as usuarios/as e no exercicio lexítimo das competencias municipais atribuídas pola normativa de réxime local e sectorial de servizos sociais. As persoas interesadas poden exercer os dereitos de acceso, rectificación, supresión, oposición, limitación do tratamento e portabilidade así como opoñerse á toma de decisións individuais automatizadas, incluída a elaboración de perfís, na forma prevista na normativa vixente, perante o órgano responsable do ficheiro (Concello de Vigo). Así mesmo, teñen dereito a presentar unha reclamación perante a Axencia Española de Protección de Datos (www.aepd.es). Disporán de máis información na web municipal ou contactando co delegado de protección de datos no enderezo: dpd.vigo@vigo.org

Tendo en conta a natureza e obxecto destas axudas de emerxencia social a persoas sen recursos e a persoas con diversidade funcional non será obxecto de publicación a súa concesión, toda vez que a mesma estímase contraria ó respecto e salvagarda do honor e a intimidade persoal e familiar das persoas físicas en virtude do establecido na Lei Orgánica 1/1982, do 5 de maio, de protección civil do dereito ó honor, á intimidade persoal e á propia imaxe. Con todo, o Concello deberá facilitar a información procedente á AEAT (Modelo 190).

DÉCIMO CUARTA.- Seguimento e efectividade das prestacións.

En cumprimento do establecido na Base nº 38 das de execución do orzamento xeral, corresponderá á Área Benestar Social realizar os seguimentos que procedan en orde á correcta aplicación dos fondos percibidos polos perceptores das referidas axudas, debendo emitirse informe coa periodicidade necesaria, especificando perceptores, importe da axuda, causa e finalidade, co visto e prace da Concellería delegada.

DÉCIMO QUINTA.- Recursos.

Contra estas Bases e as resolucións administrativas que se adopten na súa execución poderá interpoñerse, potestativamente, recurso de reposición perante o mesmo órgano que as aprobou no prazo dun (1) mes ou, directamente, recurso contencioso-administrativo perante os xulgados do contencioso-administrativo de Vigo, no prazo de dous (2) meses. Os prazos contaránse a partir do día seguinte ó das respectivas publicacións ou notificacións oficiais.

3(1076).- EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN DE SERVIZOS DO “PROGRAMA DE COIDADORES DE BARRIO DO SERVIZO DE BENESTAR SOCIAL”. EXPTE. 241946/301.

Visto o informe xurídico do 15/12/2022 e o informe de fiscalización do 23/12/2022, dáse conta do informe-proposta de data 24/11/2022, asinado pola xefa de Benestar Social, o xefe de Área, o asesor xurídico adxunto á Xefatura de Benestar Social, a concelleira-delegada de Política Social e polo concelleiro-delegado de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

I. ANTECEDENTES

I.1. Mediante Resolución do 22.09.2022 a Concelleira de Política de Benestar Social acordou incoar expediente administrativo para a contratación do «PROGRAMA DE COIDADORES DE BARRIO DO SERVIZO DE BENESTAR SOCIAL (CONCELLO DE VIGO)» que deberá estar operativo a partir do 15.06.2023 (data de finalización do actual), encomendando a súa tramitación ós servizos técnicos, xurídicos e administrativos da Concellería delegada da Área de Política de Benestar Social.

I.2. No expediente tramitado para o efecto consta, ademais, a seguinte documentación:

- Informe xustificativo da necesidade e idoneidade do contrato, asinado polo Xefe de Área de Benestar Social e a Concelleira de Política de Benestar Social o 22.09.2022.
- Memoria xustificativa do contrato, asinada o 15.11.2022 polo Xefe de Área de Benestar Social e a Concelleira delegada (trámite nº 43).
- Memoria económica, asinada o 15.11.2022 polo Xefe de Área de Benestar Social e a Concelleira delegada (trámite nº 34).
- Prego de Prescricións Técnicas, asinado o 17.10.2022 pola Xefa de Servizo de Benestar Social e o 18.10.2022 polo Xefe de Área de Benestar Social (trámite nº 15).
- Declaración do redactor do Prego técnico, asinada o 15.11.2022 (trámite nº 49).
- Documento económico (RCFUT1 98731), asinado polo responsable da Contabilidade municipal, de data 29.09.2022 (trámite nº 10).



Concello de Vigo

- Informe da Técnica de Administración Xeral e da Xefa do Servizo de Contratación do 16.11.2022 (trámite nº 52) sobre a comprobación da documentación esixida pola normativa de contratación pública.
- Prego de Cláusulas Administrativas Particulares para a contratación por procedemento aberto do «PROGRAMA DE COIDADORES DE BARRIO DO SERVIZO DE BENESTAR SOCIAL (CONCELLO DE VIGO)», asinado o 16.11.2022 pola Técnica de Administración Xeral e a Xefa do Servizo de Contratación (trámite nº 53).

II. NORMATIVA RELACIONADA

- LCSP (L.9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector público).
- RXC (RD.1098/2001, do 12 de outubro, Regulamento xeral da Lei de contratos das Admóns. Públicas), no que non se opoña á LCSP.
- RD.817/2009, do 8 de maio, Regulamento de desenvolvemento parcial da LCSP.
- TRLRFL (RDLex.2/2004, do 5 de marzo, Texto refundido da Lei reguladora das Facendas locais).
- RSCL (Decreto do 17 de xuño de 1955, polo que se aproba o Regulamento de servizos das corporacións locais).
- LRBRL (L.7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime local).
- TRRL (RDLex. 781/1986, do 18 de abril, Texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de Réxime local).
- L.27/2013, do 27 de decembro, de Racionalización e Sostibilidade da Admón. local.
- L.5/2014, do 27 de maio, de medidas urxentes derivadas da entrada en vigor da Lei 27/2013, do 27 de decembro, de racionalización e sustentabilidade da Administración Local.
- L.19/2013, do 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno.
- LALGA (L.5/1997, do 22 de xullo, de Administración local de Galicia).
- L.13/2008, do 3 de decembro, Lei de servizos sociais de Galicia.
- L.39/2006, do 14 de decembro, de promoción da autonomía persoal e atención ás persoas en situación de dependencia.
- Decreto 156/2007, de 19 de julio, polo que se regula o procedemento para a calificación das empresas de inserción laboral, se crea o seu rexistro administrativo e se establecen as medidas para o fomento da inserción sociolaboral.
- Decreto 254/2011, do 23 de decembro, polo que se regulan o rexistro, autorización, acreditación e a inspección dos servizos sociais en Galicia (DOG nº 14 do 20/10/2012).
- Decreto 99/2012, do 16 de marzo, polo que se regulan os servizos sociais comunitarios e o seu financiamento (DOG nº 63 do 30/03/2012).
- Plan anual de contratación do Concello de Vigo para o exercicio 2022 (<https://transparencia.vigo.org>).
- Bases de execución do Orzamento xeral – Concello de Vigo.

III. INFORME

III.1. O «PROGRAMA DE COIDADORES DE BARRIO DO SERVIZO DE BENESTAR SOCIAL (CONCELLO DE VIGO)» ten os seguintes obxectivos xerais:

1. Prestar un servizo á cidadanía de Vigo máis vulnerable e con maiores dificultades de inclusión por razóns de idade, limitacións de mobilidade, discapacidades, carencia de rede familiar e/ou social, etc.,

a fin de que poidan realizar unha vida o máis normalizada posible, saír do seu aillamento e ampliar a súa rede social.

2. Garantir a protección dos dereitos das persoas maiores.

3. Promover o desenvolvemento dunha existencia digna e autónoma no medio habitual da persoa e en todos os ámbitos da vida, en condicións de igualdade de oportunidades, non discriminación e accesibilidade universal.

4. Incorporar ó mercado laboral a persoas en situación ou risco de exclusión social para que se convirtan en axentes activos do seu propio proceso de empregabilidade.

III.2. O Concello de Vigo carece dos medios humanos e técnicos necesarios para a prestación directa das actividades previstas neste Programa, polo que resulta absolutamente indispensable recorrer á súa contratación cunha empresa cualificada (Art. 116.4.f] LCSP). Ata o 15.06.2023 o Programa executárase nos termos previstos no contrato celebrado no mes de xuño de 2020 co actual contratista, “E.I.L. CORMO INTEGRAL S.L.U.” (Exp. nº 194221/301).

III.3. Este contrato non está incluído no Plan anual de contratación do Concello de Vigo para o exercicio 2022, aprobado pola Xunta de Goberno Local o 13.01.2022 (Exp. nº 6652/241).

III.4. De acordo co disposto no Art 116.1 da LCSP, o expediente de contratación iniciárase polo órgano de contratación. No Concello de Vigo esta competencia está delegada nos/as respectivos/as concelleiros/as de Área en virtude das Resolucións da Alcaldía – Presidencia do 18.06.2019, de estruturación dos servizos corporativos do Concello de Vigo e do 26.06.2019, de delegación de competencias (2019-2023) nos/as concelleiros/as delegados/as de Área e do Acordo da XGL do 20.06.2019, polo que se delega nos/ concelleiros/as de Área, entre outras, a competencia para iniciar os expedientes de contratación na súas respectivas áreas competenciais (Apdo. Segundo, pto. 6). A Concelleira da Área de Política de Benestar Social, en Resolución do 22.09.2022, autorizou o inicio deste expediente de contratación.

III.5. Constan nel, tal como esixe o Art. 116 da LCSP, a xustificación da necesidade do contrato, o Prego de Prescricións Técnicas, redactado polas Xefaturas de Servizo e Área de Benestar Social, o Prego de Cláusulas Administrativas Particulares redactado polo Servizo de Contratación e a demais documentación preceptiva, como así se reflicte no informe da TAX e da Xefa do Servizo de Contratación do 16.11.2022, sobre a comprobación da documentación esixida pola normativa de contratación pública.

III.6. Ó abeiro do disposto no Art. 29.4 pfo. 1º da LCSP, a duración do contrato será de tres (3) anos, con posibilidade de dúas (2) prórrogas dun (1) ano. A data prevista de inicio do novo contrato é o 16.06.2023.

III.7. Tendo en conta a súa contía (valor estimado = 2.807.607,41€), o procedemento proposto para esta contratación é o procedemento aberto (tramitación ordinaria), suxeito a regulación harmonizada (Arts. 22 LCSP) e reservado a Empresas de Inserción (Disp. Adic. 4ª LCSP). O contrato é susceptible de recurso especial en materia de contratación (Art. 22 LCSP; Cláusula 10 e Apdos. 1.G, 1.H, 1.I, 1.J e I.K das FEC).



Concello de Vigo

III.8. O prezo do contrato é de 1.853.020,89 €, IVE incluído, dos que 1.684.564,45 € corresponden ó prezo e 168.456,44 € ó IVE. O gasto poderá financiarse con cargo á aplicación orzamentaria n.º 2310.227.99.02 (“Programa de inserción laboral”).

III.9. O Art. 116.3, último pfo., da LCSP establece tamén que ó expediente se incorporará o certificado de existencia de crédito, documento que achegará a Intervención xeral municipal, quen ademais deberá fiscalizar o expediente antes da súa aprobación.

III.10. Propónse tramitar este expediente como anticipado de gasto, de acordo co previsto, especificamente, no Art. 117.2 da LCSP e na Base de execución nº 29, no que se sinala que:

“Ao abeiro do previsto no artigo 117.2 da LCSP, de 8 de novembro, poderán poderán tramitarse anticipadamente expedientes de gasto, cando estea presentado na Intervención Xeral o proxecto de orzamento xeral para o exercicio seguinte ao actual, así como no caso de modificacións de créditos. Tamén poderán tramitarse como expedientes anticipados de gasto no suposto que exista normalmente crédito adecuado e suficiente nos orzamentos e teña carácter de prorrogable por tratarse de gastos ou prestacións de tracto sucesivo. A tramitación dun expediente anticipado de gasto obriga a súa dotación orzamentaria, xa que agora non require que figure no PCAP a condición suspensiva de existencia de crédito adecuado e suficiente no orzamento, polo que resulta vinculante”.

III.11. Para estes efectos, faise constar que en sesión extraordinaria e urxente da Xunta de Goberno Local do 03.11.2022 foi aprobado o Proxecto de orzamento xeral do Concello de Vigo para o ano 2023 (Expte. 76/142) que inclúe a aplicación nº 2310.227.99.02 (“Programa de inserción laboral”) coa que se financiaría nese ano o Programa. A súa aprobación inicial polo Pleno foi xa ditaminada favorablemente pola Comisión Informativa de Orzamentos e Facenda na súa sesión extraordinaria e urxente do 15.11.2022.

III.12. A competencia para aprobar o expediente de contratación correspóndelle á Xunta de Goberno Local, na súa calidade de órgano de contratación, conforme co previsto na Disposición adicional segunda, apdos. 4º e 11º da LCSP en relación co seu Art. 117. A resolución, segundo o Art. 117.1 da LCSP, deberá ser motivada e comprenderá a aprobación do expediente de contratación, do gasto que representa e a apertura do procedemento de adxudicación.

IV. PROPOSTA DE ACORDO

Visto o que antecede e a normativa de aplicación, propónse á Xunta de Goberno Local, previo informe da Asesoría xurídica do Concello (Disposición adicional oitava LRBRL e Disposición adicional terceira, Apdo. 8º LCSP) e da Intervención xeral municipal (Disposición adicional terceira, Apdo. 3º LCSP e Art. 214 TRLRFL), a adopción do seguinte,

«ACORDO

PRIMEIRO.- Aprobar o expediente de contratación, por procedemento aberto reservado a Empresas de Inserción (Disp. Adic. 4ª), do «PROGRAMA DE COIDADORES DE BARRIO DO SERVIZO DE BENESTAR SOCIAL (CONCELLO DE VIGO)», que inclúe a xustificación da necesidade do contrato, as Memorias xustificativa e económica (trámites núms. 43 e 34), o Prego de Prescricións Técnicas (trámite n.º 15), o Prego de Cláusulas Administrativas Particulares, do 16.11.2022 (trámite n.º 53), o

documento económico emitido polo Servizo de Contabilidade (trámite n.º 10) e a demais documentación esixida pola normativa de contratos do sector público.

SEGUNDO.- Autorizar a tramitación deste expediente como anticipado de gasto, de acordo co previsto no Art. 117.2 da LCSP (L.9/2017) e na Base de execución do orzamento xeral municipal nº 29.

TERCEIRO.- Aprobar o gasto derivado deste contrato (1.853.020,89€, IVE incl.), que se imputará á aplicación orzamentaria nº 2310.227.99.02 (“*Programa de inserción laboral*”) dos orzamentos municipais, coa seguinte distribución por anualidades:

–2023: 334.573,22€.
–2024: 617.673,63€.
–2025: 617.673,63€.
–2026: 283.100,41€.

CUARTO.- Dispoñer a apertura do procedemento de adxudicación na forma legalmente prevista».

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

4(1077).- EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN DE SERVIZOS DE “DESENVOLVEMENTO DA ADAPTACIÓN DA PLATAFORMA INFORMÁTICA DO SERVIZO DE BENESTAR SOCIAL PARA A TRANSMISIÓN DE INFORMACIÓN Á AXENCIA ESTATAL TRIBUTARIA”. EXPTE. 246353/301.

Visto o informe xurídico do 23/12/2022 e o informe de fiscalización do 26/12/2022, dáse conta do informe-proposta de data 19/12/2022, asinado polo xefe de Área de Benestar Social, o asesor xurídico adxunto á Xefatura, a concelleira-delegada de Política Social e polo concelleiro-delegado de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

I. ANTECEDENTES

I.1. Mediante Resolución do 05.12.2022 a Concelleira delegada de Política de Benestar Social acordou iniciar o procedemento de contratación para a tramitación do contrato de servizos consistente no «DESENVOLVEMENTO DA ADAPTACIÓN DA PLATAFORMA INFORMÁTICA DO SERVIZO DE BENESTAR SOCIAL PARA A TRANSMISIÓN DE INFORMACIÓN Á AEAT (MODELOS 111 E 190)», encomendándolla ós servizos técnicos, xurídicos e administrativos da Concellería delegada de Política de Benestar Social, en coordinación cos Servizos de Admón. Electrónica e Contratación.

I.2. No expediente tramitado para o efecto consta, ademais, a seguinte documentación:

- Informe xustificativo da necesidade da contratación asinado polo Xefe de Área de Benestar Social e a súa Concelleira delegada o 05.12.2022 (trámite n.º 3).



Concello de Vigo

- Prego de Prescricións Técnicas (PPT) asinado o 13.12.2022 polo Xefe de Área de Benestar Social e o Xefe de Servizo de Administración electrónica (trámite n.º 15).
- Declaración de neutralidade do redactor do PPT (Xefe de Área), asinado o 16.12.2022 (trámite n.º 21).
- Memoria Xustificativa para a contratación do servizo, asinada o 13.12.2022 pola Xefa de Servizo de Benestar Social, o Xefe de Área de Benestar Social, o Xefe de servizo de Administración electrónica e as Concelleiras delegadas de Política de Benestar Social e de Seguridade, Contratación e Xestión municipal (trámite n.º 14).
- Memoria económica asinada o 12.12.2022 polo Xefe de Área de Benestar Social e a Concelleira de Política de Benestar Social (trámite n.º 8).
- Documentos económicos (RCFUT 131997), asinados polo responsable da Contabilidade municipal o 12.12.2022 (trámite n.º 11).
- Informe da Xefa do Servizo de contratación do 16.12.2022 sobre comprobación da documentación esixida pola normativa de contratación pública (trámite n.º 23).
- Prego de Cláusulas Administrativas Particulares (PCAP) para a contratación do servizo por procedemento aberto, asinado pola Xefa do servizo de Contratación o 16.12.2022 (trámite n.º 24).

II. NORMATIVA RELACIONADA

- LCSP (L.9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector público).
- RXC (RD.1098/2001, do 12 de outubro, Regulamento xeral da Lei de contratos das Admóns. Públicas), no que non se opoña á LCSP.
- RD.817/2009, do 8 de maio, Regulamento de desenvolvemento parcial da LCSP.
- TRLRFL (RDLex.2/2004, do 5 de marzo, Texto refundido da Lei reguladora das Facendas locais).
- RSCL (Decreto do 17 de xuño de 1955, polo que se aproba o Regulamento de servizos das corporacións locais).
- LRBRL (L.7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime local).
- TRRL (RDLex. 781/1986, do 18 de abril, Texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de Réxime local).
- L.27/2013, do 27 de decembro, de Racionalización e Sostibilidade da Admón. local.
- L.5/2014, do 27 de maio, de medidas urxentes derivadas da entrada en vigor da Lei 27/2013, do 27 de decembro, de racionalización e sustentabilidade da Administración Local.
- L.19/2013, do 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno.
- LALGA (L.5/1997, do 22 de xullo, de Administración local de Galicia).
- L.13/2008, do 3 de decembro, Lei de servizos sociais de Galicia.
- Plan anual de contratación do Concello de Vigo para o exercicio 2022 (<https://transparencia.vigo.org>).
- Bases de execución do Orzamento xeral – Concello de Vigo.

III. INFORME

III.1. O obxecto deste contrato é o «DESENVOLVEMENTO DA ADAPTACIÓN DA PLATAFORMA INFORMÁTICA DO SERVIZO DE BENESTAR SOCIAL PARA A TRANSMISIÓN DE INFORMACIÓN Á AEAT (MODELOS 111 E 190)».

III.2. Preténdese o desenvolvemento da adaptación da Plataforma informática do Servizo de Benestar Social á modificación operada na L.9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, pola L.4/2021, do 28 de xaneiro, de medidas fiscais e administrativas, en virtude da que as axudas sociais de contido económico deixaron de considerarse como “*subvencións públicas*”, polo que xa non é preciso a súa comunicación á Base de Datos Nacional de Subvencións (BDNS) pero sí á AEAT.

III.3. A modificación derivada dese recente cambio normativo afecta a todos os módulos da Plataforma que xestionan axudas económicas (axudas de emerxencia social, bolsas de libros e comedor, “*bono-taxi*”, etc.), interacciona coa contabilidade municipal e a AEAT e obriga a introducir na Plataforma informática do Servizo de Benestar Social unha serie de modificacións e a implementar unhas novas funcionalidades que permitan a transmisión automatizada da información requirida nos Modelos 111 e 190.

III.4. Este contrato non está contemplado na planificación da contratación do Servizo de Benestar Social remitido para aprobación do Plan anual de contratación 2022, aprobado pola Xunta de Goberno Local o 13.01.2022 (Exp. nº 6652/241).

III.5. O desenvolvemento informático requirido para este contrato implica a necesidade de contar cun equipo de perfís profesionais moi determinado do que se carece e dunha importante cantidade de horas de traballo coas que non conta o Servizo municipal de Administración Electrónica (Art. 116.4.f] LCSP).

III.6. Por outra banda, faise constar que, atendendo ó Art. 157.3 da L.40/2015, do 1 de outubro, de Réxime xurídico do Sector público (“*Reutilización de sistemas e aplicacións de propiedade da Administración*”), consultado o directorio xeral de aplicacións dependente da Administración Xeral do Estado, non se atopa no mesmo ningunha aplicación que cubra as necesidades expostas no PPT do presente contrato.

III.7. De acordo co disposto no Art 116.1 da LCSP, o expediente de contratación iniciárase polo órgano de contratación. No Concello de Vigo esta competencia está delegada nos/as respectivos/as concelleiros/as de Área en virtude das Resolucións da Alcaldía – Presidencia do 18.06.2019, de estruturación dos servizos corporativos do Concello de Vigo e do 26.06.2019, de delegación de competencias (2019-2023) nos/as concelleiros/as delegados/as de Área e dos Acordos da XGL do 20.06.2019 e do 18.08.2020, polos que se delega nos/ concelleiros/as de Área, entre outras, a competencia para iniciar os expedientes de contratación na súas respectivas áreas competenciais (Apdo. Segundo, pto. 6). A Concelleira da Área de Política de Benestar Social, en Resolución do 05.12.2022, autorizou o inicio deste expediente de contratación.

III.8. Constan nel, tal como esixe o Art. 116 da LCSP, a xustificación da necesidade do contrato, o Prego de Prescricións Técnicas, redactado polas Xefaturas de Servizo de Admón. electrónica e de Área de Benestar Social, o Prego de Cláusulas Administrativas Particulares, redactado polo Servizo de Contratación e a demais documentación preceptiva, como así se reflicte no informe da Xefa de Servizo dese Servizo de data 16.12.2022 sobre a comprobación da documentación esixida pola normativa de contratación pública.



Concello de Vigo

III.9. Ó abeiro do disposto no Art. 29.4 pfo. 1º da LCSP, a duración deste contrato será de seis (6) meses desde a súa sinatura e a data prevista de inicio é o 15.02.2023.

III.10. O orzamento base de licitación é de 87.493,81€, IVE incl. e o seu valor estimado de 72.308,94€. O procedemento proposto para esta contratación é o procedemento aberto, con tramitación ordinaria (Art. 22 LCSP).

III.11. O Art. 116.3, último pfo., da LCSP establece tamén que, ademais de incorporar ó expediente o/s certificado/s de existencia de crédito, deberá ser obxecto, antes da súa aprobación, de fiscalización previa por parte da Intervención xeral municipal.

III.12. A competencia para aprobar o expediente de contratación correspóndelle á Xunta de Goberno Local, na súa calidade de órgano de contratación, conforme co previsto na Disposición adicional segunda, apdos. 4º e 11º da LCSP en relación co seu Art. 117. A resolución, segundo o Art. 117.1 da LCSP, deberá ser motivada e comprenderá a aprobación do expediente de contratación, do gasto que representa e a apertura do procedemento de adxudicación.

IV. PROPOSTA DE ACORDO

Visto o que antecede e a normativa de aplicación, propónse á Xunta de Goberno Local, previo informe da Asesoría xurídica do Concello (Disposición adicional oitava LRBRL e Disposición adicional terceira, Apdo. 8º LCSP) e da Intervención xeral municipal (Disposición adicional terceira, Apdo. 3º LCSP e Art. 214 TRLRFL), a adopción do seguinte,
«ACORDO

PRIMEIRO.- Aprobar o expediente de contratación, por procedemento aberto, para o «DESENVOLVEMENTO DA ADAPTACIÓN DA PLATAFORMA INFORMÁTICA DO SERVIZO DE BENESTAR SOCIAL PARA A TRANSMISIÓN DE INFORMACIÓN Á AEAT (MODELOS 111 E 190)», que inclúe a xustificación da necesidade do contrato (trámite n.º 3), o Prego de Prescricións Técnicas (trámite n.º 15), o Prego de Cláusulas Administrativas Particulares (trámite n.º 24), os documentos económicos emitidos polo Servizo de Contabilidade (trámite n.º 11) e a demais documentación esixida pola normativa de contratos do sector público.

SEGUNDO.- Autorizar a tramitación deste expediente como anticipado de gasto, de acordo co previsto no Art. 117.2 da LCSP (L.9/2017) e na Base de execución do orzamento xeral municipal nº 29.

TERCEIRO.- Aprobar o gasto derivado deste contrato (87.493,81 €, IVE 21% incl.), que se imputará á aplicación orzamentaria nº 2310.227.99.05 dos orzamentos municipais (“*Outros traballos prestados por empresas*”) e a súa bolsa de vinculación.

CUARTO.- Dispoñer a apertura do procedemento de adxudicación na forma legalmente prevista».

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

5(1078).- ADXUDICACIÓN DA CONTRATACIÓN DO SUBMINISTRO DE PRODUTOS DE FERRAXERÍA, FONTANERÍA, FECHADURAS, FERRAMENTAS, PEQUENAS MÁQUINAS E SIMILARES PARA A CONCELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE E VIDA SAUDABLE. EXPTE. 11475/612.

Visto o informe de fiscalización do 20/12/2022, dáse conta da proposta da Mesa de Contratación de data 19/12/2022, que di o seguinte:

11.- Propostas de adxudicación

a) Procedemento aberto simplificado para a contratación do subministro de produtos de ferraxería, fontanería, fechaduras, ferramentas, pequenas máquinas e similares para a Concellería de Medio Ambiente e Vida Saudable (11.475-612)

LEXISLACIÓN APLICABLE

- Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014
- Real decreto 817/2009, de 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, de 30 de outubro, de contratos do sector público (RLCSP)
- Real decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o regulamento xeral da Lei de contratos das Administracións Públicas (RLCAP), no que non se opoña ao Real decreto legislativo 3/2011
- Prego de cláusulas administrativas particulares que rexe o procedemento aberto simplificado para a contratación do subministro de produtos de ferraxería, fontanería, fechaduras, ferramentas, pequenas máquinas e similares para a Concellería de Medio Ambiente e Vida Saudable (11.475-612)

ANTECEDENTES

Primeiro.- Con data do 20 de outubro de 2022 a Xunta de Goberno local, acordou:

“PRIMEIRO.- Aprobar a contratación a través de procedemento aberto e tramitación ordinaria do subministro de ferraxería, fontanería, fechaduras, ferramentas, pequenas máquinas e similares para a Concellería de Medio Ambiente. (exp.11475-612)

SEGUNDO.- Aprobar o prego de prescricións técnicas que rexerá a contratación, redactado polo Director de Réxime Interior de VigoZoo con data 19/09/22 e o prego de cláusulas administrativas particulares, redactado pola Técnica de Administración Xeral-Contratación con data 27/09/22.

TERCEIRO.- Autorizar o gasto por un importe máximo de 52.994,96 €, sendo o importe correspondente ao IVE a soportar pola Administración (9.197,47 €). O financiamento do contrato de subministro será a cargo da partida 3371.221.99.01, 172.1.221.99.00 e 311.0.221.99.00.



Concello de Vigo

CUARTO.- Abrir o procedemento licitatorio para a selección do contratista na forma prevista na lexislación vixente”.

Segundo.- A Mesa de Contratación na sesión que tivo lugar o 17 de novembro de 2022, adoptou o seguinte acordo:

“Primeiro.- Clasificar, de acordo cos criterios de adjudicación sinalados no prego, a proposición admitida neste procedemento aberto simplificado para a contratación do subministro de produtos de ferraxeira, fontanería, fechaduras, ferramentas, pequenas máquinas e similares para a Concillería de Medio Ambiente e Vida Saudable (11.475-612) na seguinte orde descendente:

	Licitador	Baixa proporcional única
1º	INTERNACO GREEN SPACE, S.L.	40%
2º	SUMINISTROS PUNTO FIJO, S.L.	21%

Segundo.- Requirir ao licitador clasificado en primeiro lugar, INTERNACO GREEN SPACE, S.L. (B-70.607.122), para que presente, no prazo de sete días hábiles, unicamente a documentación non recollida no Rexistro de Licitadores e Empresas Clasificadas do Sector Público (cláusulas 8 e 22.1 do PCAP):

- 1. Documentación acreditativa da representación: poder outorgado a favor de quen subscribiu a proposición, xunto cunha copia do Documento Nacional de Identidade.*
- 2. Acreditación da solvencia económica e técnica esixida no apartado 5 das FEC.*
- 3. Acreditación da constitución garantía definitiva esixida no apartado 9 das FEC.*
- 4. Acordo de confidencialidade e para a autorización do acceso á rede do Concello de Vigo, conforme ao modelo incluído no Anexo IV.*
- 5. Declaración responsable designando ao seu delegado coas funcións descritas na cláusula 28.6 do PCAP, conforme ao modelo incluído no Anexo IV”.*

Terceiro.- Este acordo foi notificado o día 17 de novembro de 2022 ao licitador clasificado en primeiro lugar, INTERNACO GREEN SPACE, S.L. (B70607122), quen, dentro do prazo concedido, non presenta ningunha da documentación requirida.

Á vista do anterior, a Mesa, na sesión do 1 de decembro de 2022, entende retirada a oferta de INTERNACO GREEN SPACE, S.L. e acorda, por unanimidade, solicitar a mesma documentación ao licitador clasificado en segundo lugar, SUMINISTROS PUNTO FIJO, S.L., en virtude do disposto no artigo 150.2 da LCSP.

Este acordo foi notificado o 2 de decembro de 2022. O licitador presentou a documentación requirida os días 14 e 16 de decembro de 2022.

Cuarto.- A Mesa de Contratación na sesión do 19 de decembro de 2022 revisou a documentación presentada, sendo esta correcta, polo que acordou, por unanimidade dos membros presentes, propoñer ao órgano de contratación a adxudicación deste procedemento.



Concello de Vigo

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

Primeiro.- A nosa lexislación contractual impón ao órgano de contratación a obriga de adxudicar o contrato dentro dos cinco días hábiles seguintes á recepción da documentación. O acordo de adxudicación deberá ser motivado, notificarase aos licitadores e, simultaneamente, publicarase no perfil de contratante no prazo de quince días (artigo 151.1 LCSP).

Recibida tanto a documentación presentada polo licitador clasificado en segundo lugar, SUMINISTROS PUNTO FIJO, S.L., como a solicitada de oficio pola Administración municipal e, comprobado que esta é correcta, procede adxudicar este contrato.

Segundo.- A competencia para formular a proposta de adxudicación ao órgano de contratación correspóndelle á Mesa de Contratación. A proposta realizarase a favor do licitador que teña presentado a mellor oferta, de conformidade coo disposto no artigo 145, segundo proceda de conformidade co prego de cláusulas administrativas particulares que rexa a licitación.

A oferta máis vantaxosa para a administración contratante é a formulada por SUMINISTROS PUNTO FIJO, S.L., de conformidade co informe de valoración das proposicións avaliáveis a través de fórmula de data 14 de novembro de 2022.

Terceiro.- A competencia para a resolución deste expediente correspóndelle á Xunta de Goberno local (apartado 4 da disposición adicional segunda da LCSP), na súa calidade de órgano de contratación.

En base ao que antecede, proponse á Xunta de Goberno local como órgano de contratación, en uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte acordo:

1. *“Tomar razón do acordo da Mesa de Contratación de data 1 de decembro de 2022 polo que se entende retirada a oferta de INTERNACO GREEN SPACE, S.L. por non atender ao requirimento do artigo 150.2 da LCSP dentro do prazo concedido para o efecto.*
2. *Adxudicar a SUMINISTROS PUNTO FIJO, S.L. (B-27.815.539) o procedemento aberto simplificado para a contratación do subministro de produtos de ferraxería, fontanería, fechaduras, ferramentas, pequenas máquinas e similares para a Concellería de Medio Ambiente e Vida Saudable (11.475-612) por un prezo máximo de 52.994,96 euros, sendo a cota correspondente ao IVE de 9.197,47 euros e cunha porcentaxe de desconto a aplicar aos prezos unitarios recollidos no Anexo I do PPTP do 21%.*

Todo iso de acordo cos pregos de prescricións técnicas e de cláusulas administrativas particulares aprobados por acordo da Xunta de Goberno e a oferta presentada”.

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

6(1079).- ADXUDICACIÓN DA CONTRATACIÓN DAS OBRAS DO “PROXECTO DE MELLORA E REFORZO DO FIRME EXISTENTE NO CAMIÑO VALADA (VALADARES)”. EXPTE. 1333/441.

Visto o informe de fiscalización do 23/12/2022, dáse conta da proposta da Mesa de Contratación de data 22/12/2022, que di o seguinte:

11.- Propostas de adxudicación

a) Procedemento aberto para a contratación das obras do proxecto de mellora e reforzo do firme existente no camiño Valada (Valadares) (1.333-441)

LEXISLACIÓN APLICABLE

- Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014
- Real decreto 817/2009, de 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, de 30 de outubro, de contratos do sector público (RLCSP)
- Real decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o regulamento xeral da Lei de contratos das Administracións Públicas (RLCAP), no que non se opoña ao Real decreto legislativo 3/2011
- Prego de cláusulas administrativas particulares que rexe o procedemento aberto para a contratación das obras do proxecto de mellora e reforzo do firme existente no camiño Valada (Valadares) (1.333-441)

ANTECEDENTES

Primeiro.- Con data do 29 de setembro de 2022 a Xunta de Goberno local, acordou:

“Primeiro.- Aprobar o expediente de contratación a través de procedemento aberto e tramitación ordinaria das obras do proxecto de “MELLORA E REFORZO DO FIRME EXISTENTE NO CAMIÑO VALADA (VALADARES)”, redactado pola Enxeñeira de Camiños, Canles e Portos Dna. Fátima Martínez Giráldez.

Segundo.- Aprobar o Prego de Cláusulas Administrativas particulares que rexerá o contrato asinado pola Xefa do Servizo de Contratación con data 8 de setembro de 2022.

Terceiro.- Autorizar o gasto por importe total do expediente de contratación, que ascende a un importe máximo de NOVENTA E CINCO MIL CATROCENTOS CINCUENTA



Concello de Vigo

E CATRO EUROS CON VINTE SETE CÉNTIMOS (95.454,27 €), sendo o importe correspondente ao IVE de 16.566,44 €.

Para o seu financiamento aplicaranse os créditos do orzamento do Concello de Vigo na aplicación orzamentaria 1532.2100000622 “conservación de vías e espazos públicos”, provinte da modificación orzamentaria nº 12/2022, crédito extraordinario e suplemento de crédito (expediente 74/142), segundo a distribución de anualidades proposta:

2022	95.454,27 €
------	-------------

Cuarto.- Abrir o procedemento de licitación para a selección do contratista na forma prevista na lexislación vixente”.

Segundo.- A concelleira delegada de Contratación, por delegación da Xunta de Goberno local (acordo do 20 de xuño de 2019), o 25 de novembro de 2022 adoptou a seguinte resolución:

“Primeiro.- Excluir deste procedemento a CONSTRUCCIONES OBRAS Y VIALES, S.A. (COVSA) por conter a súa oferta valores anormais ou desproporcionados sen que se cumpran os requisitos para considerala xustificada consonte o informe asinado polo xefe do Servizo de Vías e Obras e o xefe da Área de Investimentos o 16 de novembro de 2022.

Segundo.- Clasificar, de acordo cos criterios de adxudicación sinalados no prego, as proposicións admitidas neste procedemento aberto para a contratación das obras do proxecto de mellora e reforzo do firme existente no camiño Valada (Valadares) (1.333-441) na seguinte orde descendente:

Orde	Licitadores	Baixa ofertada
1	ORESA CONSTRUCCIÓN Y SERVICIOS GLOBALES, S.L.	10.413,20 €
2	CONSTRUCCIONES FECHI, S.L.	6.705,47 €
3	VIAS Y SERVICIOS COMPOSTELA, S.L.	6.382,03 €
4	MOVIMIENTO DE ÁRIDOS Y CONSTRUCCIONES DE AROSA, S.L.	6.311,03 €
5	ASFALGAL TÉCNICAS VIARIAS, S.L.	5.711,48 €
6	GALSUR PROYECTOS Y OBRAS, S.L.U.	5.522,15 €
7	NAROM, S.L.	4.725,38 €

Terceiro.- Requirit ao licitador clasificado en primeiro lugar, ORESA CONSTRUCCIÓN Y SERVICIOS GLOBALES, S.L. (B-36.494.185), para que presente, no prazo de dez días hábiles, a seguinte documentación (artigo 150.2 LCSP):

1. Declaración responsable de non estar incurso en prohibición de contratar.

2. *A documentación esixida nas cláusulas 8 e 22 do prego de cláusulas administrativas particulares (PCAP).*
3. *Resgardo da garantía definitiva esixible de acordo co disposto na cláusula 24 do prego de cláusulas administrativas particulares”.*

Terceiro.- Esta resolución foi notificada ao licitador clasificado en primeiro lugar, ORESA CONSTRUCCIÓN Y SERVICIOS GLOBALES, S.L., o día 28 de novembro de 2022, que presenta a documentación requirida o 13 de decembro, dentro do prazo concedido.

A Mesa de Contratación, na sesión do 15 de decembro de 2022, acordou conceder un prazo de tres días ao licitador para a emenda da acreditación da solvencia. Durante o prazo concedido, o 16 de decembro, o licitador presentou nova documentación.

Cuarto.- A Mesa de Contratación na sesión do 22 de decembro de 2022 revisou a documentación presentada, sendo esta correcta, polo que acordou, por unanimidade dos membros presentes, propoñer ao órgano de contratación a adxudicación deste procedemento.

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

Primeiro.- A nosa lexislación contractual impón ao órgano de contratación a obriga de adxudicar o contrato dentro dos cinco días hábiles seguintes á recepción da documentación. O acordo de adxudicación deberá ser motivado, notificarase aos licitadores e, simultaneamente, publicarase no perfil de contratante no prazo de quince días (artigo 151.1 LCSP).

Recibida tanto a documentación presentada polo licitador clasificado en primeiro lugar ORESA CONSTRUCCIÓN Y SERVICIOS GLOBALES, S.L., como a solicitada de oficio pola Administración municipal e, comprobado que esta é correcta, procede adxudicar este contrato.

Segundo.- A competencia para formular a proposta de adxudicación ao órgano de contratación correspóndelle á Mesa de Contratación. A proposta realizarase a favor do licitador que teña presentado a mellor oferta, de conformidade coo disposto no artigo 145, segundo proceda de conformidade co prego de cláusulas administrativas particulares que rexa a licitación.

A oferta máis vantaxosa para a administración contratante é a formulada por ORESA CONSTRUCCIÓN Y SERVICIOS GLOBALES, S.L., de acordo co informe de valoración das proposicións avaliadas mediante fórmula de data 21 de novembro de 2022.



Concello de Vigo

Terceiro.- A competencia para a resolución deste expediente correspóndelle á Xunta de Goberno local (apartado 4 da disposición adicional segunda da LCSP), na súa calidade de órgano de contratación.

En base ao que antecede, propónse á Xunta de Goberno local como órgano de contratación, en uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte acordo:

1. *“Tomar razón da exclusión de CONSTRUCCIONES OBRAS Y VIALES, S.A. (COVSA), adoptada o 25 de novembro de 2022 pola concelleira delegada de Contratación, por delegación da Xunta de Goberno local (acordo do 20 de xuño de 2019), por conter a súa oferta valores anormais ou desproporcionados sen que se cumpran os requisitos para considerala xustificada consonte o informe asinado polo xefe do Servizo de Vías e Obras e o xefe da Área de Investimentos o 16 de novembro de 2022.*
2. *Adxudicar a ORESA CONSTRUCCIÓN Y SERVICIOS GLOBALES, S.L. (B-36.494.185) o procedemento aberto para a contratación das obras do proxecto de mellora e reforzo do firme existente no camiño Valada (Valadares) (1.333-441) por un prezo total de 82.854,30 euros, sendo a cota correspondente ao IVE de 14.379,67 euros.*

Todo iso de acordo cos pregos de prescricións técnicas e de cláusulas administrativas particulares aprobados por acordo da Xunta de Goberno e a oferta presentada”.

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

7(1080).- ADXUDICACIÓN DA CONTRATACIÓN DA XESTIÓN DA SEGURIDADE SOCIAL NO CONCELLO DE VIGO. EXPTE. 39142/220.

Visto o informe de fiscalización do 23/12/2022, dáse conta da proposta da Mesa de Contratación de data 22/12/2022, que di o seguinte:

11.- Propostas de adxudicación

b) Procedemento aberto para a contratación da xestión da Seguridade Social no Concello de Vigo en cumprimento de obrigas legais (39.142-220)

LEXISLACIÓN APLICABLE

- Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014

- Real decreto 817/2009, de 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, de 30 de outubro, de contratos do sector público (RLCSP)
- Real decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o regulamento xeral da Lei de contratos das Administracións Públicas (RLCAP), no que non se opoña ao Real decreto legislativo 3/2011
- Prego de cláusulas administrativas particulares que rexe o procedemento aberto para a contratación da xestión da Seguridade Social no Concello de Vigo en cumprimento de obrigas legais (39.142-220)

ANTECEDENTES

Primeiro.- Con data do 6 de outubro de 2022 a Xunta de Goberno local, acordou:

“Primeiro.- Aprobar o presente expediente de contratación, a través do procedemento aberto e tramitación ordinaria, do contrato de servizos para a xestión da Seguridade Social no Concello de Vigo en cumprimento das obrigas legais.

Segundo.- Aprobar o Prego de Prescricións Técnicas asinado pola Técnica Media de Relacións Laborais de data 07/09/22.

Terceiro.- Aprobar o Prego de Cláusulas Administrativas Particulares que rexerá a contratación, redactado pola Técnica de Administración Xeral de Contratación de data 27/09/22.

Cuarto.- Autorizar o gasto o cal ascende a un máximo de DOUSCENTOS TRECE MIL CATROCENTOS CORENTA E CATRO EUROS (213.444,00 euros) (IVE engadido ao tipo actual de 21%), sendo a partida correspondente ao IVE de TRINTA E SETE MIL CORENTA E CATRO EUROS (37.044,00 euros).

O gasto de carácter plurianual imputarase con cargo á aplicación orzamentaria 9201.2279904 “Servizos de apoio á Xestión” e segundo a seguinte distribución por anualidades:



Concello de Vigo

Exercicio	Concepto	Partida	Base	IVE	TOTAL
2022	Servicios de apoio á xestión	9201.227990 4	7.350,00	1.543,50	8.893,50
2023	Servicios de apoio á xestión	9201.227990 4	88.200,00	18.522,00	106.722,00
2024	Servicios de apoio á xestión	9201.227990 4	80.850,00	16.978,50	97.828,50

Quinto.- Abrir o procedemento de licitación para a selección do contratista na forma prevista na lexislación vixente”.

Segundo.- A concelleira delegada de Contratación, por delegación da Xunta de Goberno local (acordo do 20 de xuño de 2019), o 1 de decembro de 2022 adoptou a seguinte resolución:

“Primeiro.- Clasificar, de acordo cos criterios de adxudicación sinalados no prego, as proposicións admitidas neste procedemento aberto para a contratación da xestión da Seguridade Social no Concello de Vigo en cumprimento de obrigas legais (39142-220) na seguinte orde descendente:

	Licitador	CIF	Puntuación
1º	SOLUCIONES AVANZADAS EN INFORMÁTICA APLICADA, S.L.	B80004732	100 puntos.

Segundo.- Requirir ao licitador clasificado en primeiro lugar, SOLUCIONES AVANZADAS EN INFORMÁTICA APLICADA, S.L. (B80004732), para que presente, no prazo de dez días hábiles, a seguinte documentación (artigo 150.2 LCSP):

1. Declaración responsable de non estar incurso en prohibición de contratar.
2. A documentación esixida nas cláusulas 8 e 22 do prego de cláusulas administrativas particulares (PCAP).
3. Resgardo da garantía definitiva esixible de acordo co disposto na cláusula 24 do prego de cláusulas administrativas particulares”.

Terceiro.- Esta resolución foi notificada ao licitador clasificado en primeiro lugar, SOLUCIONES AVANZADAS EN INFORMÁTICA APLICADA, S.L., o día 2 de decembro de 2022, que presenta a documentación requirida o 16 de decembro, dentro do prazo concedido.

Cuarto.- A Mesa de Contratación na sesión do 20 de decembro de 2022 revisou a documentación presentada, sendo esta correcta, polo que acordou, por unanimidade dos membros presentes, propoñer ao órgano de contratación a adxudicación deste procedemento.

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

Primeiro.- A nosa lexislación contractual impón ao órgano de contratación a obriga de adxudicar o contrato dentro dos cinco días hábiles seguintes á recepción da documentación. O acordo de adxudicación deberá ser motivado, notificarase aos licitadores e, simultaneamente, publicarase no perfil de contratante no prazo de quince días (artigo 151.1 LCSP).

Recibida tanto a documentación presentada polo licitador clasificado en primeiro lugar SOLUCIONES AVANZADAS EN INFORMÁTICA APLICADA, S.L., como a solicitada de oficio pola Administración municipal e, comprobado que esta é correcta, procede adxudicar este contrato.

Segundo.- A competencia para formular a proposta de adxudicación ao órgano de contratación correspóndelle á Mesa de Contratación. A proposta realizarase a favor do licitador que teña presentado a mellor oferta, de conformidade coo disposto no artigo 145, segundo proceda de conformidade co prego de cláusulas administrativas particulares que rexa a licitación.

A oferta máis vantaxosa para a administración contratante é a formulada por SOLUCIONES AVANZADAS EN INFORMÁTICA APLICADA, S.L., de acordo cos informes de valoración das proposicións avaliábeis mediante xuízo de valor e das proposicións avaliábeis mediante fórmula, de datas 10 e 28 de novembro de 2022, respectivamente.

Terceiro.- A competencia para a resolución deste expediente correspóndelle á Xunta de Goberno local (apartado 4 da disposición adicional segunda da LCSP), na súa calidade de órgano de contratación.

En base ao que antecede, propónse á Xunta de Goberno local como órgano de contratación, en uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte acordo:

1. *“Adxudicar a SOLUCIONES AVANZADAS EN INFORMÁTICA APLICADA, S.L. (B-80.004.732) o procedemento aberto para a contratación da xestión da Seguridade Social no Concello de Vigo en cumprimento de obrigas legais (39.142-220) coas seguintes condicións:*
 - a) *O prezo máximo do contrato é de 213.444,00 euros, sendo a cota correspondente ao IVE de 37.044,00 euros, cunha porcentaxe de desconto do 5% a aplicar aos prezos unitarios recollidos no apartado 3G do Anexo I -FEC- do PCAP.*
 - b) *Os medios persoais a adscribir ao contrato teñen a seguinte experiencia en materia de xestión de Seguridade Social no sector público ou privado:*



Concello de Vigo

- *Graduado/a en Dereito, Ciencias do Traballo ou Relacións Laborais:*
 - *Director de Servicio BPO: 21,21 nº anos experiencia en Soluciones Avanzadas en Informática Aplicada S.L*
 - *Responsable de área 1: 5,64 anos, experiencia sumada en Soluciones Avanzadas en Informática Aplicada S.L. e en xestorías*
- *Técnico/a medio en Relacións Laborais ou Ciencias do Traballo:*
 - *Responsable de área 2: 9,30 anos experiencia en Soluciones Avanzadas en Informática Aplicada SL*
 - *Responsable Gestor de Cuenta: 8,03 años experiencia sumada en Soluciones Avanzadas en Informática Aplicada S.L. e en xestorías*
 - *Gestor BPO 1: 7,2 anos experiencia en Soluciones Avanzadas en Informática Aplicada S.L*
 - *Gestor de BPO 2: 6,30 anos experiencia en Soluciones Avanzadas en Informática Aplicada S.L*

c) *Os medios persoais a adscribir ao contrato teñen a seguinte formación:*

- *Graduado/a en Dereito, Ciencias do Traballo ou Relacións Laborais:*

Responsable de área 1:

 - *Curso requerido segundo prego administrativo: Actualización en Seguridade Social ED IX (nº 750 horas/créditos ECTS).*
 - *Cursos: Técnico superior en Dirección y Gestión de Pymes de nº 300 horas*
 - *Cursos: Experto en Asesoría fiscal de nº 180 horas*

Director de Servicio BPO:

 - *Cursos: Máster en Dirección de RRHH y Organización de nº 400 horas*
- *Técnico/a medio en Relacións Laborais ou Ciencias do Traballo:*

Responsable Gestor de Cuenta

 - *Curso requerido según pliego Administrativo: Gestión de Personal y Nóminas (nº 75 horas)*
 - *Cursos: Máster en Dirección Financiera y Control de Gestión (nº 1.500 horas/60 créditos ECTS)*

Todo iso de acordo cos pregos de prescricións técnicas e de cláusulas administrativas particulares aprobados por acordo da Xunta de Goberno e a oferta presentada”.

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

8(1081).- ADXUDICACIÓN DA CONTRATACIÓN DO SERVIZO PARA A IMPARTICIÓN DUN CURSO TEÓRICO-PRÁCTICO DE RESCATE ACUÁTICO EN LÁMINA SUPERIOR PARA O PERSOAL DE EXTINCIÓN DE INCENDIOS E SALVAMENTO DO CONCELLO DE VIGO. EXPTE. 6715/213.

Visto o informe de fiscalización do 23/12/2022, dáse conta da proposta da Mesa de Contratación de data 22/12/2022, que di o seguinte:

11.- Propostas de adxudicación

d) Procedemento aberto para a contratación do servizo para a impartición dun curso teórico-práctico de rescate acuático en lámina superior para o persoal de extinción de incendios e salvamento do Concello de Vigo (6.715-213)

LEXISLACIÓN APLICABLE

- Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014
- Real decreto 817/2009, de 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, de 30 de outubro, de contratos do sector público (RLCSP)
- Real decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o regulamento xeral da Lei de contratos das Administracións Públicas (RLCAP), no que non se opoña ao Real decreto legislativo 3/2011
- Prego de cláusulas administrativas particulares que rexe o procedemento aberto para a contratación do servizo para a impartición dun curso teórico-práctico de rescate acuático en lámina superior para o persoal de extinción de incendios e salvamento do Concello de Vigo (6.715-213)

ANTECEDENTES

Primeiro.- Con data do 6 de outubro de 2022 a Xunta de Goberno local, acordou:

“1º Aprobar o expediente de contratación por procedemento aberto do servizo de Formación de rescate acuático en lámina superior para os bombeiros, condutores-bombeiros e mandos intermedios do Servizo de Bombeiros que contén o prego de prescricións técnicas asinado polo xefe do servizo de bombeiros en data 1 de xullo de 2022.

2º. Aprobar o prego de cláusulas administrativas particulares que rexerá a contratación, redactado polo Servizo de Contratación e asinado pola técnica



Concello de Vigo

de Administración Xeral e a xefa do Servizo de Contratación o 15 de setembro de 2022.

3º.- Autorizar o gasto por importe de 46.968,00 euros (prestación exenta de IVE, artigo 20 Lei 37/1992 do IVE), que se imputará á aplicación orzamentaria 13602279910 "Cursos de formación impartidos por empresas", do presuposto do exercicio de 2022.

4º Abrir o procedemento de licitación na forma legalmente prevista."

Segundo.- A concelleira delegada de Contratación, por delegación da Xunta de Goberno local (acordo do 20 de xuño de 2019), o 17 de novembro de 2022 adoptou a seguinte resolución:

"Primeiro.- Clasificar, de acordo cos criterios de adxudicación sinalados no prego, as proposicións admitidas neste procedemento aberto para a contratación do servizo para a impartición dun curso teórico-práctico de rescate acuático en lámina superior para o persoal de extinción de incendios e salvamento do Concello de Vigo (6.715-213) na seguinte orde descendente:

Orde	Licitadores	Puntuación total
1	VERTICALIA SERVICIOS DE FORMACIÓN Y CONSULTORÍA, S.L.	100 puntos

Segundo.- Requirir ao licitador clasificado en primeiro lugar, VERTICALIA SERVICIOS DE FORMACIÓN Y CONSULTORÍA, S.L. (B-94.086.741), para que presente, no prazo de dez días hábiles, a seguinte documentación (artigo 150.2 LCSP):

1. Declaración responsable de non estar incurso en prohibición de contratar.
2. A documentación esixida nas cláusulas 8 e 22 do prego de cláusulas administrativas particulares (PCAP). Lémbrese que deberá acreditar a habilitación profesional esixida no apartado 5G do Anexo I -FEC-.
3. Resgardo da garantía definitiva esixible de acordo co disposto na cláusula 24 do prego de cláusulas administrativas particulares".

Terceiro.- Esta resolución foi notificada ao licitador clasificado en primeiro lugar, VERTICALIA SERVICIOS DE FORMACIÓN Y CONSULTORÍA, S.L., o día 18 de novembro de 2022, que presenta a documentación requirida o 30 de decembro, dentro do prazo concedido.

A Mesa de Contratación na sesión do 1 de decembro de 2022 acordou conceder un prazo de 3 días ao licitador para a emenda da solvencia técnica. Durante o prazo concedido VERTICALIA SERVICIOS DE FORMACIÓN Y CONSULTORÍA, S.L. presentou documentación.

Cuarto.- A Mesa de Contratación na sesión do 22 de decembro de 2022 revisou a documentación presentada, sendo esta correcta, polo que acordou, por unanimidade dos membros presentes, propoñer ao órgano de contratación a adxudicación deste procedemento.

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

Primeiro.- A nosa lexislación contractual impón ao órgano de contratación a obriga de adxudicar o contrato dentro dos cinco días hábiles seguintes á recepción da documentación. O acordo de adxudicación deberá ser motivado, notificarase aos licitadores e, simultaneamente, publicarase no perfil de contratante no prazo de quince días (artigo 151.1 LCSP).

Recibida tanto a documentación presentada polo licitador clasificado en primeiro lugar VERTICALIA SERVICIOS DE FORMACIÓN Y CONSULTORÍA, S.L., como a solicitada de oficio pola Administración municipal e, comprobado que esta é correcta, procede adxudicar este contrato.

Segundo.- A competencia para formular a proposta de adxudicación ao órgano de contratación correspóndelle á Mesa de Contratación. A proposta realizarase a favor do licitador que teña presentado a mellor oferta, de conformidade coo disposto no artigo 145, segundo proceda de conformidade co prego de cláusulas administrativas particulares que rexa a licitación.

A oferta máis vantaxosa para a administración contratante é a formulada por VERTICALIA SERVICIOS DE FORMACIÓN Y CONSULTORÍA, S.L., de acordo co informe de valoración da proposición avaliable mediante fórmula, de data 14 de novembro de 2022.

Terceiro.- A competencia para a resolución deste expediente correspóndelle á Xunta de Goberno local (apartado 4 da disposición adicional segunda da LCSP), na súa calidade de órgano de contratación.

En base ao que antecede, propónse á Xunta de Goberno local como órgano de contratación, en uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte acordo:

“Adxudicar a VERTICALIA SERVICIOS DE FORMACIÓN Y CONSULTORÍA, S.L. (B-94.086.741) o procedemento aberto para a contratación do servizo para a impartición dun curso teórico-práctico de rescate acuático en lámina superior para o persoal de extinción de incendios e salvamento do Concello de Vigo (6.715-213) por un prezo de 46.500,00 euros (exento de IVE).

Todo iso de acordo cos pregos de prescricións técnicas e de cláusulas administrativas particulares aprobados por acordo da Xunta de Goberno e a oferta presentada”.

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.



Concello de Vigo

9(1082).- DECLARAR DESERTO O PROCEDIMENTO ABERTO SIMPLIFICADO PARA A CONTRATACIÓN DO ALUGUER, NA MODALIDADE DE RENTING, DE ELEMENTOS DE TRANSPORTE SEN CONDUTOR PARA O DESPRAZAMENTO DE TRABALLADORES/AS DO PLAN MUNICIPAL DE EMPREGO. EXPTE.. 19672/77.

Dáse conta da proposta da Mesa de Contratación realizada o 22/12/2022, que di o seguinte:

13.- Proposta de declaración de procedementos desertos

a) Procedemento aberto simplificado para a contratación do aluguer, na modalidade de renting, de elementos de transporte sen condutor para o desprazamento de traballadores/as do Plan municipal de emprego (19.672-77)

LEXISLACIÓN APLICABLE

- Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014
- Real decreto 817/2009, de 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, de 30 de outubro, de contratos do sector público (RLCSP)
- Real decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o regulamento xeral da Lei de contratos das Administracións Públicas (RLCAP), no que non se opoña ao Real decreto legislativo 3/2011
- Prego de cláusulas administrativas particulares do procedemento aberto simplificado para a contratación do aluguer, na modalidade de renting, de elementos de transporte sen condutor para o desprazamento de traballadores/as do Plan municipal de emprego (19.672-77)

ANTECEDENTES

Primeiro.- Con data do 24 de novembro de 2022 a Xunta de Goberno local acordou aprobar o expediente para a contratación, por procedemento aberto simplificado, da contratación do aluguer, na modalidade de renting, de elementos de transporte sen condutor para o desprazamento de traballadores/as do Plan municipal de emprego (19.672-77).

Segundo.- A licitación foi obxecto de publicación no perfil de contratante o 29 de novembro de 2022, rematando o prazo de presentación de ofertas o 14 de decembro.

Terceiro.- Segundo consta no listado de licitadores da Plataforma de Contratos do Sector Público e no certificado expedido polo Rexistro Xeral de data 16 de decembro de 2022, non se presentou ningunha proposición a este procedemento.

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

Primeiro.- A Mesa de Contratación é competente para propoñer deserta a licitación, ao abeiro do previsto no artigo 22.1g do Real Decreto 817/2009, no que se regulan as funcións das Mesas de Contratación.

Dado que non se presentou ningunha proposición neste procedemento, tal e como consta no listado de licitadores da Plataforma de Contratos do Sector Público e no certificado expedido polo Rexistro Xeral de data 16 de decembro de 2022, cómpre declarar deserta esta licitación.

Á vista do exposto, propónse a Xunta de Goberno local, na súa calidade de órgano de contratación (disposición adicional segunda da LCSP), a adopción do seguinte acordo:

“Declarar deserto o procedemento aberto simplificado para a contratación do aluguer, na modalidade de renting, de elementos de transporte sen condutor para o desprazamento de traballadores/as do Plan municipal de emprego (19.672-77) por non terse presentado ningunha proposición”.

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

10(1083).- SUBVENCIÓN NOMINATIVA A FAVOR DA FUNDACIÓN CELTA DE VIGO EN RELACIÓN AO DESENVOLVEMENTO DUN PROGRAMA DE FOMENTO DO FÚTBOL BASE DURANTE A TEMPADA DEPORTIVA 2018/2019. EXPTE. 19653/333.

Visto o informe xurídico e o informe de fiscalización do 26/12/2022, dáse conta do informe-proposta da mesma data, asinado polo xefe do Servizo de Deportes, o concelleiro-delegado de Deportes e o concelleiro-delegado de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

Co obxecto de dar continuidade á tramitación do expediente nº 19653/333 sobre a proposta de subvención dunha subvención nominativa a favor da Fundación Celta de Vigo en execución da sentenza 148/2021 do xulgado do contencioso administrativo Nº1 de Vigo confirmada polo TSXG, e atendendo á detección dun erro na identificación da aplicación orzamentaria contra á que irá cargada a subvención, procédese a substituír ó longo da proposta a aplicación 3410.489.00.16 pola 3420.480.00.13.

Polo exposto, procede a modificación da proposta atendendo a observación detallada:

ANTECEDENTES

- En data 30 de abril de 2019 a Fundación Celta de Vigo presentou solicitude de abono de subvención (Doc. 190063558) para o financiamento do proxecto deportivo de fomento do fútbol base da tempada deportiva 2018/2019.



Concello de Vigo

- Con data 10 de xuño de 2020 a Fundación Celta de Vigo (G36810042) presentou, a través da sede electrónica do Concello de Vigo unha nova solicitude de abono da subvención nominativa detallada no orzamento do ano 2019 da Concellería de deportes apercibindo que, de non ser tida en conta tal solicitude no prazo de tres meses procederase de modo inmediato a presentar recurso contencioso administrativo.
- Con data 19 de xuño de 2020 a secretaria da Administración Municipal, emitiu informe desfavorable á solicitude da Fundación Celta de Vigo en base ás consideracións xurídicas expostas no informe incorporado ó expediente 19653/333 indicando a necesidade de incorporar, á súa vez, o informe-proposta do xefe do servizo de deportes, someter o expediente á fiscalización da Intervención Municipal e á aprobación da resolución á xunta de goberno local como órgano competente en virtude da delegación de facultades efectuada por Resolución da Alcaldía de data 18 de xuño de 2019 en materia de concesión da subvención e aprobación do gasto.
- O 25 de xuño de 2020, o Xefe do servizo de deportes emite proposta de rexeitamento da solicitude de abono da subvención a favor da Fundación Celta de Vigo en relación ó financiamento do seu proxecto deportivo da tempada 2018/2019, proposta informada favorablemente pola Intervención do Concello de Vigo con data 03/07/2020.
- Con data 23 de xullo de 2020, a Xunta de Goberno Local acordou rexeitar o aboamento dunha subvención a favor da Fundación Celta de Vigo en relación ó fomento do seu proxecto deportivo da tempada 2018/2019, e notificar á interesada, indicándolle que contra o acordo que pon fin á vía administrativa, e de conformidade co previsto nos artigos 123 e 124 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, de Procedemento Administrativo, poderase interpoñer recurso administrativo de reposición perante o mesmo órgano que a ditou no prazo de 1 mes a contar dende o día seguinte ao da notificación, ou ben directamente recurso contencioso-administrativo perante os xulgados do Contencioso-administrativo de Vigo no prazo de 2 meses.
- Con data 27 de xullo de 2020 remitiuse a través da sede electrónica notificación á Fundación Celta de Vigo co acordo da Xunta de Goberno local de data 23 de xullo de 2020 anexado.
- A Fundación Celta de Vigo deu acuse de recibo da notificación remitida o 27 de xullo de 2020.
- O día 30 de xullo de 2021 o Xulgado do Contencioso Administrativo núm. 1 de Vigo ditou sentenza núm. 148/2021, co seguinte fallo:
“Que debo ESTIMAR y ESTIMO parcialmente el recurso contencioso-administrativo formulado por el Procurador Sr. Fandiño en nombre y representación de La FUNDACIÓN REAL CLUB CELTA DE VIGO, frente a la resolución de la XGL del CONCELO DE VIGO de fecha 23/07/2020, por la que se desestima la solicitud de abono de la subvención directa contemplada en los presupuestos del Concello de Vigo para el ejercicio 2019, denominada “SUBV. FOMENTO FUTBOL BASE FUNDACION CELTA DE VIGO, por importe de 295.000 euros, que se anula, por estimarla no conforme a derecho, procediendo en consecuencia retrotraer las actuaciones en el expediente para la resolución de su concesión o aprobación del convenio conforme a lo establecido en el art. 28 de la LXS y art. 65.3 del RXS, todo ello sin hacer expresa imposición de las costas procesales.”
- O Concello de Vigo interpuxo recurso de apelación contra dita sentenza en setembro de 2022.
- O TSXG mediante sentenza 167/2022, desestima o recurso de apelación interposto pola representación procesal do CONCELO DE VIGO , contra a resolución impugnada, e confirma a sentenza do 30 de xullo 21 do Xulgado do Contencioso-Administrativo num. 1 de Vigo, ditada no PO 238/20 por resultar conforme a Dereito. Mediante dilixencia de ordenación

de 5 de xullo de 2022 declárase firme a sentenza ditada no recurso de apelación.

- Aos efectos de dar cumprida execución á sentenza, incoouse expediente de modificación orzamentaria núm. 75, 75A-2022, que foi aprobada con carácter inicial o definitivo polo Pleno o 14 de decembro de 2022 (BOP núm. 238, do 15 de decembro de 2022).
- Mediante resolución do 28 de novembro de 2022 do Concelleiro de deportes, retómase e continúaase a tramitación administrativa da solicitude de subvención presentada no ano 2019 (expte 19653-333) pola Fundación Celta de Vigo co fin de dar cumprimento coa sentenza citada.
- O 28 de novembro, o Xefe do servizo de deportes emite informe de verificación da documentación presentada pola Fundación Celta de Vigo no ano 2019 e require á entidade que complete a documentación achegada no seu momento.
- Con data 21 de decembro de 2022 a Fundación Celta de Vigo presenta a través do Rexistro electrónico do Concello de Vigo a documentación requirida.
- Con data 21 de decembro o Xefe do servizo de deportes emite informe facendo constar o cumprimento do obxecto da actividade obxecto da proposta de subvención e a validez e conformidade da documentación presentada pola Fundación Celta de Vigo.

Por todo canto vai dito, dáse inicio ó seguinte,

INFORME PROPOSTA

Atendendo ós antecedentes descritos, e á instrución asinada polo Concelleiro de Deportes, dase inicio á tramitación do expediente de subvención nominativa por importe de 295.000,00 € detallada na partida orzamentaria 3420.480.00.13 a favor da entidade Fundación Celta de Vigo polo desenvolvemento do programa de fomento do fútbol base na tempada deportiva 2018/2019 en cumprimento da sentenza do TSXG N° 0017/2022.

Da documentación presentada, se desprende que a Fundación Celta de Vigo foi constituída en escritura pública outorgada en Vigo, o día 17 de xullo 1996, e declarada de interese Galego por Orden da Consellería da Presidencia e Administración Pública, do 29 de outubro de 1996.

Esta Fundación, ao amparo do establecido no artigo 5 dos seus estatutos, ten por obxecto e finalidade, entre outros, fomentar o desenvolvemento do deporte en todos os seus ámbitos.

Neste sentido, a Fundación Celta de Vigo desenvolveu actuacións encamiñadas á dinamización de actividades deportivas relacionadas coa práctica do fútbol, e a promoción de actuacións vinculadas ó fomento desta modalidade, así como outras actividades relacionadas ou derivadas de dita práctica, fundamentalmente orientadas ás categorías base, segundo consta no proxecto presentado.

O programa que presentou a Fundación Celta de Vigo dentro do obxecto deste expediente de subvención, orientouse fundamentalmente á dinamización, dirección, coordinación e xestión das categorías inferiores do R.C. Celta de Vigo, que contou con equipos que participaron nas competicións de maior nivel deportivo de carácter nacional e autonómico, como a Liga de División de Honra Xuvenil, ou a Liga de División de Honra Cadete, así como no resto de competicións e categorías de carácter máis formativo, como a Liga Galega división de honra Cadete ou a Liga Galega e Infantil 1º autonómica. Ademais, como parte do proceso formativo, os diferentes equipos do proxecto,



Concello de Vigo

competiron nalgúns dos Torneos de nivel nacional e internacional nos que se dan cita equipos base de equipos de todo o mundo, como a Dubai International Cup, Coelho Verde en Portugal, a Gyeongju International Youth Cup en Corea do Sur, o Torneo Suruga en Xapón, a Challenge Piana en Francia, a Copa Celta en México, a Jeju International en Corea do Sur, a U12 izmir Cup en Turquía ou a Pous Cup Roubaix en Francia.

A esta actividade hai que engadir a participación de xóvenes promesas nas diferentes categorías das seleccións nacionais.

No ámbito internacional, tamén destaca o reforzo da Fundación Celta pola apertura de escolas de formación en diferentes países, como Romanía, México ou Perú.

A participación neste proxecto enmárcase dentro das competencias que teñen os municipios conforme establece a Lei 27/2013, de 27 de decembro, de racionalización e sostenibilidade de Administración Local, en concordancia co establecido na Lei 5/2004, do 27 de maio, de medidas urxentes derivadas da entrada en vigor da Lei 27/2013, do 27 de decembro, de racionalización e sustentabilidade da Administración Local, que determina que o *“Municipio, para a xestión dos seus intereses e do ámbito das súas competencias, pode promover actividades e prestar servizos públicos que contribúan a satisfacer as necesidades e aspiracións da comunidade veciñal..”* e que *“...exercerá en todo caso como competencia propia, a promoción do deporte e instalacións deportivas e de ocupación do tempo libre”* e como resposta ó cumprimento da sentenza 0017/2022 do TSXG.

Tendo en conta estes criterios e a actuación levada a cabo pola Fundación Celta de Vigo, plantéase a presente proposta de resolución de subvención á Fundación Celta de Vigo. A proposta de subvención ten en conta o alcance do orzamento destinado pola Fundación Celta á execución do proxecto de dinamización, dirección, coordinación e xestión das categorías inferiores do R.C. Celta de Vigo, que de acordo coa documentación presentada que se adxunta a este expediente ascende a un gasto total de 379.00,00 €.

Atendendo ó exposto, o importe proposto para coadxuvar ó financiamento do desenvolvemento do programa de fomento do fútbol base desenvolvido pola propia Fundación Celta de Vigo na cidade de Vigo na tempada 2018/2019 ascende a un importe de 295.000,00€. Dito importe financiarase a través do crédito existente na partida 3420.480.00.13.

A lexislación aplicable, para esta proposta, é a que sinala o artigo 5 la LXS, que se refire o réxime xurídico das subvencións, do que resulta a seguinte normativa configuradora do réxime xurídico destas subvencións: Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións, co carácter básico e supletoria que resulta da súa disposición final primeira; a normativa autonómica sobre subvencións Lei 9/2007 do 13 de xuño, de subvencións de Galicia; o Real Decreto 887/2006, de 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións, as Bases de execución dos vixentes orzamentos do Concello de Vigo; Lei 19/2013, de 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno; as restantes normas de dereito administrativo e, no seu defecto, as normas de dereito privado.

Así mesmo, será de aplicación o establecido na Lei 15/2014, de 16 de setembro, de Racionalización do Sector Público e outras medidas de reforma administrativa, que modifica o contido da Base de datos Nacional de Subvencións (BDNS) que se contempla no apartado 20.2 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións, en aplicación dos principios recollidos na Lei 19/2013, de 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno, que establece que o contido

da información en materia de subvencións e axudas públicas deber ser obxecto de publicación no portal de transparencia dos Concellos con indicación do seu importe, obxectivo ou finalidade e beneficiarios, e que regula no apartado 20.8 o contido que se debe publicar a través do sistema Nacional de Publicidade das Subvencións, e que entrou en vigor o 1 de xaneiro de 2016, e a Resolución de 10 de decembro de 2015 da Intervención Xeral da Administración do Estado, pola que se regula o proceso de rexistro e publicación de convocatorias de subvencións e axudas no Sistema Nacional de Publicidade de Subvencións, que regula o rexistro das convocatorias de subvencións e axudas públicas na Base de Datos Nacional de Subvencións, que establece que *“Naquelas subvencións ou axudas públicas nas que non sexa preceptiva a convocatoria, o órgano concedente rexistrará na BDNS os datos estruturados inmediatamente despois de que se publique a disposición reguladora se se trata de subvencións ou axudas con destinatarios indeterminados, ou no momento da concesión, no resto dos casos”*.

O Concello de Vigo propón a concesión directa á Fundación Celta de Vigo dunha subvención por importe de 295.000,00€ con cargo á partida orzamentaria 3420.480.00.13 do orzamento en vigor mediante transferencia bancaria á conta corrente facilitada pola entidade co obxecto de coadxuvar ó financiamento das actividades vinculadas co seu proxecto de promoción do fútbol base a través da dinamización, dirección, coordinación e xestión das categorías inferiores da Fundación Celta de Vigo, desenvolvido na tempada deportiva 2018/2019 e como cumprimento da sentenza do TSXG 0017/2022. A tramitación do pago da subvención realizarase, unha vez que a Xunta de Goberno Local aprobe a proposta.

Esta subvención será compatible con calquera outra subvención ou axuda para a mesma finalidade procedente de calquera administración ou de entes públicos ou privados, nacionais, da Unión Europea ou de organismos internacionais.

Da documentación presentada pola Fundación Celta de Vigo, se constata que esta non obtivo outras subvencións, axudas, ingresos ou recursos que financiaran a actividade subvencionada.

En calquera caso, o importe total da subvención ou subvencións non supera o da actividade subvencionada segundo se detalla na documentación presentada pola entidade solicitante.

Conforme ao disposto nos artigos 28.1 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións e 26.1 da Lei de Galicia 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a resolución de concesión, e no seu caso os convenios a través dos cales se canalicen estas subvencións, establecerán as condicións e compromisos aplicables de conformidade co disposto na propia lei e que se detallan a continuación:

a) O obxecto da presente proposta de subvención é coadxuvar no financiamento dos gastos vinculados co desenvolvemento do “Programa de dinamización do fútbol base na tempada deportiva 2018-2019”.

b) Esta axuda non ten ningunha incompatibilidade con outras axudas ou subvencións solicitadas ou concedidas procedentes de outras administracións ou entes públicos ou privados.

c) Que a Fundación Celta de Vigo non está incurso en prohibición para ser beneficiaria das subvencións obxecto da Lei de subvencións de Galicia, áchase ao corrente das súas obrigas tributarias e fronte a Seguridade Social e non ten débedas pendentes con este Concello de Vigo, segundo resulta das declaracións responsables e certificacións que figuran no expediente núm. 19653/333.



Concello de Vigo

d) A subvención abonarase á entidade beneficiaria trala aprobación da proposta pola Xunta de Goberno Local.

e) As causas de reintegro da subvención serán as que se determinan no artigo 33 da lei 9/2007 do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

f) Canto ás infraccións e sancións en que poida incorrer a beneficiaria da subvención e procedemento para a súa apreciación e imposición, estarase ao disposto no Título IV da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia e na Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

g) A beneficiaria está informada de que os seus datos e os dos seus representantes serán incorporados aos ficheiros municipais. A finalidade da súa recollida é a instrución do procedemento para a concesión da subvención obxecto do presente expediente, a práctica das publicacións, comunicacións e notificacións de obrigado cumprimento, o seguimento e comprobación da actividade subvencionada e demais actuacións previstas na Lei de subvencións de Galicia en orden á conclusión do proceso, polo que a súa achega é obrigatoria.

Os datos de carácter persoal serán tratados e protexidos de conformidade co Regulamento 2016/679 do Parlamento Europeo e do Consello, do 27 de abril de 2016, relativo á protección das persoas físicas no que respecta ó tratamento de datos persoais e á libre circulación destes sen prexuízo da aplicación da Lei 3/2018 e demais normativa vixente en materia de protección de datos.

h) En canto a subcontratación das actividades subvencionadas, a presente resolución non contempla a mesma.

O texto da proposta incorpora os contidos mínimos esixidos para a concesión desta subvención polo art. 26.2 da Lei de Galicia 9/2007 e a Base 38 de execución do vixente orzamento do Concello de Vigo; contidos que se estiman conformes ao interese público que a proposta persegue.

Que en aplicación dos principios recollidos na Lei 19/2013 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno, a Base de Datos Nacional de Subvencións BDNS operará como sistema nacional de publicidade das subvencións. A tales efectos, e para garantir o dereito dos cidadáns a coñecer todas as subvencións convocadas en cada momento e cara a contribuír aos principios de publicidade e transparencia, a Intervención Xeral da Administración do Estado publicará na súa paxina web as subvencións concedidas, segundo o establecido no artigo 20.4 e 20.8 da Lei 38/2003.

A proposta de adxudicación directa ten natureza administrativa e rexerese pola Lei 38/2003 do 17 de novembro, xeral de subvencións e o RD 887/2006, de 21 de xuño, polo que se aprobou o seu regulamento, nos seus preceptos básicos; a Lei 40/2015 de 1 de outubro de Réxime Xurídico do Sector Público, a lexislación básica do Estado en materia de réxime local; a Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia; os preceptos non básicos da Lei 38/2003 e do RD 887/2006; polos pactos que se conteñen nesta proposta; as Bases de Execución dos orzamentos do Concello de Vigo e as restantes normas de dereito administrativo, e no seu defecto, as normas de dereito privado.

Serán gastos subvencionables os que de xeito indubitado respondan á natureza da actividade subvencionada e se realizaran no período comprendido na tempada deportiva 2018/2019.

Tal como establece o art. 29.7 da Lei 9/2007, de 13 de xuño de subvencións de Galicia, serán gastos subvencionables, ademais, os “gastos financeiros” da entidade directamente relacionados coa

actividade subvencionada e resulten indispensables, establecéndose un límite dos gastos financeiros subvencionables ata un 1% do importe.

Cando o importe do gasto subvencionable supere as contías establecidas na Lexislación de Contratos del Sector público para o contrato menor, o beneficiario deberá presentar como mínimo tres ofertas de diferentes provedores, agás que por as súas especiais características non exista no mercado suficientes.

A axeitada xustificación, a realización da actividade e o cumprimento da finalidade que determinou a concesión da subvención foi comprobada polos servizos da Concellería de Deportes. O servizo de Deportes emitiu informe ao respecto facendo constar o cumprimento do obxecto da actividade subvencionada e a conformidade da documentación presentada.

A beneficiaria deberá facilitar toda a información que lle sexa requirida pola Concellería de Deportes e pola Intervención Xeral Municipal, Tribunal de Contas e Consello de Contas no exercicio das súas funcións de fiscalización e control do destino das subvencións.

Procederá o reintegro das cantidades percibidas e a esixencia de xuros de demora desde o pagamento da subvención ata a data na que se acorde a procedencia do reintegro nos casos do artigo 33 LSG.

Canto ás infraccións e sancións en que poida incurrir a beneficiaria da subvención á que se refire a proposta e o procedemento para a súa apreciación e imposición, estarase ao disposto no Título IV da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia e na lei 39/2015 do procedemento administrativo común das administracións públicas

A concesión da subvención obxecto da proposta rexerese pola Lei 38/2003 do 17 de novembro, xeral de subvencións e o RD 887/2006, de 21 de xuño, polo que se aprobou o seu regulamento, nos seus preceptos básicos; a lexislación básica do estado en materia de réxime local; a Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia; os preceptos non básicos da Lei 38/2003 e do RD 887/2006; polos pactos que se conteñen na proposta; as Bases de Execución dos vixentes orzamentos municipais e as restantes normas de dereito administrativo, e no seu defecto, as normas de dereito privado.

Esta subvención concédese en execución da sentenza do Xulgado do Contencioso Administrativo núm. 1 de Vigo núm. 148/2021 confirmada polo TSXG, e o seu pago realizarase trala súa aprobación pola Xunta de Goberno Local, acumulándose neste acto de aprobación as fases ADOP do orzamento de gastos, relativas ao i) seu outorgamento, á ii) autorización do gasto e iii) á orde de pago, por canto estamos ante unha execución de sentenza consistente no outorgamento e pagamento dunha subvención para o financiamento dunha actividade xa realizada entre os anos 2018-2019 e que consta xa coa xustificación dese gasto por mor do período no que executouse (2018-2019).

Por todo o exposto proponse a Xunta de Goberno Local a adopción dos seguintes acordos:

PRIMEIRO: Outorgar a subvención nominativa prevista no orzamento municipal a favor da Fundación Celta de Vigo en relación ó desenvolvemento do Programa de dinamización do fútbol base na tempada deportiva 2018-2019 en cumprimento da sentenza ditada o día 30 de xullo de 2021 polo Xulgado do Contencioso Administrativo núm. 1 de Vigo con núm. 148/2021.

SEGUNDO: Autorizar e dispoñer o gasto por importe de 295.000,00 €. a favor da Fundación Celta de Vigo, co CIF: G-36810042, con cargo á aplicación orzamentaria 3420.480.00.13



Concello de Vigo

“Subvención Fundación celta de Vigo” do programa orzamentario do servizo de deportes para o vixente exercicio.

TERCEIRO: Abonar á Fundación Celta de Vigo 295.000,00€ mediante transferencia bancaria trala aprobación da proposta.

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

11(1084).- EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN DO SERVIZO DE LIMPEZA DOS COLEXIOS PÚBLICOS E ESCOLAS MUNICIPAIS DEPENDENTES DO CONCELLO DE VIGO. EXPTE. 26210/332.

Visto o informe xurídico do 21/12/2022 e o informe de fiscalización do 22/12/2022, dáse conta do informe-proposta de data 20/12/2022, asinado pola xefa do Servizo de Educación, o concelleiro-delegado de Área e polo concelleiro-delegado de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

Con data 31 de agosto de 2022, o concelleiro delegado da Área de Educación resolveu autorizar e instar ao Servizo de Educación para que inicie a tramitación dun contrato maior para a contratación por procedemento aberto e tramitación ordinaria, para o servizo de limpeza dos Colexios Públicos e Escolas Municipais dependentes do Concello de Vigo.

No expediente tramitado ao efecto consta, entre outra, a seguinte documentación:

- Informe de xustificación da necesidade do contrato, asinado pola xefa do Servizo de Educación, de data 30/08/2022.
- Resolución do concelleiro delegado de Educación de data 31/08/2022 pola que se autoriza o inicio do expediente de contratación.
- Memoria económica asinada pola xefa do Servizo de Educación, polo concelleiro de Educación e polo concelleiro de Orzamentos e Facenda, de data 16/11/2022, rectificada en data 12/12/2022.
- Documento contable RCFUT 202200120921, por importes de 19.420.303,31 euros, de data 17/11/2022.
- Declaración da redactora do PPT, de data 23/11/2022.
- Prego de prescricións técnicas (PPT), de data 12/12/2022, asinado pola xefa do Servizo de Educación.
- Memoria xustificativa, asinada pola xefa do Servizo de Educación e polo concelleiro de Educación o 19/12/2022.
- Informe de data 13/12/2022 asinado pola xefa do Servizo de Contratación, sobre a comprobación da documentación esixida pola normativa de contratación pública.
- Prego de cláusulas administrativas particulares (PCAP) de data 20/12/2022, redactado pola técnica de administración xeral do Servizo de Contratación.

As características básicas do contrato, tal e como se indica na documentación que conforma o expediente, son as seguintes:

Obxecto: A prestación do servizo de limpeza nos Colexios Públicos e Escolas Municipais dependentes do Servizo de Educación do Concello de Vigo, que se relacionan no Anexo 1 do Prego de Prescricións Técnicas (cincuenta e dous centros en total).

Duración: A duración do contrato será de cinco anos, sen posibilidade de prórrogas.

Prezo: Estímase un prezo anual do contrato de 3.884.060,66 euros (3.209.967,49 €, máis 674.093,17 € de IVE a soportar pola administración), polo que o prezo do contrato é de 19.420.303,31 € (16.049.937,45 € máis 3.370.465,86 € de IVE a soportar pola administración).

Aplicación orzamentaria: 3230.227.0000 "Limpeza Colexios".

A competencia para a resolución do presente expediente correspóndelle á Xunta de Goberno Local, na súa calidade de órgano de contratación, conforme ao previsto na Disposición adicional segunda parágrafo 4º da Lei 9/2017, de 8 novembro, de contratos do sector público. A resolución segundo o artigo 117 da Lei 9/2017 deberá ser motivada e aprobará o expediente de contratación e disporá a apertura do procedemento de adxudicación e implicará a aprobación do gasto.

A vista das anteriores circunstancias, e previo informe da Asesoría Xurídica e da Intervención Xeral Municipal, **proponse** á Xunta de Goberno Local como órgano de contratación, en uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a adopción dos seguintes **acordos**:

1º.- Aprobar a contratación a través de procedemento aberto e tramitación ordinaria do servizo de limpeza de Colexios Públicos e Escolas Municipais dependentes do Concello de Vigo.

2º.- Aprobar o Prego de prescricións técnicas de 12/12/2022, redactado polo Servizo de Educación e o Prego de cláusulas administrativas particulares de data 20/12/2022 redactado polo Servizo de Contratación, que se inclúen no presente expediente para a contratación da limpeza de Colexios Públicos e Escolas Municipais.

3º.- Aprobar o gasto por importe de 19.420.303,31 € (16.049.937,45 € máis 3.370.465,86 € en concepto de IVE a soportar pola administración) para a contratación do servizo de limpeza de Colexios Públicos e Escolas Municipais por procedemento aberto, con cargo á aplicación orzamentaria 3230.227.0000 "Limpeza colexios", que se dividirá nas seguintes anualidades:

- Anualidade 2023 (de maio a decembro): 2.330.436,40 euros;
- Anualidade 2024 (de xaneiro a decembro): 3.884.060,66 euros,
- Anualidade 2025 (de xaneiro a decembro): 3.884.060,66 euros,
- Anualidade 2026 (de xaneiro a decembro): 3.884.060,66 euros,
- Anualidade 2027 (de xaneiro a decembro): 3.884.060,66 euros e
- Anualidade 2028 (de xaneiro a abril): 1.553.624,27 euros.

O valor estimado do contrato estipúlase en 17.632.195,64 euros.



Concello de Vigo

4º.- Acordar a apertura do procedemento de contratación conforme ao previsto na lexislación vixente.

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

12(1085).- PROPOSTA DE NOMEAMENTO DE REPRESENTANTES MUNICIPAIS NOS CONSELLOS ESCOLARES DOS CENTROS DE ENSINO PÚBLICO DE EDUCACIÓN INFANTIL, PRIMARIA E SECUNDARIA DE VIGO (2023). EXPTE. 26445/332.

Visto o informe de fiscalización do 26/12/2022, dáse conta do informe-proposta de data 12/12/2022, asinado polo técnico Medio de Actividades Culturais e Educativas, a xefa do Servizo de Educación, o concelleiro-delegado de Área e polo concelleiro-delegado de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

Os municipios exercerán como competencia propia nos términos da lexislación do Estado e das Comunidades Autónomas, na seguinte materia de “conservación, mantemento e vixianza dos edificios de titularidade local destinados a centros públicos de educación infantil, de educación primaria e de educación especial, segundo se recolle no art. 25.2, apartado n)”, da Lei 7/1985, reguladora das bases do réxime local, segundo redacción pola Lei 27/2013 de 27 de decembro de racionalidade e sostenibilidade da Administración Local.

A Lei Orgánica 2/2006, de 3 de maio de Educación (LOE), establece o Consello Escolar no seu Capítulo III “Órganos Colexiados de goberno e de coordinación docente dos centros públicos”, artigo 126 “Composición Consello Escolar” e artigo 127 “Competencias Consello Escolar”; vixentes despois da entrada en vigor da Lei Orgánica 3/2020 do 29 de decembro de Educación (LOMLOE) pola que se modifica a LOE.

En cumprimento do establecido no Decreto 92/1988 do 28 de abril, polo que se regulan os órganos de goberno dos centros públicos de ensino non universitario (DOG 29/04/88) e demais disposicións legais vixentes da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria da Xunta de Galicia, o Consello Escolar de Centro defínese como o órgano de participación da comunidade escolar, ademais de constituír a canle para o control e a xestión dos fondos públicos. A participación é o mecanismo idóneo para atender axeitadamente os dereitos e liberdades das nais e pais, do profesorado e alumnado.

Os Concellos, como organismos que teñen responsabilidades legais no mantemento, conservación e vixianza dos colexios públicos e que colaboran coa Administración responsable na común tarefa de educar, teñen un Concelleiro/a ou representante municipal nos Consellos Escolares dos centros de ensino público, segundo o artigo 126 da Lei Orgánica 2/2006 do 3 de marzo de Educación (LOE), vixente despois da entrada en vigor da Lei Orgánica 3/2020 do 29 de decembro de Educación (LOMLOE) pola que se modifica a LOE. Estes representantes municipais nos consellos escolares dos centros públicos de educación infantil, primaria e secundaria, desempeñarán as atribucións e competencias que están establecidas no artigo 127 da LOE, vixente despois da entrada en vigor da LOMLOE.

Como funcións específicas dos representantes municipais cabe salientar as seguintes:

1. Achegar os recursos ubicados no Municipio á escola, para levar á práctica o principio de interacción escola-medio.
2. Levar a realidade da escola, as súas necesidades e propostas ao Concello, e si fora preciso trasladala a outras institucións ou áreas da Administración Pública.
3. Velar pola neutralidade dos centros públicos e porque se respecten e cumpran os dereitos dos diferentes sectores da Comunidade Educativa, especialmente os que recollen os artigos 14, 16, 20 e 27 da Constitución, da LOE que posteriormente foi modificada pola LOMLOE e dos Decretos desenvolvidos con posterioridade.
4. Canalizar os procesos de admisión de alumnado de acordo coa planificación xeral que se realice pola Administración Educativa.
5. Canalizar a información e propostas sobre prestación de servizos complementarios como os comedores escolares, transporte ou becas.
6. Plantexar ao Consello Escolar, que con criterios pedagóxicos se programen actividades orientadas a facer dos centros lugares axeitados para unha acción educativa.
7. Por especial atención ao seguimento do Plan de Centro.
8. Velar para que se cumpra a LOE que posteriormente foi modificada pola LOMLOE, e especialmente acadar que a escolarización obrigatoria e gratuíta se faga compensando as desigualdades.
9. Comprobar que o destino dos recursos económicos que reciben do Concello os colexios públicos de educación infantil e primaria, é o que está previsto no expediente de financiamento municipal de autoxestión correspondente, destinado as tarefas de mantemento preventivo e ordinario.

Con estas funcións específicas, e seguindo instrucións do Concelleiro Delegado de Educación, a proposta xeral do Servizo de Educación do Concello de Vigo é que o persoal nomeado para este cometido sexan funcionarios e funcionarias adscritos ao servizo de Educación, Benestar Social, Xuventude, Festas, Vías e Obras, Disciplina Urbanística, Admon. de Tributos, Dirección de Ingresos e Tenenza de Alcaldía, polo seu coñecemento na xestión das competencias educativas municipais e pola súa experiencia en promover e planificar dende estes Servizos municipais intervencións de apoio ao ensino.

Por outra banda, se facilitan así as xuntanzas de coordinación e intercambio de información referente ás actuacións municipais no eido do ensino, que obrigatoriamente deberán manter os/as representantes municipais co obxecto que o desenvolvemento deste programa sexa eficaz para acadar unha axeitada interacción Concello-Escola.

A efectos retributivos, a cantidade económica a percibir polos/as representantes municipais por asistencias aos Consellos Escolares de Centro serán, as homologadas por asistencia e participación en tribunais de oposicións, concursos, ou outros órganos encargados da selección de persoal; por unha banda, na categoría segunda de vocais que inclúe ao persoal clasificado nos grupos A e B quedando establecidas en 39,78.-€, e por outra banda, na categoría terceira de vocais que inclúe ao persoal clasificado nos grupos C e D quedando establecidas en 36,72.-€, consonte co Real Decreto 462/2002, de 24 de maio, sobre indemnizacións por razóns de servizo, e normativa de concordante aplicación.

As asistencias aos Consellos escolares de Centro se totalizarán, a efectos de pago, dúas veces ó ano, o 31 de Xullo e o 31 de Decembro de 2023. Os custes totais destinados ao pago das dietas por asistencias aos Consellos Escolares de Centro para o ano 2023, serán aplicados con cargo á bolsa de vinculación da partida presupostaria 3230.233.00.00 "Dietas de asistencia a



Concello de Vigo

Consellos Escolares” do presuposto de 2023. O uso destes créditos con cargo á bolsa de vinculación non afecta ao normal funcionamento do servizo.

Por todo o anteriormente exposto, solicítase á Xunta de Goberno Local que adopte o seguinte acordo:

Primeiro.- Nomear representantes municipais nos consellos escolares de centro das escolas e colexios públicos de Vigo, ás persoas que de seguido se relacionan, con vixencia dende o 1 de xaneiro ata o 31 de decembro de 2023.

ZONA 1.

PEDRO M^a VÁZQUEZ IGLESIAS (NIF 1190****) Pertenece ao Grupo A2

1. CEIP Emilia Pardo Bazán.
2. CEIP Illas Cíes.
3. CEIP Escultor Acuña.
4. CEIP Seis do Nadal.
5. CEIP Pintor Laxeiro.
6. IES Alexandre Bóveda.
7. IES Alvaro Cunqueiro.
8. Escola Oficial de Idiomas de Vigo (EOIV)

ZONA 2.

VICTOR MARTÍNEZ OYA (NIF 0118****) Pertenece ao grupo C1

1. E.E.I Vilalaura
2. CEIP A Paz-Tintureira.
3. CEIP Ría de Vigo.
4. IES Valadares.
5. E.E.I Valadares.
6. IES Politécnico.
7. IES Audiovisual Vigo.

ZONA 3.

MARIA GABRIELA ROMERO BANDEIRA (NIF ****5364) Pertenece a grupo C1

1. Escola Infantil Municipal Sta. Cristina.
2. Escola Infantil Municipal Atalaia.
3. Escola Infantil Municipal Sta. Marta.
4. Escola Infantil Municipal Costeira.
5. Escola Infantil Municipal Tomás Alonso.
6. Escola Infantil Municipal Bouzas.
7. Escola Infantil Municipal Mestres Goldar.
8. Escola Infantil Municipal Navia.
9. Escola Infantil Municipal Bembrive.

ZONA 4.

ROCÍO BRUZON ALCAÑIZ (NIF ****8643) Pertenece ao grupo C1

1. CEIP Frián-Teis.
2. CEIP Paraixal.
3. EPA Berbés.
4. IES ROU (Rosais I).

5. IES Rosais 2.

ZONA 5.

ANGELES LANDIN LORENZO (NIF 3609****) Pertenece ao grupo C1

1. CEIP Eduardo Pondal.
2. CEIP O Pombal.
3. E.E.I Rúa Aragón
4. E.E.I. Palencia.
5. E.E.I Hernán Cortés.

ZONA 6.

MARIA I. BILBAO ECHEGARAY (NIF ****4812) Pertenece a grupo C1

1. E.E.I. Cristo da Victoria.
2. E.E.I. Monte da Guía.
3. CEIP Canicouva- Pereiró.
4. CEP Celso Emilio Ferreiro.
5. CEIP Ramón y Cajal.

ZONA 7.

CONCEPCIÓN AMBOAGE GARCÍA (NIF 3607****) Pertenece a grupo A2

1. CEIP Josefa Alonso.
2. CEIP Otero Pedraio.
3. IES Beade.
4. CEE Saladino Cortizo.

ZONA 8.

MARIA RITA RIELO FRANCO (NIF 3606****) Pertenece a grupo C1

1. CEIP Mosteiro-Bembrive.
2. CEIP Chans-Bembrive.
3. CEIP Santa Mariña – Cabral.
4. CEIP Cabral Sello.
5. IES Carlos Casares.

ZONA 9.

YOLANDA FAJIN TORRES (NIF ****7554) Pertenece a grupo A2

1. CEIP A Doblada.
2. CEIP Carballal (Cabral).
3. IES Castelao.
4. IES Ricardo Mella.

ZONA 10.

ESTELA ROSENDE VILLAR (NIF 3606****) Pertenece a grupo A2

1. CEIP Sobreira-Valadares.
2. CEIP Coutada-Beade.
3. CEP Valadares Igrexa.
4. EEI Monte do Alba.

ZONA 11.



Concello de Vigo

IRIA MARÍA ÁLVAREZ CANELLA (NIF: 3613****) Pertenece a grupo C2

1. CEIP Baláidos.
2. CEIP Vicente Risco.
3. CEIP Valle Inclán.
4. IES Sto.Tomé de Freixeiro.

ZONA 12.

JOSE ANTONIO FRANCO REZA (NIF ****7780) Pertenece a grupo C2

1. CEP Doutor Fléming.
2. IES O Castro.
3. CEIP Sárdoma Moledo.
4. CEIP Mestres Goldar.
5. CEIP Coruxo Carrasqueira.
6. IES Coruxo Carrasqueira.

ZONA 13.

NURIA MÉNDEZ LEMA (NIF 3611****) Pertenece a grupo C1

1. CEP Santa Tegra.
2. CEIP San Salvador.
3. IES Teis.
4. IES A Guía.

ZONA 14.

FERNANDO GONZÁLEZ NÚÑEZ (NIF ****6781) Pertenece a grupo C2

1. CEIP García Barbón.
2. CEIP Lope de Vega.
3. Instituto Politécnico Marítimo Pesqueiro do Atlántico.
4. Conservatorio Profesional de Música de Vigo.
5. IES Santa Irene.

ZONA 15.

ANTÍA MOSQUERA GONZÁLEZ (NIF 3615****) Pertenece a grupo C1

1. CEIP Bouzas Virxe do Rocío.
2. CEIP Altamar.
3. CEIP Candeán Igrexa.
4. CEIP Candeán Fonteescura.

ZONA 16.

BEGOÑA CABALEIRO VILLANUEVA (NIF ****3757) Pertenece a grupo C1

1. CEIP Alcabre- Javier Sensat.
2. CEIP Navia A. R. Castelao.
3. CEIP Comesaña-Párroco Don Camilo.

Segundo:.- Aprobar a aplicación para este concepto da dieta de 39,78.-€, establecida na actualidade para a categoría segunda de vocais que inclúe ao persoal clasificado nos Grupos A e B e da dieta de 36,72.-€, establecida na actualidade para a categoría terceira de vocais que inclúe ao persoal clasificado nos Grupos C e D, consonte co Real Decreto 462/2002, de 24 de maio, sobre indemnizacións por razóns de servizo.

As asistencias aos Consellos escolares de Centro totalizaranse, a efectos de pago, dúas veces ao ano, o 31 de Xullo e o 31 de Decembro de 2023.

A previsión do gasto anual polo concepto "Dietas de asistencia dos Representantes Municipais nos Consellos Escolares dos Centros Públicos de Vigo" é de 14.000.-€, con cargo á bolsa de vinculación da partida 3230.233.00.00 do orzamento de 2023.

Terceiro.- Establecer a perda da condición de representante municipal para quen non xustifique, antes da súa realización, a súa ausencia á reunión do consello escolar de centro ou á de coordinación do Servizo de Educación que, a fin de estudar a situación xeral, convocarase cando menos, de xeito trimestral.

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

13(1086).- PROXECTO DE CONVENIO COA "CONFEDERACIÓN INTERSINDICAL GALEGA (CIG-VIGO)" NO MARCO DO FOMENTO DO EMPREGO PARA O DESENVOLVEMENTO DO PROGRAMA SERVIZOS DE ATENCIÓN CIDADÁ E ASESORAMENTO XURÍDICO EN MATERIA LABORAL E XORNADA FORMATIVA DURANTE O ANO 2022. EXPTE. 19604/77.

Visto o informe de fiscalización do 26/12/2022, dáse conta do informe-proposta de data 21/12/2022, asinado pola xefa de Participación Cidadá e Desenvolvemento local, a concelleira-delegada de Área e polo concelleiro-delegado de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

ANTECEDENTES

I. D. Alberto Gonçalves Herrero, co DNI 36050811J, en calidade de Secretario de Organización da Unión Comarcal de Vigo da CIG, solicita, mediante escrito remitido en data 20/09/2022 a través do Rexistro Electrónico do Concello de Vigo (documentos núm. 220225412, 220250363, 220259101 e 220259913) a colaboración do Concello de Vigo para a subscripción dun convenio para o desenvolvemento do proxecto "Servizos de atención cidadá e asesoramento xurídico en materia laboral e xornada formativa durante o ano 2022" achegando a seguinte documentación complementaria:

- certificado de representación do Sr. Gonçalves
- certificado de titularidade da conta bancaria.
- certificación de non ter débedas pendentes coa Axencia Estatal Tributaria expedido en data 07/09/2022.
- certificación de non ter débedas pendentes coa Axencia Tributaria de Galicia expedido en data 18/10/2022.
- certificación de estar ao corrente das súas obrigas coa Tesourería Xeral da Seguridade Social expedido en data 07/09/2022 1.
- declaración xurada de que a entidade non está incurso nas prohibicións para obter a condición de beneficiaria previstas no art. 10 da Lei de Subvencións de Galicia; e de que a entidade non se atopa en ningunha das situacións indicadas no art. 34 da Lei Xeral de Subvencións e art. 31.6 da Lei de Subvencións de Galicia, que lle impidan a percepción do pago anticipado.



Concello de Vigo

- tarxeta de identificación fiscal da entidade.
- declaración responsable das axudas recibidas para o programa.
- orzamento de gastos do proxecto (01-01-2022 – 30-09-2022)
- memoria do Programa Servizos de atención cidadá e asesoramento xurídico en materia laboral e xornada formativa durante o ano 2022 (a memoria final modificada atópase no doc. Nº2220250363).

II. A devandita entidade consta inscrita no Rexistro Municipal de Asociacións co nº 489-96, no epígrafe 5.1.

III. Nos vixentes orzamentos do Concello de Vigo, consta a partida 2410 4800002 “Convenio CIG Fomento do Emprego”, por importe de 37.000,00 €.

IV. En data 21/10/2022 a Tenente de Alcalde e concelleira delegada da Área de Economía, Fondos Europeos, Patrimonio e Emprego (RA de delegación de competencias do 06/09/2022) asinou a orde de inicio de expediente para tramitar o presente convenio.

V. A petición do servizo de Participación Cidadá e Desenvolvemento Local, expídese certificación de data 21/10/2022 do adxunto ao tesoureiro municipal, acreditativa de que a beneficiaria non ten débedas ou sancións de natureza tributaria co Concello de Vigo.

VI. A xefa de servizo de Participación Cidadá e Desenvolvemento Local, co conforme da a Tenente de Alcalde e concelleira delegada da Área de Economía, Fondos Europeos, Patrimonio e Emprego asinou a memoria xustificativa e o texto do convenio que se propón para aprobación.

FUNDAMENTOS DE DEREITO

I. Obxecto:

O obxecto do presente expediente é a concesión dunha subvención nominativa á “CONFEDERACIÓN INTERSINDICAL GALEGA (CIG-Vigo)” no marco do plan municipal de emprego, mediante o desenvolvemento do Programa “Servizos de atención cidadá e asesoramento xurídico en materia laboral e xornada formativa durante o ano 2022”.

II. Procedemento de concesión directa:

No caso excepcional de concesión directa segundo o previsto no artigo 22.2.a) e c) da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións (LXS), no art. 19.4.a) da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia (LSG) e na Base 38.5.2 das de Execución dos Orzamentos xerais do Concello de Vigo do 2020, o acto de concesión ou o convenio terá o carácter de bases reguladoras da concesión.

De acordo co disposto nos artigos 28.1 da LXS e 26.1 da LSG, o convenio será o instrumento habitual para canalizar as subvencións previstas nominativamente nos orzamentos da Administración concedente.

Segundo resultou acreditado mediante as declaracións responsables e as certificacións achegadas ao expediente, a “CONFEDERACIÓN INTERSINDICAL GALEGA (CIG-Vigo)” non está incurso en prohibición para ser beneficiaria das subvencións obxecto da Lei de subvencións de Galicia, áchase ao corrente das súas obrigas tributarias e fronte á AEAT, a Axencia Tributaria de Galicia e a Seguridade Social e non ten débedas pendentes con este Concello de Vigo.

A vixencia do convenio será dende a sinatura do convenio ata o 31/12/2022.

III. Suxeitos que asinan o convenio e capacidade xurídica con que actúa cada unha das partes:

Por unha parte, asinará o presente convenio a Alcaldía-Presidencia, ao abeiro do art. 124 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LRBRL), que lle atribúe a máxima representación do municipio; correspondéndolle, en caso de ser necesaria a súa substitución, á Tenente de Alcalde e concelleira delegada da Área de Economía, Fondos Europeos, Patrimonio e Emprego.

Pola outra parte, asinará o convenio don D. Alberto Gonçalves Herrero, co DNI 36050811J, en calidade de Secretario de Organización da Unión Comarcal de Vigo da CIG, con CIF G36706927, segundo resultou acreditado no expediente.

IV. Competencia administrativa na que se fundamenta a actuación da Administración Pública:

O interese xeral, a competencia administrativa e a conveniencia na concertación do convenio, recóllense na Memoria xustificativa do convenio, documento obrigado segundo sinala o art. 50 da Lei 40/2015 e o art. 199 LALG.

Na memoria consta xustificada a necesidade e oportunidade da subscrición do convenio, o seu impacto económico, o carácter non contractual da actividade en cuestión, e o cumprimento do previsto na lei.

O fomento do emprego ten a consideración de actividade prioritaria dentro desta Administración municipal, segundo o acordado pola Xunta de Goberno Local en data 09/03/2012, en atención ao seu persoal beneficiario, e no marco de contextos económicos e sociais desfavorables.

A Lei 5/2014, do 27 de maio, de medidas urxentes derivadas da entrada en vigor da Lei 27/2013, do 27 de decembro, de Racionalización e Sustentabilidade da Administración Local establece no seu artigo 3.3 – a propósito das competencias distintas das propias e das atribuídas por delegación- que non considera, entre outras, como exercicio de novas competencias *a continuidade na prestación dos servizos xa establecidos* (apartado terceiro a) nin *a continuidade da actividade de fomento xa establecida en exercicios anteriores* (apartado terceiro b); como é o caso das convocatorias de subvencións e convenios que se



Concello de Vigo

veñen formalizando en exercicios anteriores desde o Servizo de Desenvolvemento Local e Emprego.

Así mesmo, a Disposición adicional primeira, adicada ás competencias atribuídas pola lexislación autonómica anterior á entrada en vigor da Lei 27/2013, do 27 de decembro, de racionalización e sustentabilidade da Administración local establece que *as competencias atribuídas ás entidades locais pola lexislación autonómica anterior á entrada en vigor da Lei 27/2013, do 27 de decembro, de racionalización e sustentabilidade da Administración local, continuarán exercéndoas elas, rexéndose pola indicada lexislación ou, de ser o caso, polo dereito estatal aplicable como supletorio, sen prexuízo do disposto nas disposicións adicionais cuarta e quinta sobre asunción pola Comunidade Autónoma das competencias relativas á educación, saúde e servizos sociais*. A este respecto, compre subliñar que corresponde a materias de competencia propias do Concello o disposto segundo as letras k) e p) do artigo 80.2 da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de administración local de Galicia, e que a empregabilidade e as políticas activas de emprego, segundo se indica no artigo 4 da Lei 56/2003, do 16 de decembro, de Emprego, na redacción dada polo artigo 2 del R.D.L. 3/2011, do 18 de febreiro, de medidas urxentes para a mellora da empregabilidade e a reforma das políticas activas de emprego, terán unha dimensión local.

O fomento do emprego constitúe un obxectivo prioritario das políticas públicas, especialmente necesario no actual contexto, atendendo ás graves repercusións económicas e sociais provocadas pola situación de crise sanitaria xerada polo COVID-19 e a crise económica que estamos a vivir nestes días que corren.

IV. Contía total e crédito orzamentario:

O importe do convenio solicitado de 37.000,00 € imputaranse con cargo á partida 2410 4800002 “Convenio CIG Fomento do Emprego”, do orzamento xeral do Concello de Vigo para o ano 2022, co obxecto de coadxuvar ao financiamento dos gastos de xestión e organización das actividades previstas, tendo en conta o prazo de execución do proxecto (01/01/2022 ao 30/09/2022).

Esta subvención será compatible con calquera outra subvención ou axuda para a mesma finalidade procedente de calquera outra administración ou de entes públicos ou privados, nacionais, da Unión Europea ou de organismos internacionais.

A beneficiaria deberá comunicar ao Concello de Vigo a obtención doutras subvencións, axudas ingresos ou recursos que financien a actividade subvencionada. Esta comunicación deberá efectuarse no momento en que se coñeza e, en todo caso, con anterioridade a xustificación da aplicación dada ós fondos recibidos.

En calquera caso, o importe total da subvención ou subvencións non poderá superar o da actividade subvencionada; caso no que se procederá na forma prevista no artigo 34 do RD 887/2006, de 21 de xuño, polo que se aprobou o Regulamento da Lei Xeral de Subvencións.

Con carácter previo á aprobación do presente acordo pola Xunta de Goberno Local, deberá emitir informe a Intervención Xeral do Concello sobre a existencia de crédito axeitado e

suficiente, para atender ás obrigas de contido económico que derivan da concesión do mesmo.

V. Normativa de aplicación:

A tenor do disposto no artigo 48.7 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público, cando o convenio instrumente unha subvención deberá cumprir co previsto na Lei 38/2003, do 17 de novembro, Xeral de Subvencións e na normativa autonómica de desenvolvemento que, no seu caso, resulte aplicable. Xa que logo, resulta de aplicación o previsto na Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións e o Real Decreto 887/2006, de 21 de xullo, polo que se aproba o seu regulamento, nos seus preceptos básicos; a Lei 9/2007 do 13 de xuño, de Subvencións de Galicia; a lexislación básica do Estado de réxime xurídico do sector público, en materia de réxime local e de procedemento administrativo común das Administracións públicas; os preceptos non básicos da Lei 38/2003 e do Real Decreto 887/2006; as Bases de Execución do Orzamento do Concello de Vigo para o ano 2022, as restantes normas de dereito administrativo e, no seu defecto, as normas de dereito privado.

VI. Prazo e forma de xustificación da subvención mediante tramitación electrónica:

En cumprimento da obriga imposta polo artigo 14.2.a) da Lei 39/2015, do 1 de outubro, de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas (LPAC), a entidade está obrigada a relacionarse electrónicamente coas Administracións Públicas.

O prazo de xustificación da subvención por parte da CONFEDERACIÓN INTERSINDICAL GALEGA (CIG-Vigo), debido a problemas xurdidos na xestión do servizo, establécese nos **7 (sete) días hábiles** seguintes á sinatura por ambas partes do convenio.

Para proceder á xustificación do cumprimento da finalidade para a que se concedeu a subvención e, no seu caso, da aplicación dos fondos recibidos, deberá achegar a conta xustificativa a través da sede electrónica do Concello de Vigo, por calquera dos mecanismos de identificación admitidos na sede electrónica, que se poden consultar no enlace <https://sede.vigo.org/expedientes/usuarios/login.jsp?lang=ga>.

A tenor do disposto no art. 81 do Regulamento da LXS establécese o emprego de medios electrónicos, informáticos e telemáticos para o procedemento de xustificación das subvencións, con indicación dos trámites que deberán ser cumprimentados por vía electrónica, informática ou telemática e os medios electrónicos e sistemas de comunicación utilizables, que deberán axustarse ás especificacións que se establezan por Orde do Ministerio de Economía e Facenda (Orde EHA/2261/2007, do 17 de xullo, pola que se regula o emprego de medios electrónicos, informáticos e telemáticos na xustificación de subvencións). A tal efecto, a entidade beneficiaria achegará a documentación xustificativa por medios electrónicos, informáticos e telemáticos (EIT), resultando esixible a aportación de facturas electrónicas e/ou copias dixitalizadas compulsadas das facturas orixinais en papel.

No caso de que se achegue a documentación presencialmente, requirirase a súa subsanación mediante a súa presentación electrónica. A estes efectos, considerarase como data de presentación da documentación aquela na que tivese realizado a subsanación.



Concello de Vigo

VII. Publicidade:

O presente convenio quedará sometido ás normas de transparencia que regula a Lei 19/2013, do 9 de decembro, tendo que ser incorporadas ao Portal de transparencia e deberá rexistrarse na BDNS no momento da concesión do convenio, que opera como sistema nacional de publicidade das subvencións conforme establece a Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións.

VIII. Órgano competente:

O artigo 74 da Lei de Subvencións de Galicia establece que a competencia para conceder subvencións nas corporacións locais correspóndelle aos órganos que teñen atribuída esa función na lexislación de réxime local.

De conformidade co artigo 127.g) da Lei 57/2003, do 16 de decembro, de Medidas para a Modernización do Goberno Local (LMMGL), correspóndelle á Xunta de Goberno Local o *desenvolvemento da xestión económica, autorizar e dispor gastos en materia da súa competencia, dispor gastos previamente autorizados polo Pleno e a xestión do persoal.*

IX. Recursos:

De conformidade cos artigos 52.2.a) da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local (LRBRL) e 210.a) do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, aprobado por RD 2568/1986, do 28 de novembro, as resolucións da Xunta de Goberno Local poñen fin á vía administrativa.

Segundo os artigos 132 e 124 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, os actos administrativos que poñen fin á vía administrativa, poden ser recorridos potestativamente en reposición ante o mesmo órgano que os ditou no prazo dun mes, ou directamente ante a xurisdición contencioso-administrativa. Se se interpón o recurso de reposición, non poderá interpoñerse o recurso contencioso-administrativo ata a resolución do primeiro ou ata a súa desestimación presunta. O prazo para a interposición do recurso contencioso-administrativo será de dous meses.

Por todo o anteriormente exposto, nos termos e condicións, alcance e contido dos informes de fiscalización da Intervención Xeral Municipal; previa a conformidade da Tenente de Alcalde e concelleira delegada da Área de Economía, Fondos Europeos, Patrimonio e Emprego, nos termos das delegacións competenciais efectuadas en data 06/09/2022, propónse á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte

ACORDO:

1.Acordar a tramitación do presente procedemento administrativo para a tramitación do CONVENIO ENTRE O CONCELLO DE VIGO E A "CONFEDERACIÓN INTERSINDICAL GALEGA (CIG-Vigo)" nº 19604-77.

2. Aprobar o texto do convenio que se achega ao presente acordo entre o Concello de Vigo e a “CONFEDERACIÓN INTERSINDICAL GALEGA (CIG-Vigo)”, co CIF G36706927 no marco do plan municipal de emprego, para o desenvolvemento do Programa “Servizos de atención cidadá e asesoramento xurídico en materia laboral e xornada formativa durante o ano 2022”

3. Autorizar o gasto de **37.000,00 €**, como contrapartida do estipulado no presente convenio de colaboración, con cargo á partida 2410 4800002 “Convenio CIG Fomento do Emprego”, do orzamento xeral do Concello de Vigo para o ano 2022.

4. Facultar á Tenente de Alcalde e concelleira delegada da Área de Economía, Fondos Europeos, Patrimonio e Emprego (RA de delegación de competencias do 06/09/2022), Elena Espinosa Mangana, para asinar o citado convenio.

5. Rexistrar os datos estruturados do convenio aprobado, para a súa publicación na Base de Datos Nacional de Subvencións (BDNS), así como publicar o mesmo no portal de transparencia do Concello de Vigo, conforme o artigo 20 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións e artigo 15 da Lei de Lei 9/2007, do 13 de xuño, subvencións de Galicia

Contra o presente acordo poderán interpoñer recurso de reposición ante o órgano que a dita no prazo dun mes ou recurso contencioso-administrativo ante os Xulgados do Contencioso-Administrativo de Vigo no prazo de dous meses, ámbolos dous prazos, contados a partir do día seguinte á recepción da notificación do acordo, de conformidade cos art. 123 e 124 da Lei 39/2015, de LPAC e 8.1 e 46.1 da Lei 29/98, RXCA. Porén, interposto o recurso de reposición non poderá interpoñer recurso contencioso-administrativo ata que sexa resolto expresamente o primeiro ou se produza a súa desestimación presunta polo transcurso do prazo máximo dun mes establecido para ditar e notificar a resolución.

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

ANEXO I

CONVENIO ENTRE O CONCELLO DE VIGO E A “CONFEDERACIÓN INTERSINDICAL GALEGA (CIG-Vigo)” NO MARCO DO FOMENTO DO EMPREGO PARA O DESENVOLVEMENTO DO PROGRAMA SERVIZOS DE ATENCIÓN CIDADÁ E ASESORAMENTO XURÍDICO EN MATERIA LABORAL E XORNADA FORMATIVA DURANTE O ANO 2022 (EXPTE. 19604/77)

En Vigo, na Casa do Concello de Vigo, na data da sinatura dixital

REUNIDOS



Concello de Vigo

Dunha parte, dona Elena Espinosa Mangana, na súa calidade de Tenente de Alcalde e concelleira delegada da Área de Economía, Fondos Europeos, Patrimonio e Emprego do Concello de Vigo (CIF P3605700H), con enderezo na Praza do Rei núm. 1 de Vigo.

Doutra parte, D. Alberto Gonçalves Herrero, con DNI 36050811J, en representación da Confederación Intersindical Galega (CIG-Vigo) (CIF G36706927) e enderezo social na Rúa Gregorio Espino 47- Ent., de Vigo, segundo documentación incorporada ao expte. 19604/77, persoa responsable da sinatura do presente convenio.

E, actuando Dona Susana Gallardo Fariña, en calidade de secretaria da Administración Municipal, e dando fe do acto que se celebra.

Actuando no exercicio dos seus respectivos cargos e tendo os comparecentes a capacidade legal necesaria para o outorgamento do presente convenio,

MANIFESTAN

PRIMEIRO: Que dacordo coa coa RA de delegación de competencias do 06/09/2022, correspóndelle á Tenente de Alcalde e concelleira delegada da Área de Economía, Fondos Europeos, Patrimonio e Emprego, o deseño e dirección das políticas activas de emprego, fundamentalmente as relacionadas coa mellora da empregabilidade, de cara a fomentar a adaptación das persoas traballadoras, impulsar e dirixir os Pactos Locais polo Emprego e en materia de relación cos sindicatos, actuar como interlocutor coas diferentes entidades sindicais, fomentando o diálogo aberto e escoita activa así como a procura de acordos nos aspectos con maior impacto socio económico na cidade, así como, a planificación e execución das políticas públicas municipais en materia social e relacións laborais, adecuadas ao actual contexto socioeconómico.

SEGUNDO: Que unha das tarefas fundamentais do Concello de Vigo é a mellora do benestar da súa cidadanía, sendo un elemento primordial para acadar este benestar a interacción desta co mercado laboral.

A Lei 5/2014, do 27 de maio, de medidas urxentes derivadas da entrada en vigor da Lei 27/2013, do 27 de decembro, de Racionalización e Sustentabilidade da Administración Local establece no seu artigo 3.3 – a propósito das competencias distintas das propias e das atribuídas por delegación- que non considera, entre outras, como exercicio de novas competencias a continuidade na prestación dos servizos xa establecidos (apartado terceiro a) nin a continuidade da actividade de fomento xa establecida en exercicios anteriores (apartado terceiro b); como é o caso das convocatorias de subvencións e convenios que se veñen formalizando en exercicios anteriores dende o Servizo de Desenvolvemento Local e Emprego dende, polo menos, o ano 2013, mediante a sinatura de convenios coa “**CONFEDERACIÓN INTERSINDICAL GALEGA (CIG-Vigo)**”, para a o desenvolvemento de proxectos de servizos de atención cidadá e asesoramento xurídico en materia laboral e xornada formativa de Igualdade.

Neste marco normativo, cómpre subliñar que a Xunta de Goberno Local, mediante acordo do 09/03/2012, considerou que o fomento do emprego, constitúe unha actividade prioritaria dentro desta Administración municipal en atención ao seu persoal beneficiario, e no marco de contextos económicos e sociais desfavorables.

Así mesmo, a Disposición adicional primeira, adicada ás competencias atribuídas pola lexislación autonómica anterior á entrada en vigor da Lei 27/2013, do 27 de decembro, de racionalización e sustentabilidade da Administración local establece que *as competencias atribuídas ás entidades locais pola lexislación autonómica anterior á entrada en vigor da Lei 27/2013, do 27 de decembro, de racionalización e sustentabilidade da Administración local, continuarán exercéndoas elas, rexéndose pola indicada lexislación ou, de ser o caso, polo dereito estatal aplicable como supletorio, sen prexuízo do disposto nas disposicións adicionais cuarta e quinta sobre asunción pola Comunidade Autónoma das competencias relativas á educación, saúde e servizos sociais.* A este respecto, compre subliñar que corresponde a materias de competencia propias do Concello o disposto segundo as letras k) e p) do artigo 80.2 da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de administración local de Galicia, e que a empregabilidade e as políticas activas de emprego, segundo se indica no artigo 4 da Lei 56/2003, do 16 de decembro, de Emprego, na redacción dada polo artigo 2 del R.D.L. 3/2011, do 18 de febreiro, de medidas urxentes para a mellora da empregabilidade e a reforma das políticas activas de emprego, terán unha dimensión local.

O fomento do emprego constitúe un obxectivo prioritario das políticas públicas, especialmente necesario no actual contexto das novas necesidades xurdidas da crise sanitaria e da crise debido á guerra de Ucraína e as súas repercusións no ámbito sociolaboral, que poden provocar cifras históricas de destrución de emprego, e tamén, dentro das medidas de fomento do emprego en todas as súas vertentes, o Concello de Vigo asume a tarefa de colaborar coas entidades sociais, e empresariais máis significativas no desenvolvemento dunha serie de accións de carácter sociolaboral, as cales redundan no beneficio da cidade

TERCEIRO: Que a CIG é unha organización sindical maioritaria, en número de representantes sindicais, do seu ámbito territorial, e posúe unha acreditada experiencia no deseño e execución, con éxito, de diversos proxectos en cooperación con entidades e administracións públicas.

Segundo contempla o art. 6 do Título I dos seus Estatutos confederais, é unha organización sindical de traballadores/as galegas, con obxectivos sociais como a profundización democrática e social, o pleno exercicio de todos os dereitos humanos e o impulso da participación sociopolítica, entre outros.

Deste xeito, co obxecto de contribuír á consecución dos fins públicos obxecto de protección, a través de fórmulas de colaboración con axentes sociais de ampla representatividade, dáse trámite ao procedemento de “Convenio de colaboración entre o Concello de Vigo e a Confederación Intersindical Galega (CIG-Vigo) no marco do fomento do emprego para o desenvolvemento do programa de servizos de atención cidadá e asesoramento xurídico en materia laboral e xornada formativa durante o ano 2022”:

I.- Que a Confederación Intersindical Galega (CIG-Vigo), conforme á proposta presentada no rexistro xeral do Concello de Vigo o pasado día 20/09/2022, a través dos documento con número de rexistro de entrada 220225412 ten por obxecto a organización das seguintes accións de carácter sociolaboral de interese para a cidadanía no marco do fomento do emprego:



Concello de Vigo

- ✓ Desenvolvemento dun servizo de atención xeral ao público.
- ✓ Reforzo da actividade de asesoramento xurídico laboral.
- ✓ Realización dunha actividade formativa pública “O contexto laboral con perspectiva de xénero”, onde se analiza a situación sociolaboral e os seus impactos específicos en chave de xénero, así como a incidencia dos recentes cambios normativos a nivel laboral no que ten a ver coa promoción da igualdade de condicións e retribucións, ou a implementación de plans de igualdade.

II.- Que o Concello de Vigo recoñécelle á Confederación Intersindical Galega (CIG-Vigo), a condición de partícipe na súa contribución na defensa e promoción dos intereses económicos e sociais que lles son propios, como síntoma da boa saúde dun estado social e democrático de dereito no que a mellora da igualdade no emprego contribuiría favorablemente no eido laboral da cidade.

III.- Que na devandita actividade a subvencionar e na subvención mesma concorren singulares circunstancias de interese público, social, económico e humanitario; tendo en conta a situación socio-laboral actual na cidade de Vigo.

Estas circunstancias así como a presenza que ten a Confederación Intersindical Galega (CIG-Vigo) entre o tecido económico e laboral, e a existencia dunha partida nominativa nos orzamentos do Concello de 2022, para o desenvolvemento dun convenio coa CIG para o fomento do emprego, xustifican a súa concesión directa.

IV.- Toda vez que de acordo co disposto nos artigos 28.1 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións e 26.1 da Lei 9/2007, o convenio será instrumento habitual para canalizar as subvencións previstas nominativamente, os intervintes conclúen o presente convenio co fin de regular os termos da concesión da devandita axuda, co obxecto de desenvolver un proxecto para axudar ás persoas máis vulnerables, especialmente necesario nas actuais circunstancias, atendendo ás graves repercusións económicas e sociais provocadas pola situación de crise sanitaria xerada polo COVID-19.

V.- Que a Confederación Intersindical Galega (CIG-Vigo) non está incurso en prohibición para ser beneficiaria das subvencións obxecto da Lei de subvencións de Galicia, áchase ao corrente das súas obrigas tributarias e fronte á Seguridade Social e non ten débedas pendentes con este Concello de Vigo, segundo resulta das declaracións responsables e certificacións que figuran no expediente.

Que en base ás precedentes consideracións e ao interese que para a cidade de Vigo representa a devandita actividade da Confederación Intersindical Galega (CIG-Vigo), o Concello de Vigo e a dita organización sindical conveñen a súa colaboración no ámbito de Vigo e a concesión da referida subvención en base aos seguintes

PACTOS

Primeiro.- A Confederación Intersindical Galega (CIG-Vigo) comprométese a colaborar coa Concellaría de Emprego do Concello de Vigo en canto á dinamización e fomento do

emprego entre a cidadanía viguesa, e a levar a cabo as actividades que fundamentan a concesión da subvención, co contido e nos termos do proxecto achegado ao expediente:

1. Desenvolver un servizo de atención xeral ao público.
2. Reforzo da actividade de asesoramento xurídico laboral.
3. Realización dunha actividade formativa pública “O contexto laboral con perspectiva de xénero”, onde se analiza a situación sociolaboral e os seus impactos específicos en chave de xénero, así como a incidencia dos recentes cambios normativos a nivel laboral no que ten a ver coa promoción da igualdade de condicións e retribucións, ou a implementación de plans de igualdade.
4. No emprazamento das accións e na páxina inicial da web da entidade deberá constar en lugar visible cartel informativo en modelo normalizado que será subministrado polo servizo de Desenvolvemento Local e Emprego.
5. Calquera edición, roupa de traballo e/ou material gráfico relacionado coas accións deste convenio realizaranse no idioma galego. En todos os casos deberá aparecer o logotipo oficial do Concello de Vigo-Concellería de Emprego- como patrocinador das accións, sendo esta cuestión extensible ás carpetas, distintivos e outros elementos que realicen.
6. Dispor dos permisos e autorizacións necesarios para o desenvolvemento das actividades.
7. Aboar as taxas, impostos, dereitos de autor e demais gastos derivados da execución das actividades previstas.
8. Cmprir con todas as obrigas establecidas no art. 14.1 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións.
9. En xeral cumprir coas obrigas consignadas para as beneficiarias das subvencións no artigo 11 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

Segundo.- O Concello de Vigo, pola súa parte, comprométese a:

- 1.Colaborar na orientación, supervisión e avaliación das actividades realizadas.
- 2.Respectar a estrutura organizativa da Confederación Intersindical Galega (CIG-Vigo).
- 3 .Conceder directamente á Confederación Intersindical Galega (CIG-Vigo) unha subvención por importe de 37.000,00 € que corresponden aos custos salariais e de seguridade social do persoal asignado ao proxecto, subministro eléctrico, mantemento do local e gastos de organización e xestión da xornada, necesarios para o desenvolvemento do convenio, con cargo á partida 2410 4800002 “Convenio CIG Fomento do Emprego”, dos orzamentos xerais do Concello de Vigo, co obxecto de coadxuvar ao financiamento dos gastos de contratación de persoal, xestión e organización das actividades previstas.

Terceiro.- Esta axuda será compatible con calquera outra subvención ou axuda para a mesma finalidade procedente de calquera outra administración ou de entes públicos ou privados, nacionais, da Unión Europea ou de organismos internacionais.



Concello de Vigo

A beneficiaria deberá comunicar ao Concello de Vigo a obtención doutras subvencións, axudas, ingresos ou recursos que financien a actividade obxecto do convenio. Esta comunicación deberá efectuarse no momento en que se coñeza e, en todo caso, con anterioridade a xustificación da aplicación dada aos fondos recibidos.

En calquera caso, o importe total da subvención ou subvencións non poderá superar o da actividade subvencionada; caso no que se procederá na forma prevista no artigo 34 do RD 887/2006, de 21 de xuño, polo que se aprobou o Regulamento da Lei Xeral de Subvencións.

Cuarto.- Se o custe total da actividade resultase ser menor que o contemplado para a concesión da subvención ou se reducisen na execución da actividade conveniada as actuacións ou elementos previstos como integrantes da mesma, procederá a redución da subvención na mesma proporción.

A comunicación destas circunstancias ao Concello deberá efectuarse no momento en que se coñeza e, en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dada aos fondos recibidos.

Quinto.- A beneficiaria non poderá subcontratar con terceiros a actividade subvencionada obxecto do convenio.

Sexto.- A beneficiaria debe dar a adecuada publicidade ao financiamento municipal da actividade. A devandita difusión cumprirá os seguintes requisitos:

–A información, especialmente carteis e programas editados, estará integramente na lingua galega.

–En toda información gráfica editada figurarán os logotipos e anagramas oficiais do Concello de Vigo, ademais das lendas que se acorden. Se no financiamento das actividades interveñen outras entidades distintas das asinantes do Convenio, a prelación en orde de tamaño será proporcional a cadansúa achega económica.

–O material gráfico editado disporá do correspondente depósito legal. De todo o material editado, entregaranse 2 exemplares no servizo de Desenvolvemento Local e Emprego da Concellaría de Emprego.

Sétimo.- A presente subvención rexistrarase na BDNS no momento da concesión do convenio, conforme establece a Lei 38/2003, de 17 de novembro Xeral de Subvencións e no portal de transparencia do Concello de Vigo.

Oitavo.- A presente subvención está suxeita aos requisitos de publicidade esixidos por mor do artigo 3 da Lei 19/2013, de 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno, resultando suxeitos obrigados polas disposicións do capítulo II do título I: os partidos políticos, organizacións sindicais e organizacións empresariais e as entidades privadas que perciban durante o período dun ano axudas ou subvencións públicas nunha contía superior a 100.000 euros ou cando polo menos o 40% do total dos seus ingresos anuais teñan carácter de axuda ou subvención pública, sempre que alcancen como mínimo a cantidade de 5.000 euros.

Noveno.- O pagamento da subvención realizarase logo de que a beneficiaria xustifique a realización do proxecto. A xustificación da subvención realizarase pola Confederación Intersindical Galega (CIG-Vigo) mediante a presentación dunha memoria final, coa correspondente conta xustificativa que acredite o cumprimento total do obxecto e condicións do convenio. O prazo de xustificación realizarase nos 7 (sete) días hábiles seguintes á sinatura do convenio por ambas partes.

En cumprimento da obriga imposta polo artigo 14.2.a) da Lei 39/2015, do 1 de outubro, de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas (LPAC), a beneficiaria está obrigada a relacionarse electronicamente coas Administracións Públicas.

A tenor do disposto no art. 81 do Regulamento da LXS establécese o emprego de medios electrónicos, informáticos e telemáticos para o procedemento de xustificación das subvencións, con indicación dos trámites que deberán ser cumprimentados por vía electrónica, informática ou telemática e os medios electrónicos e sistemas de comunicación utilizables, que deberán axustarse ás especificacións que se establezan por Orde do Ministerio de Economía e Facenda (Orde EHA/2261/2007, do 17 de xullo, pola que se regula o emprego de medios electrónicos, informáticos e telemáticos na xustificación de subvencións). A tal efecto, a entidade beneficiaria achegará a documentación xustificativa por medios electrónicos, informáticos e telemáticos (EIT), resultando esixible a achega de facturas electrónicas e/ou copias dixitalizadas asinadas electrónicamente

No caso de que se achegue a documentación presencialmente, requirirase a súa subsanación mediante a súa presentación electrónica. A estes efectos, considerarase como data de presentación da documentación aquela na que tivese realizado a subsanación.

Xa que logo, para proceder á xustificación do cumprimento da finalidade para a que se concedeu a subvención e, no seu caso, da aplicación dos fondos recibidos, deberá achegar a **conta xustificativa** (integrada pola memoria de actividades e a memoria económica dos gastos incorridos) a través da sede electrónica do Concello de Vigo, por calquera dos mecanismos de identificación e sinatura electrónica admitidos na sede electrónica, que se poden consultar no enlace <https://sede.vigo.org/expedientes/usuarios/login.jsp?lang=ga>. A tal efecto deberá achegar a conta xustificativa da subvención outorgada que conterá a seguinte documentación e información:

Unha memoria final do programa de actividades obxecto deste convenio, onde figurarán como mínimo os datos de participación, a memoria de prensa, un rexistro fotográfico ou audiovisual. Indicaranse as actividades realizadas e os resultados obtidos, e nos que figurará a ser posible, a seguinte documentación: denominación do programa, proxecto ou gasto subvencionado; datas e lugar de celebración; colectivo afectado, nº de beneficiarios e programación desenvolvida; nos cursos de formación, engadirase ao anterior e en folla aparte, o programa do curso, horas de formación e a identificación dos participantes; actuacións realizadas; exemplares do material de información, boletíns ou libros editados e publicidade relacionada coa actividade subvencionada.

A memoria económica da conta xustificativa deberá incluír unha relación de tódolos xustificantes de pago dos gastos incorridos á que se xuntarán as **facturas electrónicas**



Concello de Vigo

e/ou copias dixitalizadas asinadas electrónicamente e/ou os demais documentos de valor probatorio equivalente.

Reflectiranse nunha táboa todos os gastos acreditados mediante facturas electrónicas e/ou copias asinadas electronicamente, indicando o **nome de empresa**, o número de **CIF**, a **data**, o **número** de factura e o **IVE**. Computarase o gasto acreditado **deducindo o IVE**, salvo que se xustifique a exención do dito imposto (achegarse, a tal efecto, unha declaración responsable da entidade de non dedución do IVE ou o acordo de exención do IVE) e deberá indicarse o **importe que se imputa** á subvención (total/parcial).

Non será preciso que nos documentos xustificativos de pago conste de forma expresa que os pagos aos que os mesmos se refiren foron satisfeitos con anterioridade ao proceso de xustificación do cumprimento da finalidade para a que se concedeu a subvención.

Conforme establece o Real Decreto 887/2006, de 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvención, no seo artigo 70.3, transcorrido o prazo establecido de xustificación sen presentarse esta ante o órgano administrativo competente, este requirirá ao beneficiario para que no prazo improrrogable de quince días sexa presentada aos efectos previstos neste Capítulo. A falla de presentación da xustificación no prazo establecido neste apartado levará consigo a esixencia do reintegro e demais responsabilidades establecidas na Lei Xeral de Subvencións. A presentación da xustificación no prazo adicional establecido neste apartado non eximirá ao beneficiario das sancións que, conforme á Lei Xeral de Subvencións, correspondan.

Décimo.- Antes de proceder ao pago da subvención a beneficiaria deberá acreditar estar ao corrente no pagamento das súas obrigas fiscais e para coa seguridade social e non ser debedor por resolución de procedencia de reintegro, o que poderá realizar por medio dunha declaración responsable, ao abeiro do artigo 31.7 e) da lei 9/2007 de subvencións de Galicia.

Décimo primeiro.- Serán gastos subvencionables os que de xeito indubitado respondan a natureza da actividade subvencionada e se realicen no prazo comprendido entre o 1 de xaneiro de 2022 ao 30 de setembro de 2022.

Décimo segundo.- A realización da actividade subvencionada e o cumprimento da finalidade que determinou a concesión da axuda será comprobada polo servizo de Desenvolvemento Local e Emprego dependente da Concellaría de Emprego. A xefa do servizo de Desenvolvemento Local e Emprego emitirá informe ao respecto facendo constar, no seu caso, todas aquelas circunstancias que poidan resultar relevantes en orden a considerar incumprida ou defectuosamente cumprida a actividade obxecto da subvención.

Décimo terceiro.- A beneficiaria deberá facilitar toda a información que lle sexa requirida pola Concellaría de Emprego e pola Intervención Xeral Municipal, Tribunal de Contas e Consello de Contas no exercicio das súas funcións de fiscalización e control do destino das subvencións.

Décimo cuarto.- Procederá o reintegro das cantidades percibidas e a esixencia de xuros de demora desde o pagamento da subvención ata a data na que se acorde a procedencia do reintegro nos casos do artigo 33 LSG, nos casos:

5. Incumprimento total ou parcial do obxectivo, da actividade ou do proxecto ou non adopción do comportamento que fundamenta a concesión da axuda.
6. Incumprimento da obriga de xustificación ou a xustificación insuficiente.
7. Incumprimento da obriga de adoptar as medidas de difusión contidas no apartado sétimo do convenio.
8. Resistencia, escusa, obstrución ou negativa ás actuacións de comprobación e control financeiro, así como o incumprimento das obrigas contables, rexistrais ou de conservación de documentos cando diso se derive a imposibilidade de verificar o emprego dado aos fondos percibidos, o cumprimento do obxectivo, a realidade e regularidade das actividades obxecto do convenio, ou a concorrencia de subvencións, axudas, ingresos ou recursos para a mesma finalidade, procedentes de calquera administración ou entes públicos ou privados, estatais, da Unión Europea ou de organismos internacionais.
9. Incumprimento das obrigas impostas pola administración ás entidades colaboradoras e beneficiarios, así como dos compromisos por estes asumidos, con motivo da concesión da axuda, sempre que afecten ou se refiran ao modo en que se conseguen os obxectivos, se realiza a actividade, se executa o proxecto ou se adopta o comportamento que fundamenta a concesión da axuda.
10. Incumprimento das obrigas impostas pola administración ás entidades colaboradoras e beneficiarios, así como dos compromisos por estes asumidos, con motivo da concesión da axuda, distintos dos anteriores, cando diso se derive a imposibilidade de verificar o emprego dado aos fondos percibidos, o cumprimento do obxectivo, a realidade e regularidade das actividades obxecto do convenio, ou a concorrencia de subvencións, axudas, ingresos ou recursos para a mesma finalidade, procedentes de calquera administración ou entes públicos ou privados, estatais, da Unión Europea ou de organismos internacionais.

Cando o incumprimento da actividade obxecto do convenio se traduza nunha diminución significativa do proxecto subvencionado, traducible a termos económicos en función do proxecto presentado e o seu presuposto, que non implique verdadeiro incumprimento do obxectivo da convenio, procederá o reintegro da axuda na mesma proporción. En todo caso procederá o reintegro do exceso da axuda sobre o custo da actividade obxecto do convenio.

Décimo quinto- En canto ás infraccións e sancións en que poida incorrer a beneficiaria da subvención a que se refire este convenio e procedemento, para a súa apreciación e imposición estarase ao disposto no Título IV da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia e na lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

Décimo sexto.- A entidade beneficiaria está informada de que os datos persoais facilitados nos anexos, son indispensables para a xestión da subvención e serán incorporados a un ficheiro municipal aos exclusivos efectos da instrución do procedemento para a concesión obxecto do presente convenio, a práctica da publicación, comunicacións e notificacións de obrigatorio cumprimento, o seguimento e comprobación da actividade subvencionada e demais actuacións previstas na normativa reguladora das subvencións, en orden á conclusión do proceso de subvención, polo que a súa achega é obrigatoria.

O Concello de Vigo ten a condición de responsable deses datos e asume todas as obrigas derivadas da Lei 3/2018, de 5 de decembro, de Protección de Datos e Garantía dos



Concello de Vigo

Dereitos Dixitais e do Regulamento (UE) 2016/679 – RXPd do Parlamento Europeo e do Consello sobre protección de datos de carácter persoal e das demais disposicións vixentes nesta materia.

A lexitimación do tratamento deses datos está baseada no consentimento expreso das persoas interesadas en participar no procedemento e no exercicio lexítimo das competencias legais do Concello de Vigo, conforme coa normativa de réxime local e sectorial aplicable.

O prazo de conservación dos datos facilitados será o necesario para a completa execución do procedemento, incluído o prazo de prescrición a efectos de posibles responsabilidades derivadas da actividade ou do dito tratamento.

Os datos poderán ser cedidos tamén a outras Administracións públicas cando sexa necesario para a correcta prestación do servizo ou ben en cumprimento dun mandato legal ou xudicial. Tamén poderán ser verificados e cotexados con calquera outros dos que as demais Administracións dispoñan a fin de comprobar a súa exactitude e veracidade.

As persoas interesadas poderán exercitar os dereitos de acceso, rectificación, supresión, oposición, limitación do tratamento e portabilidade, así como opoñerse á toma de decisións individuais automatizadas, incluída a elaboración de perfís, na forma prevista na normativa vixente, perante o órgano responsable do ficheiro (Concello de Vigo). Así mesmo, teñen dereito a presentar unha reclamación perante a Axencia Española de Protección de Datos (www.aepd.es).

Poderán obter mais información na web municipal ou contactando co delegado de protección de datos no enderezo: dpd.vigo@vigo.org

Décimo sétimo.- A colaboración do Concello de Vigo concrétase na concesión dunha subvención formalizada mediante o presente convenio, colaboración que non derivará en ningún tipo de relación laboral entre o Concello de Vigo e o persoal contratado directa ou indirectamente pola Confederación Intersindical Galega (CIG-Vigo) no desenvolvemento das actividades indicadas no pacto primeiro.

Décimo oitavo.- A concesión da subvención obxecto do presente convenio rexeráse pola Lei 38/2003 do 17 de novembro, xeral de subvencións e o RD 887/2006, de 21 de xuño, polo que se aprobou o seu regulamento, nos seus preceptos básicos; a lexislación básica do estado en materia de réxime local; a Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia e o seu regulamento de desenvolvemento; os preceptos non básicos da Lei 38/2003 de 17 de novembro, Xeral de Subvencións e do RD 887/2006; polos pactos que se conteñen neste convenio; as Bases de Execución dos vixentes orzamentos municipais e as restantes normas de dereito administrativo, e no seu defecto, as normas de dereito privado.

Décimo noveno.- O período de vixencia do convenio remata o 31 de decembro de 2022.

E, en proba da súa conformidade, asinan electrónicamente o presente convenio, en data das devanditas sinaturas

14(1087).- BASES E CONVOCATORIA DO “PROGRAMA DE AXUDAS ECONÓMICAS DIRECTAS DE APOIO PARA MULLERES VÍTIMAS DE VIOLENCIA DE XÉNERO” (2023). EXPTE. 11949/224.

Visto o informe xurídico do 12/12/2022 e o informe de fiscalización do 21/12/2022, dáse conta do informe-proposta de data 12/12/2022, asinado pola xefa de Igualdade, a concelleira-delegada de Área, o concelleiro-delegado de Orzamentos e Facenda e pola asesora xurídica adscrita á Área, que di o seguinte:

A Concelleira-delegada de Igualdade, mediante Resolución de data 9 de decembro de 2022, ordenou o inicio do expediente administrativo para a aprobación do marco de actuación do *Programa de axudas económicas directas de apoio para mulleres vítimas de violencia de xénero* correspondente ao exercicio 2023.

Este expediente recolle as Bases e a convocatoria específica para a concesión de subvencións directas para mulleres en situación de violencia de xénero no ano 2023, por un importe máximo de 20.000,00 € con cargo á aplicación orzamentaria “Bolsas económicas” 2311 480.00.00 do orzamento aprobado para o exercicio 2023 da Concellería de Igualdade.

A violencia contra as mulleres, que aínda existe na nosa sociedade, constitúe a manifestación máis extrema da desigualdade. No período comprendido entre o 1 de xaneiro de 2003 ata o 7 de decembro de 2022, 1.173 mulleres foron asasinadas polas súas parellas ou exparellas só en España, segundo datos do Ministerio de Igualdade. Non obstante, hai que ter en conta que este é un dos aspectos máis dramáticos e visibles das consecuencias da violencia de xénero, pero esta se manifesta de diversas formas e en diversos contextos, quedando moitas veces oculta. Ademais, esta violencia afecta tamén aos e ás menores que a sofren, con consecuencias fatais para o seu desenvolvemento. Desde o ano 2013 ata o 8 de novembro de 2022 (última data oficial recollida na web do Ministerio), segundo datos oficiais, 48 menores foron vítimas mortais da violencia de xénero. Por isto, é necesario por parte dos poderes públicos e das Administracións unha intervención firme e contundente para erradicala.

A Lei orgánica 1/2004, do 28 de decembro, de medidas de protección integral contra a violencia de xénero, no seu artigo 1, inclúe dentro do seu obxecto a prestación de asistencia ás mulleres, aos/ás seus fillos e fillas menores e aos e ás menores suxeitos á súa tutela, ou garda e custodia, vítimas desta violencia. No seu artigo 19, ademais, establece o dereito á asistencia social integral para as vítimas, e a competencia para a súa organización por parte das Corporacións Locais.

A Lei Orgánica 3/2007, do 22 de marzo, para a igualdade efectiva de mulleres e homes, imponlles aos poderes públicos que establezan medidas explícitas e accións positivas para acadar a igualdade real e efectiva entre mulleres e homes. No seu artigo 21, imponlles ás



Concello de Vigo

Entidades Locais o deber de integrar o dereito de igualdade no exercicio das súas competencias e de colaborar, a tal efecto, co resto das Administracións públicas.

A Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, no seu artigo 25.2.o), na redacción dada polo Real Decreto-lei 9/2018, de 3 de agosto, atribúe ás entidades locais competencias propias en materia de “actuacións na promoción da igualdade entre homes e mulleres así como contra a violencia de xénero”.

A vixente lexislación (art. 127 da Lei 7/85, Resolucións de Alcaldía de datas 18 e 26 de xuño de 2019 modificadas polas Resolucións de datas 13 de agosto de 2019, 17 de agosto de 2020, 16 de abril de 2021 e 8 de agosto, 6 de setembro e 31 de outubro de 2022 sobre delegación de competencias, e Acordo da Xunta de Goberno Local, texto consolidado, de data 12 de marzo de 2021, sobre delegación de competencias da Xunta de Goberno Local nas/os concelleiras/os delegadas/os de Área, modificado polo Acordo da Xunta de Goberno Local de data 22 de abril de 2021) atribúe á Concelleira-delegada de Igualdade, no relativo a este servizo e programa e á súa finalidade, as seguintes competencias: *concesión de axudas económicas a favor das vítimas de violencia de xénero, sempre que exista acordo previo da Xunta de Goberno Local de aprobación dos respectivos programas e a correspondente autorización do gasto*”.

O IV Plan de Igualdade do Concello de Vigo, aprobado polo Pleno da Corporación Municipal o día 25 de novembro de 2009 e vixente na actualidade por acordo da Xunta de Goberno Local do día 25 de xaneiro de 2013, contempla, entre os seus obxectivos específicos, *garantir e mellorar a atención integral ás mulleres vítimas da violencia de xénero*. Entre as actuacións a poñer en marcha: *potenciación e incremento dos recursos específicos de atención e axuda ás mulleres vítimas de violencia*.

Consciente da necesidade de actuar contra a violencia de xénero, e no marco das súas competencias, o Concello de Vigo veu a desenvolver unha liña de actuación, xa consolidada nos últimos anos, na que é prioritaria a abordaxe do fenómeno da violencia desde diversos dispositivos e programas municipais. Así, a través da Concellería de Igualdade, lévanse a cabo programas de prevención e sensibilización, ademais da posta en marcha dunha serie de servizos e programas de atención e tratamento específico e integral da violencia de xénero. Cabe salientar o labor desenvolto polo Centro Municipal de Información dos Dereitos da Muller, desde o cal se ofrece apoio e asesoramento legal, psicolóxico e social, e que se complementa con dispositivos de acollemento como o Centro de Emerxencia ou a Rede de Vivendas Municipal dirixidos a vítimas de violencia de xénero.

Para que o acollemento e a atención sexa integral, a intervención non só debe comprender aspectos psicolóxicos, educativos, sociolaborais e xurídicos, senón que existen aspectos económicos de carácter urxente que deben ser cubertos para que as mulleres que están a padecer violencia de xénero logren acadar unha vida autónoma.

A maior parte das usuarias da rede municipal de atención e acollemento para mulleres vítimas de violencia de xénero, son mulleres con cargas familiares en situación económica precaria. A falta de cualificación profesional, a dependencia económica e afectiva co agresor, a baixa autoestima, a responsabilidade de ter ao seu coidado a menores ou persoas dependentes, o medo, e as propias limitacións no mercado de traballo, fan que as posibilidades de resolución autónoma da súa vida sexan enormemente dificultosas. Así, a experiencia acumulada de máis de dúas décadas de traballo, indica a necesidade de que por parte da Administración se lles recoñeza o dereito a unha axuda económica temporal que lles facilite unha vida autónoma, independente e favoreza a ruptura co agresor.

Para acadar este fin propónse a aprobación das Bases para o desenvolvemento dos procedementos aplicables para o outorgamento das axudas directas non periódicas para mulleres vítimas de violencia de xénero no ano 2023, no marco definido pola normativa reguladora das subvencións públicas e de acordo cos criterios normativos e regulamentarios aprobados polo Concello de Vigo de forma específica, en relación coas subvencións, dentro das Bases de execución orzamentaria.

Ao abeiro do previsto no art. 56 do Real Decreto 887/2006, do 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións e na Base 29ª.3 de execución do orzamento xeral do exercicio 2022 propónse tramitar este expediente como anticipado de gasto.

A finalidade desta medida é dotar ás mulleres dunha axuda económica temporal, non periódica, que lles permita afrontar os gastos máis urxentes e básicos no proceso de ruptura e que poderán consistir en: cartos mensuais de peto, lavandería, alimentación, hixiene, farmacia, alugueiro, transporte, traslados de seguridade, actividades formativas, extraescolares, subministros da vivenda, enxoval e/ou outras necesidades urxentes e inmediatas.

No caso extremo de que a muller faleza ou sufra lesións físicas ou psíquicas que lle imposibiliten ser beneficiaria, as axudas se poderán destinar a facer fronte principalmente a gastos de alimentación, hixiene ou vivenda para as persoas que convivisen coa vítima e dependesen economicamente dela.

Correspóndelle á traballadora social do Centro Municipal de Información dos Dereitos da Muller do Concello de Vigo, ou profesional da Concellería de Igualdade competente en cada caso, informar, asesorar, e orientar ás mulleres interesadas en todo o relacionado cos requisitos, características, documentación necesaria, contías, etc, deste réxime de axudas, así como de realizar a valoración profesional, a acreditación, no seu caso, da situación de violencia de xénero e a proposta de concesión.

As axudas económicas que se concedan ao abeiro desta convocatoria terán necesariamente carácter temporal e non periódico, para atender situacións concretas derivadas da situa-



Concello de Vigo

ción de violencia de xénero valoradas polo equipo multidisciplinar do Centro Municipal de Información dos Dereitos da Muller do Concello de Vigo.

No uso das competencias que atribúe a vixente lexislación á Concelleira-delegada de Igualdade (art. 127 da Lei 7/85, Resolucións de Alcaldía de datas 18 e 26 de xuño de 2019 modificadas polas Resolucións de datas 13 de agosto de 2019, 17 de agosto de 2020, 16 de abril de 2021 e 8 de agosto, 6 de setembro e 31 de outubro de 2022 sobre delegación de competencias, e Acordo da Xunta de Goberno Local, texto consolidado, de data 12 de marzo de 2021, sobre delegación de competencias da Xunta de Goberno Local nas/os concelleiras/os delegadas/os de Área, modificado polo Acordo da Xunta de Goberno Local de data 22 de abril de 2021), a Concelleira-delegada de Igualdade terá a facultade de *“concesión de axudas económicas a favor das vítimas de violencia de xénero, sempre que exista acordo previo da Xunta de Goberno Local de aprobación dos respectivos programas e a correspondente autorización do gasto”*.

A concesión das axudas axustarase no seu conxunto á seguinte aplicación orzamentaria e importe:

Partida	Importe	Exercicio económico
<i>“Bolsas económicas”</i> 2311- 480.00.00	20.000,00 €	2023

Non obstante, de se producir un incremento na demanda que xere un gasto superior ao previsto, modificarase a aplicación orzamentaria na medida en que fose necesario, sempre que existan recursos financeiros suficientes e de acordo coa legalidade vixente en materia orzamentaria.

O réxime xurídico no que se enmarca este programa de actuación é conforme co disposto na normativa autonómica sobre subvencións, Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, na Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións e no seu Regulamento de desenvolvemento aprobado polo Real Decreto 887/2006, do 21 de xullo, así como nas Bases de execución do orzamento vixente do Concello de Vigo.

Por isto, este expediente tramitado como anticipado de gasto (Base 29ª das Bases de execución do Orzamento Xeral do ano 2022) establece o marco de actuación para o procedemento aplicable ao longo do ano 2023, no marco xurídico definido na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia. Constan os obxectivos, a clasificación das axudas, os requisitos e as obrigas das destinatarias así como as peculiaridades da xestión destas subvencións directas. Contéplanse, igualmente, as contías máximas das axudas directas e a posibilidade de compatibilizalas con outras subvencións.

En relación co cumprimento dos procedementos para a concesión directa establecidos na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, o presente expediente contempla os principios recollidos no artigo 26.2 da citada Lei.

Ao amparo do artigo 13.2.e) da Lei 38/2003, xeral de subvencións, atendendo á natureza destas axudas, para obter a condición de beneficiaria exceptúase o requisito de acreditar estar ao corrente no cumprimento das obrigas tributarias e fronte á Seguridade Social.

O Real Decreto 130/2019, de 8 de marzo, polo que se regula a Base de Datos Nacional de Subvencións e a publicidade das subvencións e demais axudas públicas, establece un réxime específico previsto para aqueles casos nos que a BDNS poida conter información ou datos especialmente protexidos e o recoñecemento do dereito de ocultación que asiste ás persoas físicas suxeitas a unha situación de protección especial.

Así, no seu artigo 7.5 b) establécese que non se publicarán as subvencións ou axudas públicas concedidas a persoas físicas cando *“a persoa física se atope nunha situación de protección especial que poida verse agravada coa cesión ou publicación dos seus datos persoais, en particular, cando sexa vítima de violencia de xénero ou de outras formas de violencia contra a muller”*.

Polo dito, non se rexistrará información das concesións deste programa de axudas na BDNS, nin no Portal de Transparencia do “Sistema Nacional de Publicidade de Subvencións”, sen menoscabo do deber de rexistrar a convocatoria nos anteditos portais.

Polo exposto, e previos os preceptivos informes xurídico e da Intervención Xeral, propónse á Xunta de Goberno Local:

1º Aprobar as Bases do *programa de axudas económicas directas de apoio para mulleres vítimas de violencia de xénero para o ano 2023* que se recollen no Anexo I do expediente 11949/224.

2º Autorizar a tramitación deste expediente como anticipado de gasto, de acordo co previsto no art. 56 do Real Decreto 887/2006, do 21 de xullo e na Base nº 29ª.3 de execución do Orzamento Xeral municipal.

3º Autorizar o gasto por importe de 20.000,00 euros (vinte mil euros), con cargo á aplicación orzamentaria *“Bolsas económicas”* 2311 480.00.00 do orzamento aprobado para o exercicio 2023 da Concellería de Igualdade, para facer fronte aos gastos que orixinan as axudas económicas directas de apoio para as mulleres vítimas de violencia de xénero.

4º Aprobar o texto da convocatoria do *programa de axudas económicas directas de apoio para mulleres vítimas de violencia de xénero* durante o exercicio 2023 e do extracto da mesma, (Anexos II e III), que se remitirán á Base de Datos Nacional de Subvencións, en base o



Concello de Vigo

establecido na Resolución do 15 de xuño de 2020 da Intervención Xeral da Administración do Estado, pola que se regula o proceso de rexistro e publicación de convocatorias no Sistema Nacional de Publicidade de Subvencións e Axudas Públicas.

5º Autorizar a realización dun libramento a xustificar por importe máximo de 20.000,00 euros, a nome das funcionarias Cristina Gómez García, con DNI número ***9888**, xefa do servizo de Igualdade, e Amalia M^a Gándara Fernández, con DNI número ***0763**, traballadora social adscrita ao Centro Municipal de Información dos Dereitos da Muller, para facer efectivo os anteditos gastos, que se farán efectivos na conta restrinxida da Tesourería Municipal.”

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

ANEXO I

BASES

PRIMEIRA.- Obxecto

Estas Bases teñen por obxecto fixar os criterios e regulamentar o procedemento aplicable para o outorgamento de axudas económicas directas de carácter non periódico para mulleres vítimas de violencia de xénero para o ano 2023.

SEGUNDA.- Finalidade das axudas

A finalidade destas axudas é a de apoiar ás mulleres en situación acreditada de violencia de xénero para afrontar unhas necesidades derivadas principalmente da violencia de xénero no proceso de ruptura co agresor e sempre que, a xuízo dos servizos municipais de atención á muller, non poidan ser cubertas pola beneficiaria.

O programa diríxese ás mulleres vítimas de violencia de xénero, usuarias dos dispositivos municipais de atencións ás mulleres do Concello de Vigo.

No caso extremo de que a muller faleza ou sufra lesións físicas ou psíquicas que lle imposibiliten ser beneficiaria, as axudas poderanse destinar a facer fronte principalmente a gastos de alimentación, hixiene ou vivenda para as persoas que convivisen coa vítima e dependesen economicamente dela.

Todas as axudas concedidas terán o carácter de temporais, non periódicas, e poderán facer fronte aos seguintes gastos: cartos mensuais de peto, lavandería, alimentación, hixiene, far-

macia, alugueiro, transporte, traslados de seguridade, actividades formativas, extraescolares, subministros da vivenda, enxoval e/ou outras necesidades urxentes e inmediatas.

TERCEIRA.- Beneficiarias

a) Mulleres vítimas de violencia de xénero que estean a ser atendidas nos dispositivos específicos de atención ás mulleres do Concello de Vigo: Centro Municipal de Información dos Dereitos da Muller, Centro de Emerxencia e/ou Rede Municipal de Vivendas de Protección para mulleres vítimas de violencia de xénero.

b) No caso de que a muller padeza lesións psíquicas ou físicas que lle imposibiliten a recepción da axuda, está poderase conceder a algunha persoa da súa familia.

c) No caso extremo de que a muller faleza, con carácter excepcional poderase conceder a axuda económica ás persoas que conviviran coa vítima e dependesen economicamente dos seus ingresos, coordinando o caso cos servizos sociais de atención primaria. Cando sexan fillos e fillas menores de idade os/as que convivisen coa nai, o beneficiario/a da axuda será a persoa adulta que se responsabilice dos/as menores.

As circunstancias descritas nos apartados b) e c) deberán acreditarse no informe técnico de proposta da axuda.

CUARTA.- Requisitos

Os requisitos para acceder a estas axudas son os seguintes:

1º.- Ser maior de idade ou persoa menor emancipada.

2º.- Ter acreditada a situación de vítima de violencia de xénero por calquera das formas previstas na Lei 11/2007, do 27 de xullo, galega para a prevención e o tratamento integral da violencia de xénero, ou na Lei orgánica 1/2004, do 28 de decembro, de medidas de protección integral contra a violencia de xénero.

3º.- Residir no termo municipal de Vigo.

4º.- Non dispoñer de ingresos económicos suficientes para afrontar os gastos derivados da súa solicitude, a valoración da traballadora social do Centro Municipal de Información dos Dereitos da Muller.

5º.- Ter debidamente xustificadas as axudas concedidas con anterioridade.

6º.- Presentar a solicitude e toda a documentación acreditativa da necesidade e da situación de violencia de xénero que demande o equipo multidisciplinar do Centro Municipal de Información dos Dereitos da Muller ou ben autorizar ao Concello de Vigo (Servizo de Igualdade) para obter das Administracións públicas e organismos públicos e privados a información e documentos necesarios para a tramitación da mesma.



Concello de Vigo

Tendo en conta a natureza destas axudas, ao abeiro do disposto no art. 13.2 da Lei 38/2003, exceptúase o requisito de acreditar o cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social para obter a condición de beneficiaria.

QUINTA.- Crédito orzamentario

A cantidade máxima destinada a este programa será 20.000,00 euros (vinte mil euros) que se fará efectiva con cargo á aplicación orzamentaria “Bolsas económicas” 2311.480.00.00 do orzamento aprobado para o exercicio 2023 da Concellería de Igualdade do Concello de Vigo.

Non obstante, de se producir un incremento na demanda que xere un gasto superior ao previsto, modificarase a aplicación orzamentaria na medida en que fose necesario, sempre que existan recursos financeiros suficientes e de acordo coa normativa vixente en materia orzamentaria.

SEXTA.- Contía das axudas e procedemento de concesión e valoración

O procedemento de concesión destas axudas iníciase de oficio ou por solicitude da persoa interesada presentada no Rexistro Xeral Municipal ou por calquera dos medios indicados no artigo 16.4 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións públicas.

Correspóndelle á traballadora social do Centro Municipal de Información dos Dereitos da Muller do Concello de Vigo, ou profesional da Concellería de Igualdade competente en cada caso, informar, asesorar, e orientar ás mulleres interesadas en todo o relacionado cos requisitos, características, documentación necesaria, contías, etc., deste réxime de axudas, así como realizar a valoración profesional, a acreditación, no seu caso, da situación de violencia de xénero e a proposta de concesión.

No informe social emitido deberán quedar acreditadas as limitacións económicas que ten a beneficiaria para facer fronte aos devanditos gastos así como a urxencia e a imposibilidade de que as necesidades reflectidas no informe sexan atendidas polos servizos sociais de atención primaria ou por outras Administracións públicas.

Esta axuda é compatible con outras axudas de carácter público e/ou privado.

O importe máximo por beneficiaria e ano establécese en 600 €/ano, agás causas urxentes debidamente xustificadas. O pago da axuda concedida poderase realizar en pagos fraccionados atendendo á valoración realizada polos servizos municipais de atención ás mulleres.

A Concelleira-delegada de Igualdade será quen teña a facultade para resolver sobre a aprobación ou denegación destas axudas.

Unha vez concedida a axuda, a beneficiaria deberá asinar o recibín e disporá dun prazo de dez (10) días desde a recepción desta para presentar a xustificación perante a traballadora

social do Centro Municipal de Información dos Dereitos da Muller, mediante facturas ou documentos acreditativos do gasto realizado. A traballadora social comprobará que queda xustificado o gasto e a finalidade da axuda concedida.

SÉTIMA.- Gastos subvencionables

As axudas concedidas con cargo a este programa teñen carácter temporal e non periódico, para abordar aspectos concretos derivados da situación de violencia de xénero, situación valorada polas profesionais do equipo multidisciplinar do Centro Municipal de Información dos Dereitos da Muller do Concello de Vigo.

Estas axudas poderán facer fronte aos seguintes gastos: cartos mensuais de peto, lavandería, alimentación, hospedaxe, hixiene, farmacia, alugueiro, transporte, traslados de seguridade, actividades formativas, extraescolares, subministros da vivenda, enxoval e/ou outras necesidades urxentes e inmediatas.

A concesión dunha destas axudas non da dereito por si mesma á concesión doutra polo mesmo concepto. Tampouco poderán ser invocadas como precedente.

OITAVA.- Presentación de solicitude e prazo

As interesadas poderán presentar as súas solicitudes de axuda a través do Rexistro Xeral Municipal, ou por calquera dos medios indicados no artigo 16.4 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións públicas. Presentaranse no modelo oficial (Anexo I-A) debidamente cubertas e asinadas pola solicitante.

O servizo municipal de Igualdade poderá tramitar a solicitude de oficio ante causas excepcionais que imposibiliten á solicitante realizala (causas como: enfermidade, situación de illamento por corentena, etc.).

Atenderanse solicitudes desde o día seguinte á publicación do extracto da convocatoria no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra e ata o día 26.12.2023.

NOVENA.- Solicitude de fondos

A Concellería de Igualdade solicitará o correspondente expediente de gastos a xustificar para a execución destas axudas, que se farán efectivas na conta restrinxida da Tesourería municipal con cargo á aplicación orzamentaria núm. 2311.480.00.00 do orzamento aprobado para o exercicio 2023.

DÉCIMA.- Obrigas das persoas beneficiarias

1. Aplicar a axuda á finalidade para a que foi concedida.
2. Permitir e facilitar o labor do persoal designado para comprobar a situación económica e familiar da posible beneficiaria.



Concello de Vigo

3. Comunicar os cambios que puidesen dar lugar á modificación, suspensión ou acumulación da prestación.
4. Reintegrar o importe da prestación indebidamente percibida ou en contía indebida.
5. Cumprir as condicións e obrigas específicas determinadas polas profesionais do equipo multidisciplinar do Centro Municipal de Información dos Dereitos da Muller.
6. Presentar as facturas xustificativas da axuda recibida no prazo indicado para tal efecto.

DÉCIMO PRIMEIRA.- Publicidade das axudas concedidas

O Real Decreto 130/2019, do 8 de marzo, polo que se regula a Base de Datos Nacional de Subvencións e a publicidade das subvencións e demais axudas públicas, establece un réxime específico previsto para aqueles casos nos que a BDNS poida conter información ou datos especialmente protexidos e o recoñecemento do dereito de ocultación que asiste ás persoas físicas suxeitas a unha situación de protección especial.

Así, no seu artigo 7.5 b) establécese que non se publicarán as subvencións ou axudas públicas concedidas a persoas físicas cando *“a persoa física se atope nunha situación de protección especial que poida verse agravada coa cesión ou publicación dos seus datos persoais, en particular, cando sexa vítima de violencia de xénero ou de outras formas de violencia contra a muller”*.

Polo dito, non se rexistrará información das concesións deste programa de axudas na BDNS, nin no Portal de Transparencia do “Sistema Nacional de Publicidade de Subvencións”, sen menoscabo do deber de rexistrar a convocatoria nos anteditos portais.

DÉCIMO SEGUNDA.- Xustificación das axudas

a) Lugar: as beneficiarias xustificarán as axudas concedidas presentando perante a traballadora social do *Centro Municipal de Información dos Dereitos da Muller* (CMIDM) a documentación que se indica no seguinte apartado.

b) Documentación: as axudas concedidas quedarán xustificadas coa presentación do DNI, ou outro documento oficial de identidade, unha declaración asinada pola beneficiaria conforme recibiu a axuda económica e as facturas ou comprobantes do gasto efectuado. No caso de que a axuda fose concedida para cubrir gastos de necesidades básicas, como poden ser os cartos de peto ou manutención, os documentos acreditativos dos gastos realizados quedarán baixo a custodia da traballadora social do CMIDM, podendo ser consultados pola Intervención Xeral.

c) Prazo: a beneficiaria disporá dun prazo de dez (10) días desde a recepción da axuda para presentar a xustificación perante a traballadora social do Centro Municipal de Información dos Dereitos da Muller, mediante facturas ou documentos acreditativos do gasto realizado. A

traballadora social comprobará que queda xustificado o gasto e a finalidade da axuda concedida.

DÉCIMO TERCEIRA.- Departamento responsable

Concellería de Igualdade: Centro Municipal de Información dos Dereitos da Muller en coordinación co Servizo de Igualdade do Concello de Vigo.

DÉCIMO CUARTA.- Avaliación e seguimento


O seguimento da utilización e destino das axudas corresponderalle á traballadora social do Centro Municipal de Información dos Dereitos da Muller.

No expediente deberá incluírse a proposta fundamentada da axuda e a contía concedida de cada muller beneficiaria desta axuda.

Co obxecto de realizar o seguimento e axustar a medida, elaborárase unha memoria anual que reflicta cando menos:

- Número de beneficiarias
- Finalidade da axuda
- Importe das axudas concedidas
- Seguimento do destino das axudas
- Número de solicitudes denegadas
- Motivo de denegación de solicitudes

ANEXO I-A

 <p>Concello de Vigo C.I.F. P3605700H Praza do Rei 1 - 36202 Tel: 986 810 100</p>	<p>IMPRESO DE SOLICITUDE</p> <p>PROGRAMA MUNICIPAL DE AXUDAS DIRECTAS PARA MULLERES EN SITUACIÓN DE VIOLENCIA DE XÉNERO ANO 2023</p> <p>CONCELLERÍA DE IGUALDADE</p>	<p>registro Selo</p>
<p>SEÑOR/A ALCALDE/SA-PRESIDENTE/A DO CONCELLO DE VIGO</p>		



Concello de Vigo

SOLICITANTE	* DNI ou CIF	* Nome e apelidos				* Teléfono 1		Teléfono 2		
	ENDEREZO FISCAL									
	* Nome da rúa, praza, etc.				* Núm.	Portal	Escaleira	* Piso	* Porta	* Cód. Postal
	Parroquia	* Municipio	* Data nacemento	* País nacemento	Correo electrónico					

ENDEREZO PARA EFECTOS DE NOTIFICACIÓN								
Nome da rúa, praza, etc.			Número	Portal	Escaleira	Piso	Porta	Cód. Postal
Parroquia	Municipio	Provincia		Correo electrónico				

REPRESENTANTE	DNI ou CIF	Nome e apelidos ou razón social				Teléfono 1		Teléfono 2	
	Nome da rúa, praza, etc.			Número	Portal	Escaleira	Piso	Porta	Cód. Postal
	Parroquia	Municipio	Provincia		Correo electrónico				

*Campos que se deben cubrir obrigatoriamente.

SOLICITA:

Unha axuda económica con cargo ao PROGRAMA MUNICIPAL DE AXUDAS PARA MULLERES EN SITUACIÓN DE VIOLENCIA DE XÉNERO (ano 2023) da Concellería de Igualdade, para:(indicar concepto e importe solicitado).

Para o que achega a seguinte documentación:

.....
.....
.....
.....

Pode consultar o estado da súa solicitude accedendo a Oficina Virtual do Concello na web www.vigo.org. Tamén pode recibir información adicional indicando o método desexado:

- Mensaxe (SMS) ao móbil
 Correo electrónico.

DECLARA:

1º Que coñece e acepta as Bases do *Programa municipal de axudas directas para mulleres en situación de violencia de xénero para o ano 2023* da Concellería de Igualdade.

2º Que non esta incurso nas prohibicións legais para ser beneficiaria de subvencións públicas e que os datos que figuran nesta solicitude son certos.

As persoas que de seguido se relacionan autorizan ao Concello de Vigo (Servizo de Igualdade) a obter das Administracións Públicas e organismos públicos e privados a información e documentos necesarios para a tramitación desta solicitude, de acordo coas Bases do programa.

Nome e apelidos	Núm. DNI/ NIE/ Pasaporte	Sinatura

(Sinatura da solicitante)

Vigo, dede 2023

De conformidade co establecido no Regulamento (UE) 2016/679 do Parlamento Europeo e do Consello sobre protección de datos de carácter persoal, e na Lei Orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de protección de datos de carácter persoal e garantía dos dereitos dixitais, informámola dos seguintes extremos:

Os datos de carácter persoal que achegue serán obxecto do tratamento dos ficheiros responsabilidade do Concello de Vigo

A finalidade do tratamento é xestionar o programa de axudas económicas dirixidas a vítimas de violencia de xénero municipal. Estes datos non serán cedidos a terceiros, salvo consentimento da persoa interesada ou de acordo co previsto na citada lexislación.

Pode exercitar os dereitos de acceso, rectificación, supresión, oposición, limitación do tratamento e portabilidade, así como opoñerse á toma de decisións individuais automatizadas, incluída a elaboración de perfís, na forma prevista na lexislación vixente sobre a materia, ante o órgano responsable do ficheiro. No caso de descoñecer este órgano, a solicitude dirixirase a dpd.vigo@vigo.org

Así mesmo, as persoas usuarias teñen dereito a presentar unha reclamación ante a Axencia Española de Protección de Datos.

ANEXO II

CONVOCATORIA DO PROGRAMA DE AXUDAS ECONÓMICAS DIRECTAS DE APOIO PARA MULLERES VÍTIMAS DE VIOLENCIA DE XÉNERO PARA O ANO 2023



Concello de Vigo

Bases reguladoras

As Bases reguladoras do *Programa de axudas económicas directas de apoio para mulleres vítimas de violencia de xénero para o ano 2023*, aprobadas pola Xunta de Goberno Local do Concello de Vigo publicáronse no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra núm. -----

Crédito orzamentario

A cantidade máxima destinada a este programa será 20.000,00 euros (vinte mil euros) que se fará efectiva con cargo á aplicación orzamentaria "Bolsas económicas" 2311.480.00.00 do orzamento aprobado para o exercicio 2023 da Concellería de Igualdade do Concello de Vigo.

Obxecto e finalidade

A finalidade destas axudas é a de apoiar ás mulleres en situación de violencia de xénero para afrontar unhas necesidades derivadas principalmente da violencia de xénero no proceso de ruptura co agresor e sempre que non poidan ser cubertas pola beneficiaria. Todas as axudas concedidas terán o carácter de temporais, non periódicas.

Destinatarias

O programa dirixese ás mulleres vítimas de violencia de xénero, usuarias dos dispositivos municipais de atención ás mulleres do Concello de Vigo.

Gastos subvencionables

As axudas concedidas poderán facer fronte aos seguintes gastos: cartos mensuais de peto, lavandería, alimentación, hixiene, farmacia, alugueiro, transporte, traslados de seguridade, actividades formativas, extraescolares, subministros da vivenda, enxoval e/ou outras necesidades urxentes e inmediatas.

Requisitos

Os requisitos para acceder a estas axudas son os seguintes:

- 1º.- Ser maior de idade ou persoa menor emancipada
- 2º.- Ter acreditada a situación de vítima de violencia de xénero por calquera das formas previstas na Lei 11/2007, do 27 de xullo, galega para a prevención e o tratamento integral da violencia de xénero, ou na Lei orgánica 1/2004, do 28 de decembro, de medidas de protección integral contra a violencia de xénero.
- 3º.- Residir no termo municipal de Vigo

4º.- Non dispoñer de ingresos económicos suficientes para afrontar os gastos derivados da súa solicitude, a valoración da traballadora social do Centro Municipal de Información dos Dereitos da Muller.

5º.- Ter debidamente xustificadas as axudas concedidas con anterioridade.

6º.- Presentar a solicitude e toda a documentación acreditativa da situación de necesidade e da situación de Violencia de Xénero que demande o equipo multidisciplinar do Centro Municipal de Información dos Dereitos da Muller ou ben autorizar ao Concello de Vigo (Servizo de Igualdade) para obter das Administracións públicas e organismos públicos e privados a información e documentos necesarios para a tramitación da mesma.

Contía das axudas

O importe máximo por beneficiaria e ano establécese en 600 €/ano, agás causas urxentes debidamente xustificadas. O pago da axuda concedida poderase realizar en pagos fraccionados atendendo á valoración realizada polos servizos municipais de atención ás mulleres.

Presentación de solicitudes e prazo

As interesadas deberán presentar as súas solicitudes de axuda a través do Rexistro Xeral municipal, ou por calquera dos medios indicados no artigo 16.4 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións públicas. Presentaranse no modelo oficial (Anexo I-A) debidamente cumprimentadas e asinadas pola solicitante.

O servizo municipal de Igualdade poderá tramitar a solicitude de oficio ante causas excepcionais que imposibiliten á solicitante realizala (causas como: enfermidade, situación de illamento por corentena, etc.).

O prazo de presentación comezará o día seguinte da publicación oficial do extracto da convocatoria no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra e finalizará o 26 de decembro de 2023.

Publicidade

O Real Decreto 130/2019, do 8 de marzo, polo que se regula a Base de Datos Nacional de Subvencións e a publicidade das subvencións e demais axudas públicas, establece un réxime específico previsto para aqueles casos nos que a BDNS poida conter información ou datos especialmente protexidos e o recoñecemento do dereito de ocultación que asiste ás persoas físicas suxeitas a unha situación de protección especial.

Así, no seu artigo 7.5 b) establécese que non se publicarán as subvencións públicas concedidas a persoas físicas cando *“a persoa física se atope nunha situación de protección especial que poida verse agravada coa cesión ou publicación dos seus datos persoais, en particular, cando sexa vítima de violencia de xénero ou de outras formas de violencia contra a muller”*.



Concello de Vigo

Polo dito, non se rexistrará información das concesións deste programa de axudas na BDNS, nin no Portal de Transparencia do “Sistema Nacional de Publicidade de Subvencións”, sen menoscabo do deber de rexistrar a convocatoria nos anteditos portais.

ANEXO III

EXTRACTO

Extracto do acordo da Xunta de Goberno Local do Concello de Vigo de data , polo que se aproba a convocatoria do *Programa de axudas económicas directas de apoio para mulleres vítimas de violencia de xénero para o ano 2023*”.

De conformidade co previsto nos artigos 17.3.b e 20.8.a da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, publícase o extracto da convocatoria cuxo texto completo pode consultarse na Base de Datos Nacional de Subvencións.

(<http://www.pap.minhap.gob.es/dbnstrans/index>)

PRIMEIRA.- BENEFICIARIAS

O programa diríxese ás mulleres vítimas de violencia de xénero usuarias dos dispositivos municipais de atención ás mulleres do Concello de Vigo.

SEGUNDA.- OBXECTO E FINALIDADE

A finalidade destas axudas é a de apoiar ás mulleres en situación acreditada de violencia de xénero para afrontar unhas necesidades derivadas principalmente da violencia de xénero no proceso de ruptura co agresor e sempre que, a xuízo dos servizos municipais de atención á muller, non poidan ser cubertas pola beneficiaria.

TERCEIRA.- CONTÍA DAS AXUDAS

O importe máximo por beneficiaria e ano establécese en 600 €/ano, agás causas urxentes debidamente xustificadas. Todas as axudas concedidas terán o carácter de temporais, non periódicas.

CUARTA.- CRÉDITO DE APLICACIÓN ORZAMENTARIA

A cantidade máxima destinada a este programa será 20.000,00 euros (vinte mil euros) que se fará efectiva con cargo á aplicación orzamentaria “Bolsas económicas” 2311.480.00.00 do orzamento aprobado para o exercicio 2023 da Concellería de Igualdade do Concello de Vigo.

QUINTA.- PRAZO DE PRESENTACIÓN DAS SOLICITUDES

O prazo de presentación comezará o día seguinte da publicación oficial do extracto da convocatoria no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra (BOPPO) e finalizará o 26 de decembro de 2023.

SEXTA.- BASES REGULADORAS

As Bases reguladoras serán publicadas no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra (BOPPO). Remítirase a convocatoria á Base de Datos Nacional de Subvencións, que será quen lle dea traslado ao BOPPO do extracto da mesma. Ao mesmo, publicaranse no Portal de Transparencia e Bo Goberno do Concello de Vigo.

15(1088).- EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN DO SERVIZO DE FORMACIÓN E DINAMIZACIÓN EN LINGUA E CULTURA GALEGAS. EXPTE. 3120/334.

Visto o informe xurídico de data 15/12/2022 e o informe de fiscalización do 22/12/2022, dáse conta do informe-proposta de data 30/11/2022, asinado pola técnica de Normalización Lingüística, a concelleira-delegada de Área e polo concelleiro-delegado de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

ANTECEDENTES

Primeiro.-A xustificación da necesidade e idoneidade do contrato á que se refire o artigo 28 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014 (en adiante LCSP), coa resolución da concelleira delegada que inicia o expediente (artigo 116 CSP), con data do 16 de setembro de 2022.

Segundo.-Este contrato non está incluído no Plan anual de contratación do Concello de Vigo para o exercicio 2022, aprobado pola Xunta de Goberno local na sesión do 13 de xaneiro de 2022 e publicado no perfil de contratante.

Terceiro.-Consta no expediente a memoria económica de data 11 de novembro de 2022, que recolle:

- Xustificación do prezo do contrato, do orzamento base de licitación e do valor estimado do contrato (e o seu método de cálculo) aos que fai referencia o artigo 102 LCSP.
- Xustificación de que o contrato non suporá desequilibrio orzamentario por atoparse contemplado o gasto no orzamento e que non afectará á sustentabilidade financeira do Concello (artigo 7.3 da Lei orgánica 2/2012, do 27 de abril).
- Forma de aboamento do prezo (artigo 67.2ñ do RLCAP).

Cuarto.-Retención de crédito con data do 6 de outubro de 2022 (operación n.º 202200101634).



Concello de Vigo

Quinto.-Prego de prescricións técnicas particulares (artigo 116.3 LCSP) con data do 10 de novembro de 2022.

Sexto . -Memoria xustificativa con data do 29 de novembro de 2022, relativa aos seguintes extremos:

- Xustificación da división do contrato en lotes (3 lotes) (artigo 99.3 da LCSP).
- A xustificación do procedemento elixido (artigo 116.4 LCSP) resulta necesaria por tratarse dun procedemento aberto.
- Xustificación do prazo de duración do contrato e de execución da prestación (artigo 29 LCSP).
- Xustificación da elección do criterio de adxudicación e da súa adecuación ao obxecto do contrato (artigo 145.3g) LCSP.
- Xustificación da fórmula de valoración (artigo 146.2LCSP).
- Lugar de entrega dos bens obxecto do contrato (artigo 67,5.f e 67.7.e RLCAP).

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

Primeiro.-A iniciación do expediente de contratación correspóndelle ao órgano de contratación (artigo 116.1 LCSP), que nos municipios de gran poboación, como é o de Vigo, é a Xunta de Goberno Local (disposición adicional 2a. 4 da LCSP) e, por delegación desta (acordo da Xunta de Goberno Local de 20.06.2019), aos concelleiros de área.

Segundo.-O expediente refírese á totalidade do obxecto, de conformidade co requirido polo artigo 116.2 da LCSP, e incorpora o Prego de cláusulas administrativas particulares e de Prescricións técnicas reitores do contrato.

Terceiro.-No expediente xustifícase a necesidade e idoneidade do contrato (artigo 28 e 116.4.e LCSP), a xustificación da insuficiencia de medios (artigo 116.4 f), a clasificación non é esixible no presente suposto (artigo 116.4.b LCSP), os criterios de solvencia técnica o profesional, económica e financeira (artigo 116.4.C LCSP), o valor estimado do contrato con indicación de todos os conceptos que o integran, incluíndo os custes laborais (artigo 116.4.d), a xustificación do prezo do contrato e o seu método de cálculo (artigo 112 LCSP), os criterios de adxudicación e a súa adecuación ao obxecto do contrato (artigo 145.1 LCSP), a división en lotes (artigo 116.2), as fórmulas de valoración (artigo 146.2 LCSP).

Cuarto.-Consta na memoria xustificativa elaborada polo servizo xestor xustificación de non desequilibrio orzamentario por atoparse contemplado o gasto no orzamento e que non afectará á sustentabilidade financeira do Concello (artigo 7.3 da Lei orgánica 2/2012, do 27 de abril).

Quinto.-A aprobación do expediente de contratación correspóndelle á Xunta de Goberno Local, como órgano de contratación (disposición adicional 2a. 4 LCSP).

ACORDO

Con base ao que antecede, propónselle á **Xunta de Goberno local**, órgano de contratación, en uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, **a adopción do seguinte acordo:**

Primeiro.-Aprobar o expediente de contratación a través de procedemento aberto e tramitación ordinaria para a contratación do servizo de formación e dinamización en lingua e cultura galegas.

Segundo.-Aprobar o Prego de prescricións técnicas particulares asinado pola técnica de Normalización Lingüística e pola concelleira delegada con data do 10 de novembro de 2022.

Terceiro.-Aprobar o Prego de cláusulas administrativas particulares que rexerá o contrato redactado pola técnica de Administración Xeral e pola xefa do Servizo de Contratación con data do 29 de novembro de 2022.

Cuarto.-Autorizar o gasto por importe total do expediente de contratación, que ascende a un importe máximo de 38.386,04 € ; cun importe correspondente ao 21 % de IVE de 6.662,03 €. O valor estimado do contrato de 47.586,00 €.

Quinto.-Por ter o financiamento carácter plurianual, establécese a correspondente condición suspensiva de existencia de crédito nos exercicios correspondentes; será cargado á aplicación orzamentaria 3341.227.99.06 (Cursos, xornadas, seminarios) segundo a seguinte distribución de anualidades:

Sen prórroga:

Partida orzamentaria	2023	2024
3341.2260600 (Cursos, xornadas, seminarios)	19.193,02 €	19.193,02 €

Con prórroga:

Partida orzamentaria	2023	2024	2025
3341.2260600 (Cursos, xornadas, seminarios)	19.193,02 €	19.193,02 €	19.193,02 €

As diferentes anualidades imputaranse aos exercicios orzamentarios detallados, quedando o gasto subordinado ao crédito que para cada exercicio se consigne no orzamento, segundo o disposto no artigo 117.2 LCSP.

Sexto.-Abrir o procedemento de licitación para a selección do contratista na forma prevista na lexislación vixente.

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.



Concello de Vigo

16(1089).- NOMEAMENTO DUNHA AUXILIAR DE ADMINISTRACIÓN XERAL COMO FUNCIONARIA INTERINA POR ACUMULACIÓN DE TAREFAS. EXPTE. 41069/220.

Visto o informe de fiscalización de data 23/12/2022, dáse conta do informe-proposta de data 20/12/2022, asinado pola técnica de Admón. Xeral, a xefa da Área de Recursos Humanos e Formación e pola concelleira-delegada de Xestión Municipal, que di o seguinte:

ANTECEDENTES

I.- Mediante escritos que obran unidos ao expediente asinados pola xefatura de participación cidadá e desenvolvemento local coa conformidade do concelleiro delegado competente, se solicita á área de recursos humanos e formación, a incorporación dunha/dun auxiliar de Administración Xeral e dunha/dun administrativo de Administración Xeral por acumulación de tarefas. Consta xustificación e declaración responsable de conformidade cos criterios de xestión de listas de reserva (BOPPO 01/09/2022).

II.- A vista da petición formulada, en data 16/11/2022, a concelleira delegada da área de Contratación, Seguridade e Xestión Municipal dispuxo ordenar que pola área de Recursos Humanos e Formación *“se proceda á tramitación do expediente administrativo procedente para a incorporación do persoal referido na modalidade oportuna legalmente.”*

III.- En data 28/11/2022 infórmase a xefatura de participación cidadá que segundo o informe de verificación administrativa de data 25/11/2022 consta que:

“Sendo necesario o nomeamento interino por acumulación de tarefas de un administrativa/o de Administración Xeral, verificadas as listas de reserva para dita categoría, non existen aspirantes en condicións de ser notificados por estar os mesmos en estado desactivadas/os ou ocupando vacante /programa .

Na lista de reserva coa categoría de auxiliar de administración xeral existen persoas en condición de ser nomeadas, polo que si a categoría de auxiliar é apta para atender a súas necesidades de persoal, prégaselle que nos lo comunique para ofrecer o nomeamento e continuar a tramitación de expediente para incorporar dúas persoas coa categoría de auxiliar de administración xeral.”

IV.- En dada 28/11/2022 a xefa de Participación Cidadá e desenvolvemento local comunica que *“o nomeamento de 2 auxiliares administrativas/os é apta para atender as necesidades de persoal manifestadas.”*

V.- Vista a documentación obrante no expediente e segundo consta no informe de verificación administrativa de data 05/12//2022, unha vez producidas as renuncias correspondentes, e sempre a salvo de erro ou omisión, existe unha/un candidata/o en condicións de ser nomeada/o por presentar correctamente a documentación e aceptar o nomeamento.

IV.- Consta no expediente informe técnico de cuantificación económica do gasto de data de sinatura electrónica, que inclúe a proposta de gasto asociado ao expediente de

nomeamento interino dun/unha auxiliar de Administración Xeral baixo a modalidade prevista no artigo 10.1 d) do TREBEP, por un período máximo de nove meses.

V.- En consecuencia, procede a emisión de informe-proposta ao abeiro do establecido no artigo 172 do Real Decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais (ROF).

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

I.- Normativa de aplicación:

-Real Decreto Legislativo 5/2015, de 30 de outubro, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei 7/2007, do 12 de abril, do Estatuto Básico do Empregado Público.

A preferente aplicabilidade do Dereito estatal de carácter básico en materia de emprego público local deriva das previsións de dous fundamentais preceptos:

- O artigo 128 do Real Decreto Legislativo 781/1986, de 18 de abril, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local, que establece en canto ás ofertas de emprego público que:
"1. Las Corporaciones locales aprobarán y publicarán anualmente, dentro del plazo de un mes desde la aprobación de su Presupuesto, la oferta de empleo público para el año correspondiente, ajustándose a la legislación básica del Estado sobre función pública y a los criterios que reglamentariamente se establezcan en desarrollo de la normativa básica estatal para su debida coordinación con las ofertas de empleo del resto de las Administraciones Públicas."
- O artigo 133 do mesmo Real Decreto Legislativo 781/1986, de 18 de abril, que efectúa unha determinación legal do réxime xurídico aplicable á selección dos funcionarios de Administración Local, establecendo expresamente que "el procedimiento de selección de los funcionarios de Administración local se ajustará a la legislación básica del Estado sobre función pública, y se establecerá teniendo en cuenta la conexión entre el tipo de pruebas a superar y la adecuación a los puestos de trabajo que se hayan de desempeñar, incluyendo a tal efecto las pruebas prácticas que sean precisas."

Tal preferencia expresa resulta inherente á vocación unificadora do lexislador en materia de función pública; así o ven interpretando a xurisprudencia do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, a efectos do cal resulta salientable a **STSJ de Galicia 120/2017, de 01.03.2017**, dictada en materia de persoal, en cuxo fundamento de dereito FD 4º sinala o seguinte:

"FD CUARTO.- (...) De tan largas citas jurisprudenciales hemos de quedarnos con tres ideas básicas: 1º) cabe una interpretación integradora de la normativa básica estatal y la legislación autonómica de desarrollo, en todo caso ésta última solo es aplicable a los entes locales una vez hecha exclusión de la legislación estatal que opera como derecho supletorio de primer grado; (.....) Pero tampoco podemos olvidar que, como señalan los recurrentes, con arreglo a lo dispuesto en el art. 3.2 del Real Decreto legislativo 1/2008 por la que se aprobó el texto refundido de la Ley de Fun-



Concello de Vigo

ción Pública de Galicia, el art. 168 del Real Decreto Legislativo 781/1986, de 18 de abril, por el que se aprueba el texto refundido de las disposiciones legales vigentes en materia de régimen local y la Disposición Final Primera de la Ley 7/2007, por la que se aprobó el Estatuto Básico del Empleado Público, en relación a la regulación de la función pública local es de preferente aplicación la legislación básica estatal a la legislación autonómica sobre función pública.” A citada sentenza foi declarada firme por Providencia do Tribunal Supremo 08/03/2018 (R. Casación 3105/2017).

En similar senso, a **STJG de 15 de febreiro de 2017** establece que:

“.....según el artículo 3.1 de la Ley 7/2007, de 12 de abril, del Estatuto Básico del Empleado Público (.....) “El personal funcionario de las entidades locales se rige por la legislación estatal que resulte de aplicación, de la que forma parte este Estatuto y por la legislación de las Comunidades Autónomas, con respeto a la autonomía local, lo cual revela, a la vez que una preferencia de la normativa estatal para la regulación de esta materia, la reconducción de la función pública local al régimen general de la función pública. Al mismo tiempo, significa que la función pública local debe formar parte del ordenamiento de la función pública desarrollado a partir del bloque de la constitucionalidad concretado en torno al 149.1.18ª de la Constitución.”

II.- Nomeamento de funcionarios interinos por acumulación de tarefas:

Consonte ao disposto no artigo 10.1 do Real Decreto Lexislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei 7/2007, do 12 de abril, do Estatuto Básico do Empregado Público (en adiante, TREBEP) son funcionarios interinos son aqueles que, por razóns expresamente xustificadas de necesidade e urxencia, son nomeados como tales para o desempeño de funcións propias de funcionarios de carreira, cando concorran algunhas das circunstancias consignadas no devandito precepto, entre as cales se atopa “**el exceso o acumulación de tarefas por plazo máximo de nueve meses, dentro de un periodo de dieciocho meses**” (letra d) do citado apartado 1); contemplando o apartado 2 do artigo que “los procedimientos de selección del personal funcionario interino serán públicos, rigiéndose en todo caso por los principios de igualdad, mérito, capacidad y celeridad, y tendrán por finalidad la cobertura inmediata del puesto. El nombramiento derivado de estos procedimientos de selección en ningún caso dará lugar al reconocimiento de la condición de funcionario de carrera.”

Os nomeamentos deberán recaer en persoas que reúnan as condicións esixidas para o ingreso no corpo ao que pertenza o posto de traballo, rematando a súa vixencia, segundo o establecido no propio artigo 10, apartado 3, letra c) pola finalización do prazo autorizado expresamente recollido no seu nomeamento, **sen dereito a compensación algunha**. Ademais a Administración formalizará de oficio a finalización da relación de interinidade polas causas previstas no artigo 63 da mesma norma.

Os funcionarios interinos percibirán as retribucións básicas e complementarias asociadas ao posto de traballo de destino; no caso da modalidade de nomeamento por acumulación de tarefas, tómase como referencia a analoxía coas prazas (retribucións básicas) e postos de traballo (retribucións complementarias fixas e periódicas) da categoría profesional ofertada,

no marco do establecido na vixente Relación de Postos de Traballo do Concello de Vigo, aprobada pola Xunta de Goberno Local en sesión do 23.09.2022; referencia que, no presente suposto e segundo o informe técnico emitido, tómase conforme ao posto de traballo de auxiliar de Administración Xeral (código retributivo 138) por un período máximo de 9 meses.

Así mesmo, e consonte á instrucións en materia de planificación e xestión de recursos humanos para o ámbito deste Concello, actualizadas mediante acordo da Xunta de Goberno Local na súa sesión de data 29 de xaneiro de 2016, o recurso ao persoal funcionario interino –ou, de ser o caso, laboral temporal- realizarase unicamente en casos excepcionais e para cubrir necesidades urxentes e inaprazables, restrinxíndose aos sectores, funcións e categorías profesionais indicados como prioritarios ou que afecten ao funcionamento dos servizos públicos esenciais, que deberá acreditar debida e motivadamente o servizo ou unidade peticionaria do efectivo, baixo a responsabilidade da xefatura do servizo correspondente, e requirirá a previa emisión de informe técnico cuantificativo do estado de execución do Capítulo I e da incidencia no mesmo do gasto a propoñer, o cal deberá ser incorporado ao expediente administrativo.

III.- Observacións respecto da xornada e horario

En canto ao establecemento da xornada e horarios de traballo, a xornada desenvolverase segundo estableza a xefatura do servizo ou área consonte ás necesidades obxectivas que se deriven da debida prestación dos servizos públicos, podendo desenvolverse en horario de mañá ou tarde, ou en xornada partida ou a quendas, garantíndose os períodos de descanso normativamente contemplados, de acordo coas determinacións reflectidas no apartado 3 das instrucións sobre xornada e horarios de traballo, aprobadas mediante acordo da Xunta de Goberno Local de data 15 de febreiro de 2013 e modificacións posteriores, e concordantes.

IV.- Xustificación da necesidade e urxencia:

Segundo consta na solicitude de data de sinatura electrónica unida ao expediente, o presente é un dos casos excepcionais para cubrir necesidades urxentes e inaprazables das restrinxidas aos sectores, funcións e categorías profesionais que se consideran prioritarios ou que afectan ao funcionamento dos servizos públicos esenciais, de acordo co esixido no artigo 19 da Lei 3/2017, de 27 de xuño, de Orzamentos Xerais do Estado para o exercicio 2017, e, de igual xeito, o disposto na Lei 5/2014, de 27 de maio, de medidas urxentes derivadas da entrada en vigor da Lei 27/2013, do 27 de decembro, de racionalización e sostibilidade da Administración Local, en relación coa mesma e, nas instrucións en materia de planificación e xestión de recursos humanos para o ámbito do Concello de Vigo derivadas da aplicación das previsións contidas as anteriores leis, aprobadas pola Xunta de Goberno Local, nas súas sesións de data 20 de xuño e 29 de agosto de 2014 e que foron actualizadas na sesión do mesmo Órgano de 29 de xaneiro de 2016 (expediente electrónico nº 27.576/220) debendo ser contextualizadas no marco normativo actualmente vixente á data de sinatura do presente informe-proposta.

Vista a documentación obrante no expediente e segundo consta no informe de verificación administrativa, unha persoa está en condicións de ser nomeada por presentar correctamente a documentación e aceptar o nomeamento.



Concello de Vigo

V. - Proposta de gasto:

Segundo consta no informe técnico de cuantificación económica emitido ao expediente en data 13/12/2022, o custe do efectivo proposto baixo a modalidade prevista no artigo 10.1 d) do TREBEP, por un período máximo de nove meses sería o seguinte:

“Infórmase que que o custo para o nove meses do ano 2023 no caso de que a relación laboral se iniciase no mes de xaneiro sería o seguinte:

2023		N.º EFECTIVOS	RETRI.FIXAS	SEG.SOC.
9 meses	Auxiliar	1	19.335,43	6.100,33

O custo do referido nomeamento imputarase a aplicación orzamentaria 920.0.140.0000 do orzamento do exercicio 2023 no que respecta a retribucións por importe de 19.335,43 €, e a aplicación orzamentaria 920.0.160.0099 no que respecta aos custes da seguridade social para o ano 2023 por importe de 6.100,33 €.

Indícase que para o cálculo dos importes do 2023 aplícase un incremento do 2,5%.”

VI. - Verificación de existencia de aspirantes en listas de reserva:

Segundo informe administrativo de verificación de data 05/12/2022, consta que:

- *“Que sendo necesario o nomeamento interino de 2 auxiliares de Administración Xeral, existen lista de reserva vixentes con candidatas/os en condicións de ser notificadas/os.*
- *Que verificadas as lista de reserva, na categoría de auxiliares de Administración Xeral obran no expediente administrativo as renuncias manifestadas por escrito dos seguintes candidatas/os: D. A. Dopico Furelos con DNI ***1338**, S. Fidalgo Méndez con DNI ***0717** e M. C. Alonso Otero con DNI ***1454**, procedéndose ao chamamento do aspirante seguinte da lista.*
- *Que, salvo de erro ou omisión, de conformidade cos criterios de xestión das listas de reserva aprobados pola Xunta de Goberno Local en data 18/08/22, vixentes para o ámbito do Concello de Vigo e á vista dos datos proporcionados polo programa informático en desenvolvemento para a xestión das listas de reserva do servizo de Administración Electrónica, procede o chamamento como auxiliar de Administración Xeral, ao candidata/o que se relaciona a continuación e presentou a documentación requirida para o efecto, non existindo outros candidatas/os en condicións de ser notificados por estar os mesmos en estado desactivadas/os ou ocupando vacante /programa.*

Categoría: Auxiliar de Administración Xeral		
NÚM. ORDE	DNI	NOME E APELIDOS

1	***5398**	A. Rey Sierra
---	-----------	---------------

De todo o exposto, e suxeito á verificación técnica, deixase constancia para os estritos efectos do expediente electrónico de referencia.”

VII.- SOMETEMENTO Á FISCALIZACIÓN PREVIA E PRECEPTIVA

O presente expediente debe ser sometido á preceptiva fiscalización previa á súa aprobación con carácter preceptivo, consonte ao establecido nos artigos 213 a 223 do RD lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das Facendas Locais; concretamente, o artigo 214, que contempla que:

“1. La función interventora tendrá por objeto fiscalizar todos los actos de las entidades locales y de sus organismos autónomos que den lugar al reconocimiento y liquidación de derechos y obligaciones o gastos de contenido económico, los ingresos y pagos que de aquéllos se deriven, y la recaudación, inversión y aplicación, en general, de los caudales públicos administrados, con el fin de que la gestión se ajuste a las disposiciones aplicables en cada caso.

2. El ejercicio de la expresada función comprenderá:

- a) La intervención crítica o previa de todo acto, documento o expediente susceptible de producir derechos u obligaciones de contenido económico o movimiento de fondos de valores.*
- b) La intervención formal de la ordenación del pago.*
- c) La intervención material del pago.*
- d) La intervención y comprobación material de las inversiones y de la aplicación de las subvenciones.”*

VIII.- COMPETENCIA

De conformidade co réxime de atribucións en materia de persoal e xestión económica do mesmo contemplado na Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, modificada por Lei 27/2013, do 27 de decembro, de Racionalización e Sustentabilidade da Administración Local, reflectidas no artigo 127.1 g) e h) da norma indicada; e nos termos e condicións, alcance e contido do informe de fiscalización que pola Intervención Xeral Municipal se emita; previa a conformidade da Xefa da área de Recursos Humanos e Formación e da Concelleira delegada da Área de Contratación, Patrimonio e Xestión Municipal (delegacións competenciais por Decretos da Alcaldía do 16/04/2021, acordo da Xunta de Goberno Local de data 22/04/2021, Resolución da Alcaldía do 06/09/2022 e acordo da Xunta de Goberno Local de data 08/09/2022), elévase á Xunta de Goberno Local a seguinte:

PROPOSTA DE ACORDO

“PRIMEIRO: Declarar a urxencia no nomeamento de 1 funcionarios/as interinos/a nos termos e condicións seguintes:

- Categoría profesional: auxiliar de Administración Xeral



Concello de Vigo

- Modalidade legal: funcionario interino por acumulación de tarefas (artigo 10.1, letra d) do TREBEP).
- Destino: Servizo de participación cidadá e desenvolvemento local
- Período temporal: 9 meses, expirando a vixencia do nomeamento ao remate sen dereito a compensación algunha (artigo 10.3, letra c) do TREBEP).
- Custe económico: Segundo informe técnico obrante no expediente :

“O custo para o nove meses do ano 2023 no caso de que a relación laboral se iniciase no mes de xaneiro sería o seguinte:

2023		N.º EFECTIVOS	RETRI.FIXAS	SEG.SOC.
9 meses	Auxiliar	1	19.335,43	6.100,33

O custo do referido nomeamento imputarase a aplicación orzamentaria 920.0.140.0000 do orzamento do exercicio 2023 no que respecta a retribucións por importe de 19.335,43 €, e a aplicación orzamentaria 920.0.160.0099 no que respecta aos custes da seguridade social para o ano 2023 por importe de 6.100,33 €.

Indícase que para o cálculo dos importes do 2023 aplícase un incremento do 2,5%.”

Todo elo consonte aos informes e proposta de acordo emitidos na tramitación administrativa do expediente electrónico nº 41.069/220 obxecto de aprobación.

SEGUNDO: Nomear como funcionaria interina por acumulación de tarefas, nos termos e condicións do establecido no apartado primeiro do presente acordo, como auxiliar de Administración Xeral a candidata/o: *A. Rey Sierra con DNI ***5398***, de conformidade cos criterios de xestión das listas de reserva aprobados pola Xunta de Goberno Local e vixentes para o ámbito do Concello de Vigo, á vista dos datos proporcionados polo programa informático existente para a xestión das listas de reserva do servizo de Administración Electrónica.

TERCEIRO: Dispoñer que a xornada laboral do efectivo nomeado desenvolverase no horario establecido pola Xefatura da Área ou Servizo, consonte ás necesidades obxectivas que se deriven da debida prestación dos servizos públicos, podendo desenvolverse en horario de mañá ou tarde, ou en xornada partida ou a quendas, garantíndose os períodos de descanso normativamente contemplados, de acordo coas determinacións reflectidas no apartado 3 das instrucións sobre xornada e horarios de traballo, aprobadas mediante acordo da Xunta de Goberno Local de data 15 de febreiro de 2013 e modificacións posteriores, e concordantes.

CUARTO: Notificar o presente acordo á aspirante nomeada, xefatura do servizo de participación cidadá e desenvolvemento local, Intervención Xeral Municipal, inspección de persoal, persoal técnico da Área de Recursos Humanos e Formación e ao Comité de Persoal para os efectos oportunos.

Contra o presente acordo poderase interpoñer recurso potestativo de reposición no prazo de 1 MES a contar dende o día seguinte ao da súa notificación ou publicación, ou ben recurso contencioso-administrativo perante os Xulgados do Contencioso-Administrativo de Vigo, no prazo de 2 MESES tamén dende o día seguinte ao da notificación ou publicación do acto administrativo firme, nos supostos, termos e condicións do previsto nos artigos 8, 25 e 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da Xurisdición Contencioso-Administrativa.”

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

17(1090).- NOMEAMENTO DUNHA DIPLOMADA EN TRABALLO SOCIAL COMO FUNCIONARIA INTERINA CON CARGO A PRAZA VACANTE. EXPTE. 41130/220.

Visto o informe de fiscalización de data 19/12/2022, dáse conta do informe-proposta de data 15/12/2022, asinado pola técnica de Admón. Xeral, a xefa da Área de Recursos Humanos e Formación e pola concelleira-delegada de Xestión Municipal, que di o seguinte:

ANTECEDENTES

I.- A Xunta de Goberno Local, en sesión ordinaria de 09/06/2022, adoptou acordo polo que se nomea persoal funcionario interino coa categoría de Diplomado en Traballo Social para a cobertura de praza vacante (artigo 10.1, letra a) do TREBEP), con cargo á vindeira oferta de emprego correspondente ao ano 2022 (128.2 do TRRL) (exped. 39806-220).

II.- Por Resolución da concellería delegada competente de data 10/08/2022, aceptouse a renuncia da persoa nomeada funcionaria interina con cargo a vacante referida no parágrafo anterior (exped. 40473-220)

III.- Consta no expediente escrito de data 04/11/2022 da Xefatura da Área de Benestar Social coa conformidade da concellería delegada competente, no que se solicita a cobertura da vacante de Diplomado/a en Traballo Social con cargo á vindeira oferta de emprego correspondente ao ano 2022.

IV.- En data 14/11/2022, polo órgano municipal competente, á vista das solicitudes, e informes que obran no expediente, procedeu a ordenar que: “ *Dispoño ordear que pola Área de Recursos Humanos e Formación se proceda á tramitación do expediente administrativo que proceda para a cobertura interina dunha praza vacante de Diplomada en traballo social por mor da renuncia da persoa nomeada anteriormente.*

V.- Consta anexado ao expediente informe técnico de cuantificación económica do gasto, segundo o cal “*Infórmase que o custo para o vindeiro ano 2023, aplicando un incremento do 2,5% as retribucións do presente ano, sería o seguinte:*



Concello de Vigo

	N.º			
2023 DIPLOMADO/A TRABALLO SOCIAL		EFFECTIVOS	RETRI.FIXAS	SEG.SOC TOTAL
2023 12 meses (aplic. Increm. 2,5%)	1		42.514,64	13.328,34 55.842,98

O custo do referido nomeamento, salvo erro ou omisión, imputarase ao programa orzamentario 2310. “

VI.- En consecuencia, tramitado o expediente pola Área xestora, e en cumprimento das previsións legais contempladas na norma indicada, procede a emisión de informe-proposta ao abeiro do establecido no artigo 172 do Real Decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais (ROF).

FUNDAMENTACIÓN XURÍDICA

I.- Normativa de aplicación

-Real Decreto Lexislativo 5/2015, de 30 de outubro, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei 7/2007, do 12 de abril, do Estatuto Básico do Empregado Público.

A preferente aplicabilidade do Dereito estatal de carácter básico en materia de emprego público local deriva das previsións de dous fundamentais preceptos:

- O artigo 128 do Real Decreto Lexislativo 781/1986, de 18 de abril, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local, que establece en canto ás ofertas de emprego público que:
“1. Las Corporaciones locales aprobarán y publicarán anualmente, dentro del plazo de un mes desde la aprobación de su Presupuesto, la oferta de empleo público para el año correspondiente, ajustándose a la legislación básica del Estado sobre función pública y a los criterios que reglamentariamente se establezcan en desarrollo de la normativa básica estatal para su debida coordinación con las ofertas de empleo del resto de las Administraciones Públicas.”
- O artigo 133 do mesmo Real Decreto Lexislativo 781/1986, de 18 de abril, que efectúa unha determinación legal do réxime xurídico aplicable á selección dos funcionarios de Administración Local, establecendo expresamente que *“el procedimiento de selección de los funcionarios de Administración local se ajustará a la legislación básica del Estado sobre función pública, y se establecerá teniendo en cuenta la conexión entre el tipo de pruebas a superar y la adecuación a los puestos de trabajo que se hayan de desempeñar, incluyendo a tal efecto las pruebas prácticas que sean precisas.”*

Tal preferencia expresa resulta inherente á vocación unificadora do lexislador en materia de función pública; así o ven interpretando a xurisprudencia do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, a efectos do cal resulta salientable a **STSJ de Galicia 120/2017, de 01.03.2017**, ditada en materia de persoal, en cuxo fundamento de dereito FD 4º sinala o seguinte:

"FD CUARTO.- (...) De tan largas citas jurisprudenciales hemos de quedarnos con tres ideas básicas: 1º) cabe una interpretación integradora de la normativa básica estatal y la legislación autonómica de desarrollo, en todo caso ésta última solo es aplicable a los entes locales una vez hecha exclusión de la legislación estatal que opera como derecho supletorio de primer grado; (.....) Pero tampoco podemos olvidar que, como señalan los recurrentes, con arreglo a lo dispuesto en el art. 3.2 del Real Decreto legislativo 1/2008 por la que se aprobó el texto refundido de la Ley de Función Pública de Galicia, el art. 168 del Real Decreto Legislativo 781/1986, de 18 de abril, por el que se aprueba el texto refundido de las disposiciones legales vigentes en materia de régimen local y la Disposición Final Primera de la Ley 7/2007, por la que se aprobó el Estatuto Básico del Empleado Público, en relación a la regulación de la función pública local es de preferente aplicación la legislación básica estatal a la legislación autonómica sobre función pública." A citada sentenza foi declarada firme por Providencia do Tribunal Supremo 08/03/2018 (R. Casación 3105/2017).

En similar senso, a **STJG de 15 de febreiro de 2017** establece que:

".....según el artículo 3.1 de la Ley 7/2007, de 12 de abril, del Estatuto Básico del Empleado Público (.....) "El personal funcionario de las entidades locales se rige por la legislación estatal que resulte de aplicación, de la que forma parte este Estatuto y por la legislación de las Comunidades Autónomas, con respeto a la autonomía local, lo cual revela, a la vez que una preferencia de la normativa estatal para la regulación de esta materia, la reconducción de la función pública local al régimen general de la función pública. Al mismo tiempo, significa que la función pública local debe formar parte del ordenamiento de la función pública desarrollado a partir del bloque de la constitucionalidad concretado en torno al 149.1.18ª de la Constitución."

II.- Consideracións sobre o nomeamento de funcionarios interinos en atención ao marco normativo vixente. Análise da modalidade proposta

A Disposición Adicional 38 da referida Lei contempla unha taxa adicional para os servizos de prevención e extinción de incendios nos seguintes termos: “Además de lo establecido en el artículo 20 y en las disposiciones adicionales décima séptima, décima octava y décima novena de la presente Ley, se autoriza una tasa adicional para las plazas de personal de los servicios de prevención y extinción de incendios que, estando dotadas presupuestariamente, sean necesarias para dar cumplimiento a las previsiones legales o reglamentarias sobre la prestación de dichos servicios, su creación, organización y estructura.”

IV.- Cálculo efectuado da taxa de reposición de efectivos.-

O cálculo da taxa de reposición de efectivos consta no informe técnico de data 06/06/2022 referido no antecedente III de este informe.

A presentación sindical da CIG e UGT solicitan a corrección do cálculo. Segundo o previsto na Lei 22/2021, de 28 de decembro, de Orzamentos Xerais do Estado para o ano 2022 “Para calcular la tasa de reposición de efectivos el porcentaje de tasa máximo autorizado se aplicará sobre la diferencia entre el número de empleados fijos que, durante el ejercicio presupuestario anterior, dejaron de prestar servicios y el número de empleados fijos que se hubieran incorporado en el referido ejercicio, por cualquier causa o reingresado desde situaciones que no conlleven la reserva de puestos de trabajo.”

A taxa de reposición da policía local é do 125% das baixas do ano 2021 as cales suman 13 efectivos o que nos da unha taxa de 16,25, e estos debemos restar os 7 que foron na OEP de 2021, o que da un resultado de 9,25 (9).

Polo tanto, en canto a taxa de reposición resulta o seguinte:

SECTOR	LÍMITE PRAZAS OEP-2022
<i>Policía Local</i>	9
<i>Resto Sectores</i>	49
TOTAL	58



Concello de Vigo

V.- Proposta técnica 2022

En data 20/10/2022 foi formulada a proposta técnica da OEP 2022 (trámite 87 do expediente), que conclúe:

“1.- Taxa adicional de reposición de efectivos.-

En previsión do disposto na DA 38 que contempla a previsión dunha taxa adicional para as prazas de persoal dos servizos de prevención e extinción de incendios que, estando dotadas orzamentariamente, sexan necesarias para dar cumprimento ás previsións legais ou regulamentarias sobre a prestación de ditos servizos, súa creación, organización e estrutura. Se inclúen en virtude de esta taxa adicional as seguintes prazas:

- 1 praza de bombeiro
- 2 prazas de condutor bombeiro
- 1 praza de cabo de extinción incendios
- 2 prazas de sarxento extinción incendios
- 1 praza de oficial extinción incendios

2.- É necesario incluír na Oferta de Emprego Público 2022 as prazas cubertas interinamente en base ao artigo 128.2 do TRRL, que segundo consta no informe técnico de data 11/11/2022 son:

- 1 Administrativa/o de Administración Xeral
- 1 Auxiliar de Administración Xeral
- 5 Bombeiro
- 1 Diplomado en Traballo Social

3.- Excluída da taxa de reposición de efectivos, poderá reservarse para a quenda de promoción interna un porcentaxe das prazas convocadas dentro dos límites legais (artigo 134 do TRRL e 80 da LEPG)

4.- Das prazas que se convoquen de policía local, un mínimo do 25% deben ofertarse para a súa cobertura por mobilidade. Elo segundo o previsto no artigo 43 da Lei 4/2007, de 20 de abril, de coordinación de policía locais, parágrafo segundo: “A estos efectos, los ayuntamientos reservarán, como mínimo, un veinticinco por ciento de las plazas vacantes que se oferten para su cobertura por movilidad. Cuando no fuese posible cubrir las vacantes con el porcentaje señalado, las fracciones sobrantes se acumularán a la siguiente o siguientes convocatorias. 13, 3 mobilidade horizontal”

5.- Deberase incluír a reserva dun cupo do 7% de prazas para ser cubertas por persoas con discapacidade, do cal o 2% corresponde a prazas reservadas para persoas con discapacidade intelectual.

6.- En data 05/12/2022, se celebró Mesa Xeral de Negociación co resultado que obra no expediente.

7.- Se corrixe a taxa de reposición de efectivos nos termos do manifestado polas seccións sindicais UGT e CIG: 58

8.- Inclúense prazas vacantes producidas no ano 2021 e 2022, aínda que para o cálculo de taxa de reposición foi calculada nos termos da Lei de orzamentos para 2022

9.- Proposta Técnica:

	Praza	PI	L	Total
FC	Administrativo/A Admon. Xeral	3 /1*	3	6
FC	Alguacil		1	1
FC	Auxiliar Admon. Xeral		1	1
FC	Bombeiro		10 (9 TO, 1 TA)	10
FC	Conductor-Bombeiro		4 (2 TO 2 TA)	4
FC	Cabo Extinción Incendios	1	1 (TA)	2
FC	Sarxento Extinción Incendios	2	2 (TA)	4
FC	Oficial Extinción Incendios		1(TA)	1
FC	Diplomado/A En Traballo Social		2 (1*)	2
FC	Economista		1	1
FC	Enxeñeiro/A Caminos		2	2
FC	Enxeñeiro/A Industrial		1	1
FC	Operario Peon		1	1
FC	Subalerno		4 (1 *1**)	4
FC	Policia		13 (4 MH)	13
FC	Programador/A Informatica		1	1
FC	Tecnico/A Admon. Xeral (R.Xuridica)	1	3 (1 *)	4
FC	Tecnico/A Auxiliar de Segur. e Mobilidade		1	1
FC	Tecnico/A De Sistemas		1	1
FC	Tecnico/A De Xestion		1	1
FC	Tecnico/A Medio/A Serv. Economicos		1	1
LAB	Axudante Oficios		2 (1*)	2
LAB	Capataz	1		1
LAB	Oficial Albanel		2	2
LAB	Oficial Almaceneiro		1	1
LAB	Oficial Conductor		2	2
LAB	Oficial Instalacións		2	2
LAB	Oficial Instalacions-lmd	2	1	3
	Total	10	58	75

(1*) Reservado diversidade funcional

(1**) Reservado diversidade funcional intelectual

(MH) Mobilidade Horizontal

(TO/TA) Taxa ordinaria/Taxa adicional".

VI.- Negociación colectiva.-

O artigo 37 do Real Decreto Lexislativo 5/2015, de 30 de outubro polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público, inclúe dentro das materias obxecto de negociación "en su ámbito respectivo y en relación con las competencias de cada Administración Pública y con el alcance que legalmente proceda en cada caso, las materias siguientes: ... l) Los criterios generales sobre ofertas de empleo público..."

A este respecto, debemos recordar en palabras do Tribunal Supremo «la obligación de negociar no es de resultado y menos aún de satisfacer pretensiones o reivindicaciones totales de una de las partes, por hipótesis la sindical o funcionarial, sino obligación de procedimien-



Concello de Vigo

to y exigencia de, cuando menos, un intercambio dialógico de experiencias y propuestas que, conduzca o no a un resultado materialmente transaccional, supere el nivel de lo meramente informativo y de cortesía, para abrir el debate entre las partes con una real, y no simulada, proclividad a que las aportaciones de los representantes de los funcionarios puedan influir y materializarse en aspectos concretos de la materia a regular por la Administración empleadora». (STS de 17/febrero/2003)

En data 05/12/2022, se celebró Mesa Xeral de Negociación. Consta certificado da Secretaría de administración municipal (trámite 79), segundo o cal a Mesa Xeral de Negociación adoptou o seguinte acordo: Proposta de aprobación da oferta de emprego público 2022 (expediente electrónico nº 39.061/220). A proposta resulta aprobada por unanimidade dos presentes (Concello, UXT, CIG, SICO).

Posteriormente elaborouse informe de data 20/12/2022 coa nova proposta técnica da OEP 2022 (trámite 87) logo do manifestado en Mesa Xeral de Negociación. A mesma foi notificada aos sindicatos UGT, CIG, SICO presentes na Mesa manifestando os mesmos a súa conformidade en escritos de datas 21 e 22/12/2022 respectivamente.

VII.- Competencia:

De conformidade co réxime de atribucións en materia de persoal e xestión económica do mesmo contemplado na Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, modificada por Lei 27/2013, do 27 de decembro, de Racionalización e Sostibilidade da Administración Local, reflectidas no artigo 127.1 g) e h) da norma indicada; e nos termos e condicións, alcance e contido do informe de fiscalización que pola Intervención Xeral Municipal se emita; previa a conformidade da xefa da Área de Recursos Humanos e Formación e da Concelleira delegada da Área de Seguridade, Contratación e Xestión Municipal en virtude delegacións competenciais por Decretos da Excm. Alcaldía de 16.04.2021 e 06/09/2022 e Acordos da Xunta de Goberno Local de datas 22.04.2021 e 08/09/2022, elévase á Xunta de Goberno Local a seguinte:

PROPOSTA DE ACORDO:

PRIMEIRO: Aprobar a Oferta de Emprego Público do Concello de Vigo para o ano 2022, integrada polas seguintes prazas vacantes:

	Praza	PI	L	Total
FC	Administrativo/A Admon. Xeral	3 /1*	3	6
FC	Alguacil		1	1
FC	Auxiliar Admon. Xeral		1	1
FC	Bombeiro		10	10
FC	Conductor-Bombeiro		4	4
FC	Cabo Extinción Incendios	1	1	2
FC	Sarxento Extinción Incendios	2	2	4
FC	Oficial Extinción Incendios		1	1
FC	Diplomado/A En Traballo Social		2 (1*)	2
FC	Economista		1	1

	Praza	PI	L	Total
FC	Enxeñeiro/A Caminos		2	2
FC	Enxeñeiro/A Industrial		1	1
FC	Operario Peon		1	1
FC	Subalterno		4 (1 *1**)	4
FC	Policia		13 (4 MH)	13
FC	Programador/A Informatica		1	1
FC	Tecnico/A Admon. Xeral (R.Xuridica)	1	3 (1 *)	4
FC	Tecnico/A Auxiliar de Segur. e Mobilidade		1	1
FC	Tecnico/A De Sistemas		1	1
FC	Tecnico/A De Xestion		1	1
FC	Tecnico/A Medio/A Serv. Economicos		1	1
LAB	Axudante Oficios		2 (1*)	2
LAB	Capataz	1		1
LAB	Oficial Albanel		2	2
LAB	Oficial Almaceneiro		1	1
LAB	Oficial Conductor		2	2
LAB	Oficial Instalacións		2	2
LAB	Oficial Instalacions-lmd	2	1	3
	Total	10	58	75

(1*) Reservado diversidade funcional

(1**) Reservado diversidade funcional intelectual

(MH) Mobilidade horizontal

SEGUNDO: Ordease a publicación da presente oferta no BOP e no DOGA e notificar o presente acordo ao Comité de Persoal, Intervención Xeral, e ao persoal técnico da Área de Recursos Humanos e Formación aos efectos oportunos.

Contra o presente acordo poderase interpoñer recurso potestativo de reposición no prazo de 1 MES a contar dende o día seguinte ao da súa notificación ou publicación, ou ben recurso contencioso-administrativo perante os Xulgados do Contencioso-Administrativo de Vigo, no prazo de 2 MESES tamén dende o día seguinte ao da notificación ou publicación do acto administrativo firme, nos supostos, termos e condicións do previsto nos artigos 8, 25 e 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da Xurisdición Contencioso-Administrativa.

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.



Concello de Vigo

19(1092).- PRÓRROGA DO CONTRATO DE SERVIZOS BIBLIOTECARIOS COMPLEMENTARIOS PARA A BIBLIOTECA MUNICIPAL “XOSÉ NEIRA VILAS”. EXPTE. 16228/331.

Visto o informe xurídico do 15/12/2022 e o informe de fiscalización do 22/12/2022, dáse conta do informe-proposta de data 9/12/2022, asinado polo xefe do Servizo de Xestión e Promoción Cultural, o concelleiro-delegado de Cultura e polo concelleiro-delegado de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

LEXISLACIÓN APLICABLE.

- RD Leg 3/2011, de 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de Contratos do Sector Público. TRLCSP
- RD 1098/2001 Regulamento Xeral da Lei de Contratos das Administracións Públicas.
- RD Leg 781/1986, de 18 de abril, texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de Réxime Local.
- Lei 57/2003, de 16 de decembro, de medidas de modernización do goberno local.
- RD Leg 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei Reguladora de Facendas Locais.
- Lei 5/1997 de 22 de xullo de Administración Local de Galicia.
- Lei 9/2017, de 8 de novembro de Contratos do Sector Público.

ANTECEDENTES

1. A Xunta de Goberno Local con data 6 de febreiro de 2020 acordou (expte 15967/331):

“Adxudicar a LTM SERVICIOS BIBLIOTECARIOS, S.L. (B-15.648.595) o procedemento aberto para a contratación dos servizos bibliotecarios complementarios para a biblioteca municipal “Xosé Neira Vilas” (15.967-331) coas seguintes condicións:

- a) O prezo total do contrato é de 543.858,31 euros, sendo a cota correspondente ao IVE de 94.388,63 euros.*
- b) Comprométese á realización de estudos de público usuario conforme ao previsto no apartado 7.B.3 do Anexo I -FEC- do PCAP.*
- c) Comprométese a por a disposición do servizo 75 horas en horario diferente ao habitual, incluso en horario nocturno, sen custo para o Concello.*

Todo iso de acordo cos pregos de prescricións técnicas e de cláusulas administrativas particulares aprobados por acordo da Xunta de Goberno local e a oferta presentada, formada pola proposición avaliable mediante xuízo de valor e a proposición avaliable a través de fórmula”.

2. Con data 5 de marzo 2020, asinouse o contrato administrativo entre o Concello de Vigo e a mercantil LTM SERVICIOS BIBLIOTECARIOS, S.L. (B-15.648.595) cun prazo de execución de DOUS anos naturais sendo a data de inicio o 3 de abril de 2020 (cláusula 4) .

3.- Este contrato estipula a posibilidade de tres prórrogas de un ano de duración cada unha delas, finalizando o periodo fixo de contrato o 2 de abril de 2022.

4.- Con data 25 de novembro de 2021, a Xunta de Goberno Local aprobou a primeira prórroga do contrato, para o periodo do 3 de abril de 2022 ao 2 de abril de 2023.

5.- Por escrito de entrada na sede electrónica municipal nº 220315941, de data 9 de decembro, D. Cleso Figueroa Suárez en nome e representación da mercantil LTM SERVICIOS BIBLIOTECARIOS, S.L. (B-15.648.595) presta a súa conformidade á segunda prórroga do contrato, cunha duración de un ano, do 3 de abril de 2023 ao 2 de abril de 2024.

6.- Consta no expediente resolución do concelleiro-delegado da Área de Cultura, de data 28 de novembro, dispoñendo se proceda a instruír a segunda prórroga do contrato por ser necesario continuar ca prestación do servizo da empresa contratada para a execución dos devanditos traballos co persoal cualificado para a execución dos mesmos os resultados satisfactorios acadados.

7.- Esta xefatura informa que a empresa LTM SERVICIOS BIBLIOTECARIOS, S.L. (B-15.648.595) ten cumprido satisfactoriamente con todo o estipulado no citado contrato, desenvolvendo correctamente as obrigas encomendadas e sen ningún incumplimento pola súa parte.

CONSIDERACIÓNS XURIDICAS

1.- A Lei 9/2017, de 8 de novembro de Contratos do Sector Público regula no seu artigo 29.4 que os contratos de servizos de prestación sucesiva terán un prazo máximo de duración de cinco anos, incluíndo as posibles prórrogas.

2.- Según o artigo 29.2 da LCSP, o contrato poderá prever unha ou varias prórrogas sempre que as características permanezan inalterables durante o periodo de duración destas. A prórroga acordarase polo órgano de Contratación e será obligatoria para o empresario, sempre que o seu preaviso se produza alomenos con dous meses de antelación á finalización do prazo de duración do contrato.



Concello de Vigo

3.- Neste senso, tanto a cláusula 4ª do contrato asinado con data 5 de marzo de 2020, como a cláusula 7.3 do Prego de Cláusulas Administrativas Particulares e apartado 4.c) das FEC, establecen que o presente contrato terá unha vixencia de dous anos a contar dende o día 3 de abril de 2020, prevéndose a posibilidade de tres prórrogas dun ano cada unha delas.

4.- O expediente de prórroga do contrato iniciarásese polo órgano de contratación, estando delegada no Concello de Vigo polo acordo da Xunta de Goberno Local do 5 de novembro do 2020 polo que se aproba o texto consolidado de delegación de competencias nos concelleiros delegados da Área. A tal fin, consta no expediente resolución do concelleiro da Área de Cultura, de data 28 de novembro de 2022, autorizando o inicio de este expediente da segunda prórroga do contrato.

5. Deberá incorporarse ao expediente de prórroga o certificado de existencia de crédito e a fiscalización previa da Intervención Xeral nos termos previstos na lei 47/2003, de 26 de novembro, Xeral Presupuestaria.

6.- A competencia para a resolución do presente expediente e aprobación do gasto correspóndelle á Xunta de Goberno Local, na súa calidade de órgano de contratación de conformidade ao previsto na disposición adicional segunda apartado 11 da Lei de Contratos do Sector Público.

Á vista do exposto, ante a necesidade de continuar coas prestacións ás que se refire o presente expediente de contratación, en beneficio e defensa dos intereses municipais, previos informes xurídico e da Intervención Xeral, coas conformidades do concelleiro-delegado da Área de Cultura e mailo concelleiro-delegado da Área de Facenda e Orzamentos, faise á Xunta de Goberno Local a seguinte

PROPOSTA:

“PRIMEIRO.- Aprobar a segunda prórroga do contrato de servizos bibliotecarios complementarios para a Biblioteca Municipal “Xosé Neira Vilas” (expediente 15967/331), polo período dun ano, é dicir, dende o día 3 de abril de 2023 ao 2 de abril de 2024.

SEGUNDO.- Aprobar o gasto por importe total de **271.929,15 € (douscentos setenta e un mil novecentos vintenove euros con quince céntimos)**, a favor de **LTM SERVICIOS BIBLIOTECARIOS, S.L. (B-15.648.595)**, con cargo á partida 3321.227.99.10 “Funcionamento da Biblioteca Martínez Garrido” do orzamento municipal, según o seguinte detalle

- Ano 2023 (3 de abril ao 31 decembro): 202.436,16 €
- Ano 2024 (1 xaneiro ao 2 de abril): 69.492,99 €

TERCEIRO.- Notificar o presente acordo ao adxudicatario”.

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

20(1093).- PROPOSTA DE APROBACIÓN DO PROXECTO DE OBRAS DE “HUMANIZACIÓN DA RÚA PABLO IGLESIAS”. EXPTE. 5667/443.

Visto o informe de fiscalización do 22/12/2022, dáse conta do informe-proposta de data 20/12/2022, asinado polo técnico de Admón. Xeral, o xefe do Servizo Xurídico de Servizos Xerais e polo concelleiro-delegado de Área, que di o seguinte:

ANTECEDENTES DE FEITO

I.- O Concelleiro-Delegado da Área de Fomento en data 16.03.2022 resolveu o autorizar o gasto para a redacción do proxecto de Humanización da Rúa Pablo Iglesias a favor da empresa Interurban, S.A.U.

II.- A devandita empresa presentou presentou borrador de proxecto de “**HUMANIZACIÓN DA RÚA PABLO IGLESIAS**”, redactado polo Enxeñeiro de Camiños, Canles e Portos D. Roberto Aya Vidal, cun orzamento base de licitación máis IVE de UN MILLÓN DOUSCENTOS OITENTA E OITO MIL CINCOCENTOS TRINTA E SETE EUROS CON VINTE E CINCO CÉNTIMOS (1.288.537,25 €), con data outubro de 2022 e asinado dixitalmente en data 15 de decembro de 2022.

III.- O Enxeñeiro de Camiños, Canais e Portos, en data 12 de setembro de 2022 informou que o documento borrador presentado cumpre cos obxectivos do contrato, polo que o Concelleiro Delegado da Área de Fomento, a proposta do Técnico de Administración Xeral, en data 13 de setembro de 2022 resolveu iniciar expediente para a aprobación do citado proxecto.

IV.- A actuación proxectada prevé a humanización parcial da rúa Pablo Iglesias na súa marxe dereita en sentido oeste, desde o inicio da devandita vía na súa confluencia coa rúa Alexandre Bóveda ata o número 24.

Dita humanización contempla a mellora integral da rúa reordenando a súa sección transversal de maneira que se amplíen as beirarrúas conservando na súa maior parte as prazas de aparcamentos existentes.

As obras previstas son:

- Demolicións e movemento de terras.
 - Estrada: Eliminación parcial do firme mediante un fresado de 5 cm de espesor e reposición do firme mediante o estendido de 5 cm de M.B.C. AC16 surf D.
 - Zonas de estacionamento en formigón HA-25.
 - Beirarrúas: Pavimento de lousa hidráulica cor de 60x40 cm, 4 cm de morteiro de cemento M-5, 15 cm de soleira de formigón HM-20 e 15 cm de zahorra artificial ZA 0/20. Bordo granítico de 15x25 cm.
- Renovación de redes de servizos:
- Rede de drenaxe: A rede componse de colectores de PVC SN-4, pozos de rexistro, acometidas e sumidoiros. Diámetros colectores 800mm e 400 mm.



Concello de Vigo

- Rede de saneamento: A rede componse de colectores de PVC SN-4, pozos de rexistro e acometidas. Diámetros colectores 315 mm, 400 mm e 500 mm.
- Rede de abastecemento de auga: Nova rede principal de abastecemento de auga composta por unha tubaxe de fundición de 150 mm de diámetro nominal, coas súas diferentes pezas, accesorios e acometidas. Na derivación cara ao equipamento educacional renóvase a súa tubaxe por unha de FD de 60 mm de DN, mentres que na conexión cara á Rúa Lorient, prevense dous ramais de FD de 100 mm de DN.
- Rede de iluminación pública: A nova rede de iluminación pública distribuída unilateralmente cunha interdistancia de ao redor de 18-20 m. Os conxuntos empregados terían alturas de columna de entre 8 e 9 m. Columna modelo ATLAS ou equivalente. Luminaria AIRE S5 ou equivalente.

Outras

- Xardinería: As xardineiras serán lineais con bordo de chapa de 5 mm de espesor e acabado oxirón, quedando na parte exterior do carril delimitada dita xardineira mediante bordo de pedra. Alcorques enrasados de granito de 1x1 m.
- Rede de rego.
- Mobiliario urbano. Papeleira tipo "MILENIUM 80 L. Bancos modelo BAROA ou equivalente, de medidas de 3000 x 630 x 450 mm con respaldo de 1800 x 394 mm e 2 reposabrazos de aceiro ao carbono. Colocación de placas fabricadas en aceiro inoxidable AISI316 e metacrilato, de dimensións aproximadas 297x420 cm, colocadas en poste de aceiro inoxidable de 40mm de diámetro.
- Sinalización horizontal e vertical.

O prazo estimado para a execución das obras descritas é de (4) CATRO meses.

V.- A Enxeñeira Técnica da Oficina de Supervisión de Proxectos, Inspección Técnica de Obras e Asistencia Técnica Municipal emite en data 15 de decembro de 2022 informe de supervisión do proxecto obxecto deste expediente, indicando o seguinte:

"(...)

O ámbito da actuación desenvólvese sobre solo clasificado como solo urbano e calificado como vía pública.

Inclúese táboa de revisión dos principais aspectos e consideracións verificados do proxecto, anexa ao presente informe.

Os custes unitarios incluídos no proxecto, considéranse adecuados para a execución do contrato, estimase que son prezos xerais de mercado.

A documentación do proxecto considérase completa, e o proxecto toma en consideración as disposicións xerais de carácter legal e regulamentario, así como a normativa técnica de aplicación, reunindo todos os requisitos esixidos pola "Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014" (en adiante, LCSP) e polo "Regulamento Xeral da Lei de Contratos das Administracións Públicas, aprobado por RD 1098/2001 de 12 de outubro", polo que se informa favorablemente, aos efectos de control ordenado polo artigo 235 da citada lei.

CONSIDERACIÓNS DE DEREITO

I.- A contratación da execución das obras obxecto do presente expediente require, como actuación preparatoria, de acordo co artigo 231 da LCSP, a elaboración, supervisión, aprobación e replanteo do correspondente proxecto de obras que definirá con precisión o obxecto do contrato.

II.- Os contidos mínimos e esixencias que debe reunir o proxecto de obras e o ámbito da verificación do proxecto de obras, a realizar polas oficinas de supervisión de proxectos especificanse, nos artigos 233 e 235 da LCSP , e 125 a 137 do Regulamento Xeral da Lei de Contratos das Administracións Públicas , aprobado por Real Decreto 1098/2001, de 12 de outubro.

III.- O proxecto de obras, segundo resulta dos informes técnicos que obran no expediente, cumpre cos obxectivos da actuación proposta, refírese a unha obra completa e nel tivéronse en conta as disposicións xerais de carácter legal e regulamentario, así como a normativa técnica, de aplicación ao proxecto, tal e como resulta da táboa que figura no informe da Oficina de Supervisión de Proxectos Municipal, na que pormenorizadamente e con indicación da súa concreta localización no documento, se especifican os requisitos legais, regulamentarios e técnicos que reúne o proxecto

IV.- A aprobación do proxecto corresponde ao órgano de contratación, a tenor do disposto no artigo 231 da LCSP, que de acordo coa disposición adicional 2ª.4 da LCSP, é a Xunta de Goberno Local, previo informe de fiscalización da Intervención Xeral Municipal (artigo 214 do Texto Refundido da Lei reguladora de Facendas Locais, aprobado por R.D.2/2004, de 5 de marzo).

V.- Aprobado que sexa o proxecto e previamente á tramitación do expediente de contratación da execución da obra, procederase a efectuar o replanteo do mesmo (artigo 236 da LCSP).

Polo que á vista do exposto, proponse á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte:

ACORDO

Aprobar o proxecto de obras de "HUMANIZACIÓN DA RÚA PABLO IGLESIAS", redactado polo Enxeñeiro de Camiños, Canles e Portos D. Roberto Aya Vidal, cun orzamento base de licitación máis IVE de UN MILLÓN DOUSCENTOS OITENTA E OITO MIL CINCOCENTOS TRINTA E SETE EUROS CON VINTE E CINCO CÉNTIMOS (1.288.537,25 €), con data outubro de 2022 e asinado dixitalmente en data 15 de decembro de 2022.

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

21(1094).- PROPOSTA DE APROBACIÓN DO PROXECTO DE OBRAS DE "PAVIMENTACIÓN DA RÚA ZAMORA". EXPTE. 5852/443.

Visto o informe de fiscalización do 22/12/2022, dáse conta do informe-proposta de data 20/12/2022, asinado polo técnico de Admón. Xeral, o xefe do Servizo Xurídico de Servizos Xerais e polo concelleiro-delegado de Área, que di o seguinte:



Concello de Vigo

ANTECEDENTES DE FEITO

I.- O Concelleiro-Delegado da Área de Fomento en data 17.07.2022 resolveu o autorizar o gasto para a redacción do proxecto de Pavimentación da Rúa Zamora a favor da empresa “Urbing proyectos de urbanismo e Ingeniería Civil S.L.”,

II.- A devandita empresa presentou presentou borrador de proxecto de “PAVIMENTACIÓN DA RÚA ZAMORA”, redactado polo Enxeñeiro de Camiños, Canles e Portos, D^a Julio Roberes de Cominges, cun orzamento base de licitación máis IVE de TRESCENTOS CORENTA E CINCO MIL EUROS CON NOVECENTOS CORENTA E DOUS CON SEIS CÉNTIMOS (345.942,06 €) e firmado dixitalmente en Decembro do 2022.

III.- O Enxeñeiro de Camiños, Canais e Portos, en data 16 de decembro de 2022 informou que o documento borrador presentado cumpre cos obxectivos do contrato, polo que o Concelleiro Delegado da Área de Fomento, a proposta do Técnico de Administración Xeral, en data 19 de decembro de 2022 resolveu iniciar expediente para a aprobación do citado proxecto.

IV.- As actuacións teñen lugar na Rúa Zamora na totalidade da súa lonxitude. Os traballos para a realización da obra enuméranse a continuación.

- Reparación das patoloxías do firme detectadas, principalmente deterioros superficiais na totalidade do tramo, mediante:
 - Fresado do pavimento bituminoso da calzada .
 - Reposición do firme da calzada mediante MBC AC16 SURF BC 50/70 D en toda a actuación
- Reparacións das intersección de lastro de pedra, mediante demolición e retirada do mesmo, incluso a base de formigón, reposición da mesma mediante 23 cms de HA 25 con malla 15x15x6 mm, e lastro de pedra tipo gris piñor 14x14x10 cms.
- Reporase a sinalización horizontal afectada polos traballos de reposición do firme de calzada e na rotonda existentes no tramo, tamén se reporán os elementos de balizamento.

O prazo estimado para a execución das obras descritas é de (DOS) 2 meses.

V.- O Enxeñeiro de Camiños, Canles e Portos e a Enxeñeira Técnica da Oficina de Supervisión de Proxectos, Inspección Técnica de Obras e Asistencia Técnica Municipal emite en data 19 de decembro de 2022 informe de supervisión do proxecto obxecto deste expediente, indicando o seguinte:

“(…)

A actuación proposta a efectos urbanísticos abarca una zona de solo urbano consolidado. Non é preciso autorizacións sectoriais por afección a outros dominios ou medioambientais.

Inclúese táboa de revisión dos principais aspectos e consideracións verificados do proxecto, anexa ao presente informe.

CONCLUSIÓN:

Os custos unitarios incluídos no proxecto, considéranse adecuados para a execución do contrato, estimase que son prezos xerais de mercado.

A documentación do proxecto considérase completa, e o proxecto toma en consideración as disposicións xerais de carácter legal e regulamentario, así como a normativa técnica de aplicación, reunindo todos os requisitos esixidos pola “Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014” (en adiante, LCSP) e polo “Regulamento Xeral da Lei de Contratos das Administracións Públicas, aprobado por RD 1098/2001 de 12 de outubro”, polo que se informa favorablemente, aos efectos de control ordenado polo artigo 235 da citada lei.

CONSIDERACIÓNS DE DEREITO

I.- A contratación da execución das obras obxecto do presente expediente require, como actuación preparatoria, de acordo co artigo 231 da LCSP, a elaboración, supervisión, aprobación e replanteo do correspondente proxecto de obras que definirá con precisión o obxecto do contrato.

II.- Os contidos mínimos e esixencias que debe reunir o proxecto de obras e o ámbito da verificación do proxecto de obras, a realizar polas oficinas de supervisión de proxectos especifícanse, nos artigos 233 e 235 da LCSP , e 125 a 137 do Regulamento Xeral da Lei de Contratos das Administracións Públicas , aprobado por Real Decreto 1098/2001, de 12 de outubro.

III.- O proxecto de obras, segundo resulta dos informes técnicos que obran no expediente, cumpre cos obxectivos da actuación proposta, refírese a unha obra completa e nel tivéronse en conta as disposicións xerais de carácter legal e regulamentario, así como a normativa técnica, de aplicación ao proxecto, tal e como resulta da táboa que figura no informe da Oficina de Supervisión de Proxectos Municipal, na que pormenorizadamente e con indicación da súa concreta localización no documento, se especifican os requisitos legais, regulamentarios e técnicos que reúne o proxecto

IV.- A aprobación do proxecto corresponde ao órgano de contratación, a tenor do disposto no artigo 231 da LCSP, que de acordo coa disposición adicional 2ª.4 da LCSP, é a Xunta de Goberno Local, previo informe de fiscalización da Intervención Xeral Municipal (artigo 214 do Texto Refundido da Lei reguladora de Facendas Locais, aprobado por R.D.2/2004, de 5 de marzo).

V.- Aprobado que sexa o proxecto e previamente á tramitación do expediente de contratación da execución da obra, procederase a efectuar o replanteo do mesmo (artigo 236 da LCSP).

Polo que á vista do exposto, proponse á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte:

ACORDO

Aprobar o proxecto de obras de “PAVIMENTACIÓN DA RÚA ZAMORA”, redactado polo Enxeñeiro de Camiños, Canles e Portos, D^a Julio Roberes de Cominges, cun orzamento base de licitación máis IVE de TRESCENTOS CORENTA E CINCO MIL EUROS CON NOVECENTOS CORENTA E DOUS CON SEIS CÉNTIMOS (345.942,06 €) e firmado dixitalmente en Decembro do 2022.

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.



Concello de Vigo

22(1095).- PRÓRROGA DO CONTRATO DOS PROCEDEMENTOS DE RECADACIÓN EN PERÍODO EXECUTIVO, NOS PROCEDEMENTOS SANCIONADORES DA CONCELLERÍA DELEGADA DE MOBILIDADE E SEGURIDADE, SANCIÓN DE CIRCULACIÓN E LIQUIDACIÓN DAS TAXAS PRACTICADAS POLA RETIRADA E CUSTODIA DE VEHÍCULOS NO DEPÓSITO MUNICIPAL. EXPTE. 16863/541.

Visto o informe xurídico do 14/12/2022 e o informe de fiscalización do 21/12/2022, dáse conta do informe-proposta de data 28/11/2022, asinado polo tesoureiro municipal e polo concelleiro-delegado de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

ANTECEDENTES

- 1.- A Xunta de Goberno Local do Concello, en sesión extraordinaria celebrada o día 24 de marzo de 2017, aprobou o expediente de contratación nº 16863/541, dos servizos de colaboración en procedementos de recadación en período executivo, nos procedementos sancionadores da concellería delegada de mobilidade e seguridade, multas de circulación e liquidación de taxas pola retirada e custodia de vehículos no depósito municipal, que contén o Prego de Cláusulas Administrativas, as FEC, o Prego de Prescricións Técnicas Particulares e a apertura do procedemento de contratación.
- 2.- O mesmo órgano, en sesión extraordinaria celebrada o 7 de setembro de 2017, vistos os informes favorables e a proposta da Mesa de Contratación, adoptou o acordo de "*Adxudicar á mercantil SERVICIOS DE COLABORACIÓN INTEGRAL, S.L.U por procedemento aberto a contratación dos servizos reflectidos no apartado 2A das FEC.*
- 3.- O Contrato formalizouse no correspondente documento administrativo o 28 de decembro de 2017.
- 4.- A prestación do servizo comezou o 1 de xaneiro do ano 2018.
- 5.- O prazo do Contrato é de 4 anos.
- 6.- O contrato ten posibilidade de dúas prórrogas anuais.

Conforme ao disposto na cláusula 7 do prego de cláusulas administrativas particulares e apartado 4 das FEC, o contrato ten unha duración de 4 anos contados dende a data de inicio da prestación dos servizos, - 1 de xaneiro de 2018-, podendo ser obxecto de 2 (dúas) prórrogas de carácter anual, sempre que medie acordo expreso da Xunta de Goberno do Concello de Vigo. No caso de que o adxudicatario pretenda renunciar á calquera das prórrogas, deberá notificarlo ao Concello de Vigo, cun mínimo de 10 meses de antelación á data de finalización do período contractual vixente. En caso contrario, o Concello de Vigo poderá acordar a prórroga en calquera momento antes do seu vencemento.

Con data 29 de outubro de 2021, a Xunta de Goberno Local, previa proposta do Sr. Tesoureiro de data 11/10/2021 (expediente 16863/541), prorrogou o contrato por un prazo dun ano, estando vixente a primeira prórroga ata o 31 de decembro de 2022.

Con data 16 de novembro de 2022, D. Pascual Seguí Bañuls, con DNI 73907843B, como representante da mercantil Servicios de Colaboración Integral SLU, CIF:96067400, que tendo por presentado o escrito, solicita a prórroga do Contrato por un ano, unha vez vencida a primeira prórroga do contrato, que ademais se considere o escrito, como manifestación de conformidade.

Hai que manifestar, que aínda no suposto de que o contratista non fixese chegar o escrito, como non rexeitou a prórroga cun prazo de antelación de 10 meses ao do remate do contrato, sería obrigatoria a súa aceptación.

INFORME:

I.- Fundamentos xurídicos

1.- O réxime xurídico da tesourería das entidades locais atópase regulamentado nos artigos 194 e seguintes do texto refundido da Lei reguladora das Facendas Locais (TRLRFL), aprobado polo Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, que dispoñen que constitúen a tesourería das entidades locais todos os recursos financeiros, sexan diñeiro, valores ou créditos, da entidade local, tanto por operacións orzamentarias como extraorzamentarias.

2.- Con respecto ás funcións encomendadas ás tesourerías locais, o artigo 196 da LRFL, establece que son as seguintes:

–Recadar os dereitos e pagar as obrigas.

–Servir ao principio de unidade de caixa, mediante a centralización de todos os fondos e valores xerados por operacións orzamentarias e extraorzamentarias.

–Distribuír no tempo as dispoñibilidades dinerarias para a puntual satisfacción das obrigacións.

–Responder dos avais contraídos.

–Realizar as demais que se deriven ou relacionen coas anteriormente numeradas.

3.- Pola súa beira, o artigo 5 do Real Decreto 128/2018, de 16 de marzo, polo que se regula o réxime xurídico dos funcionarios de Administración Local con habilitación de carácter nacional, regula as funcións de tesourería e recadación, no se apartado 2) regula as funcións de recadación:

- A xefatura dos servizos de xestión de ingresos e recadación.
- O impulso e dirección dos procedementos de xestión e recadación.



Concello de Vigo

- A autorización dos pregos de cargo de valores que se entreguen aos recadadores, axentes executivos e xefes de unidades administrativas de recadación, así como a entrega e recepción de valores a outros entes públicos colaboradores na recadación.
- Ditar a providencia de prema nos expedientes administrativos deste carácter e, en todo caso, resolver os recursos contra a mesma e autorizar a poxa de bens embargados.
- A tramitación dos expedientes de responsabilidade que procedan na xestión recadadora.

4.- O artigo 14 e seguintes do Real Decreto 939/2005, de 29 de xullo, por lo que se aproba o Regulamento xeral de Recadación, regula a recadación da Facenda Pública das entidades Locais e dos seus organismos autónomos.

5.- O artigo 7 da Lei Orgánica 2/2012, de 27 de abril, de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira, establece que a xestión dos recursos públicos estará orientada pola eficacia, a eficiencia, a economía e a calidade, a cuxo fin aplicaranse as políticas de racionalización do gasto e de mellora da xestión do sector público.

II. En relación coa vontade do contratista e oposición á prórroga

A data de inicio do contrato asinado coa mercantil SERVICIOS DE COLABORACIÓN INTEGRAL, SLU, foi o 1 de xaneiro de 2018, a duración inicial deste contrato rematou o 31 de decembro de 2021.

A primeira prórroga aprobada pola Xunta de Goberno Local o 29 de outubro de 2021, remata o 31 de decembro do ano 2022.

Tendo en consideración as necesidades que se pretendían satisfacer co contrato, ao persistir na actualidade as mesmas, deberá adoptarse pola Xunta de Goberno Local un acordo expreso de prórroga contractual nos termos previstos na cláusula 7 do prego de cláusulas administrativas particulares e o apartado 4 das FEC. No prazo previsto no PCAP, non hai oposición á prórroga polo contratista, téndose que producir o rexeitamento cunha antelación de 10 meses, situación que non concorre no expediente.

Hai que manifestar a predisposición feita por escrito da adxudicataria do servizo a continuar coa prestación do mesmo durante o período da segunda prórroga, non constando oposición da mesma dentro do prazo de antelación indicado nos citados documentos.

En todo caso, a decisión que se propoña e adopte o órgano competente, queda comprendida dentro do ámbito de aplicación, tanto subxectivo como obxectivo, da Lei Orgánica 2/2012, de Estabilidade Orzamentaria e Susceptibilidade Financeira, no que se enmarca o artigo 7.3 (.....), os contratos e os convenios de colaboración, así como calquera outra actuación dos suxeitos incluídos no ámbito da Lei que afecten aos gastos ou ingresos públicos presentes e futuros, deberán valorar as repercusións e efectos, e supeditarse de forma estrita ao cumprimento das esixencias dos principios de estabilidade orzamentaria e sostibilidade financeira.

II. Xustificación da mesma

No informe desta tesourería de data 22 de xullo de 2016, -xustificativo das necesidades a satisfacer obrante no expediente, poñíase de manifesto, entre outros extremos, a necesidade de contar cun apoio técnico nos procesos e procedementos de xestión executiva en vía de prema para xestionar con maior eficiencia o servizo. A mellora do resultado nas contías da recadación en vía executiva foi substancial, así como na recadación das sancións, xustificando a toma de decisión feita no seu día e a necesidade de continuar co servizo técnico de apoio.

A xestión recadadora do Concello de Vigo, tanto no período voluntario como no período executivo, realízase directamente pola propia Entidade Local, de conformidade co disposto nos artigos 106.3 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, e artigo 8.a) do Real Decreto 939/2005, de 29 de xullo, polo que se aproba o Regulamento xeral de recadación.

A recadación en período voluntario realízase a través de entidades colaboradoras, desempeñando a entidade ABANCA CORPORACIÓN BANCARIA, SA, a condición de entidade xestora (expediente 25295/541), mentres que a condición de entidades colaboradoras a teñen por convenio varias entidades financeiras.

Polo que respecta á recadación en período executivo, esta realízase directamente pola Entidade Local, por persoal municipal adscrito ó servizo de recadación, se ben dende abril de 1994, e tendo en conta a insuficiencia de medios con que contaba a Administración municipal para xestionar adecuadamente o servizo, decidiuse contratar unha prestación dos servizos de colaboración na xestión recadadora municipal da totalidade dos ingresos, tributarios ou non, susceptibles de ser xestionados en período executivo, así como a xestión e recadación das multas de tráfico nos seus períodos voluntario e executivo.

A experiencia puxo de manifesto o acertado da medida, sendo a mellora constatable, que pode resumirse:

6. Nun incremento notable do importe recadado.

7. Mellora substancial na xestión dos procedementos.

8. Maior calidade do servizo prestado aos contribuíntes, pois non debe perderse de vista o marcado carácter social da recadación executiva como instrumento ao servizo da política económica xeral e, máis en concreto, como mecanismo fundamental de redistribución da renda e a riqueza.

9. Maior eficiencia evitando a prescrición de valores.

10. Maior atención e especialización nos procedementos concursais.

11. Implementación metodolóxica dos procedementos de recadación.

12. Posta en marcha de procedementos singularizados como: Derivación de responsabilidades, poxas.....



Concello de Vigo

Polo que se refire á necesidade ou conveniencia de manter un contrato de colaboración cos servizos recadatorios municipais, en definitiva o modelo organizativo actual, compre subliñar que o Concello de Vigo, e máis en concreto os servizos municipais de recadación, non contan na actualidade coa infraestrutura de recursos humanos e materiais axeitada para a prestación dos servizos adecuadamente, contando unicamente coa adscrición efectiva do recadador executivo municipal como persoal funcionario e dun economista, de tal xeito que calquera reconsideración do modelo actual de prestación tería que ir aparellada coa dotación previa aos servizos municipais de recadación dos medios imprescindibles, humanos, materiais e informáticos, para garantir unha adecuada prestación do mesmo.

Tendo en consideración as limitacións legais para a incorporación de medios humanos, que veñen impostos pola limitación na Taxa de Reposición de Efectivos (TRE), e a necesidade de manter a calidade e eficiencia na prestación dos servizos, é aconsellable acudir a unha contratación, neste caso, a prórroga do contrato de servizos de apoio para esta finalidade.

Na actualidade subsisten as causas que motivaron a licitación da prestación, e que tamén están xustificadas na memoria que se achega no expediente en fase de licitación.

IV. Satisfacción na prestación dos servizos contratados

A mercantil SERVICIOS DE COLABORACIÓN INTEGRAL, SL, ven prestando ao Concello de Vigo o servizo contratado dende a data de inicio da prestación, con suxeición ás condicións establecidas nos pregos de condicións e cláusulas administrativas particulares, e habéndose obtido uns resultados satisfactorios.

É necesario poñer en valor o extraordinario esforzo feito no desenvolvemento dos aplicativos informáticos necesarios para a xestión recadatoria, a súa integración entre o servizo de recadación voluntaria e executiva e co sistema contable, os procedementos estandarizados, a homoxeneización de informes, a mellora nos servizos de atención, e por suposto, como obxectivo fundamental, a mellora nas porcentaxes de recadación e a minoración porcentual de custe por euro recadado.

O obxecto contractual ten sido desenvolvido a plena satisfacción da institución e do responsable do contrato, desenvolvendo ferramentas informáticas que melloraron a xestión e os índices de recadación, como resultado, baixou a porcentaxe de gasto por euro recadado.

Polo exposto, entende o funcionario que subscribe, que debe procederse a prorrogar o contrato de colaboración dos servizos municipais de recadación na tramitación dos expedientes administrativos de recadación dos ingresos municipais de Dereito Público que se atopen no período executivo de ingreso, así como a colaboración na tramitación dos expedientes para a xestión administrativa e a recadación en período voluntario de ingreso das sancións impostas como consecuencia da tramitación de expedientes sancionadores en materia de tráfico, formalizado coa empresa SERVICIOS DE COLABORACIÓN INTEGRAL, S.L., por un período anual máis, isto é, dende o día 1 de xaneiro de 2023 até o día 31 de decembro do ano 2023, segunda prórroga que prevé o PCAP.

A competencia para a adopción do presente acordo corresponde á Xunta de Goberno Local do Concello de Vigo.

V.- Melloras que formaron parte dos criterios suxeitos a xuízo de valor, na oferta

Apartado	Cod.oferta	Imp.mejora	Imp.executado	En execución	Pte ±
I	1.2.1	120.000,00	160.691,62		40.691,62
II	1.2.1	12.000,00			-12.000,00
III	1.2.1	20.000,00	20.000,00	,00	,00
IV	1.2.1	35.200,00	36.000,00	,00	800,00
V	1.2.2	52.200,00	56.666,67	,00	4.466,67
VI	1.2.2	65.000,00	65.762,00		762,00
VII	1.2.3	80.000,00	127.673,30		47.673,30
VIII	1.2.3	6.000,00			-6.000,00
IX	1.2.3	20.000,00	20.160,00	,00	160,00
X	1.2.3	6.000,00			-6.000,00
XI	1.2.3	60.000,00	60.480,00	,00	480,00
XII	1.2.3	28.000,00	30.240,00	,00	2.240,00
XIII	1.2.3	40.000,00	43.560,00	,00	3.560,00
XIV	1.2.3	6.000,00	8.820,00		2.820,00
XV	1.2.3	20.000,00	4.310,00		-15.690,00
XVI	1.2.3	20.000,00	32.872,50	,00	12.872,50
Total		590.400,00	667.236,09	,00	76.836,09

VI.- Invetimentos que figuraban nos criterios obxectivos.

Aplicación	Código Oferta			Situación		
	8.B.3.1	8.B.3.2	8.B.3.3	Executado	En reserva	Pendente
	791.730,00	80.000,00	40.000,00			
1ª prórroga		20.000,00	10.000,00			
2ª prórroga		20.000,00	10.000,00			
total	791.730,00	120.000,00	60.000,00			
Adquis.PDAs (855 €/u)				299.250,00		
Repar.PDAs.				13.328,30		
Out.medios, rádares				212.068,25		
Reserva PDAs					239.400,00	
Reser. Repa PDAs					20.000,00	
Plan formacion tributaria				,00		60.000,00
Camp. Sensib. Recada- ción				80.058,16		40.000,00
Total				604.704,71	259.400,00	100.000,00



Concello de Vigo

Os investimentos comprometidos foron incorporados nos prazos ofertados, coa excepción do número de equipos móbiles de captura e emisión electrónica de denuncias, que se entregan en función das solicitudes que fai o Servizo da Policía Local, e que a esta data, téñense solicitado e entregado 350.

As características destes dispositivos (PDA), están determinados no apartado 5.2.4 do Tomo I contido no sobre B da oferta.

Tendo en conta que o servizo da Policía Local non demanda máis dispositivos, é necesario deixar en reserva un número determinado de unidades para afrontar a prórroga do contrato para facer entrega dos dispositivos ás novas promocións de entrada de Policías que se producirán nos anos 2022-2023 en execución de Ofertas de Emprego Público.

A restante dotación, aplicouse á adquisición e instalación doutros dispositivos de captura e emisión electrónica en substitución dos actuais, segundo detalle que figura na aplicación dos investimentos.

Os dispositivos móbiles de captura e emisión electrónica de denuncias, tiña como obxectivo a diminución de custes que supón a emisión das denuncias en papel e o seu rexistro posterior no sistema informático, co risco de perda da denuncia en papel, erros no seu rexistro, tempo engadido neste proceso, etc, do que a prestadora do servizo esperaba no tempo resultar algo beneficiada polos aforros que supoñía o investimento, polo que o interese está non só na entrega deste dispositivos, senón no seu uso para a finalidade concreta.

Os dispositivos fixos de captura e emisión da infracción, beneficián ao Concello por control sobre determinados aspectos da nova regulación:

- Novos límites de velocidade que veñen reflectidos na modificación do Regulamento Xeral de Circulación mediante o Real Decreto 970/2020, de 10 de novembro, publicado no Boletín Oficial do Estado (BOE) o 11 de novembro.
- Permitiron repoñer uns equipos que non van a consumir recursos públicos con cargo ao Orzamento Municipal.
- Foi unha reposición dos actuais. Non hai polo tanto, unha alteración no mapa vixente dos equipos instalados.
- Supón a incorporación dunha tecnoloxía actualizada, en substitución doutra que ten máis de 20 anos.
- Supón dar maiores garantías e seguridade a información obtida en relación aos medios actuais, aportando tamén, unha maior seguridade, se fose o caso, para o infractor.

Na primeira prórroga xustificose unha interpretación máis extensiva na aplicación de medios, cuxa finalidade non é alterable, xa que os equipos de captura e misión electrónica en vez de ser PDA, equipos móbiles, pasaban a ser a reposición de sistemas de captura e emisión electrónica con equipos fixos.

Así mesmo, tamén hai que facer o axuste en relación co apartado 8.B.3.3 da oferta en relación coa dotación para a formación tributaria, que non se definiu nin se executou, polo que, propónse a súa execución no apartado 8.B.3.2.

VII.- Condicións económicas da prórroga

Na oferta da adxudicataria, SCI, SLU, figuraba uns investimentos que se comprometía a executar, que están cumpridos, e que en algún caso, como eran os equipos de captura e emisión electrónica de denuncias, non foron demandados polo Servizo de Policía Local na súa totalidade, que con posterioridade, aplicouse o remanente pendente á reposición dos sistemas de captura electrónica de datos e información para a tramitación posterior de liquidación de ingresos municipais.

Concepto	Nº	importe
INVESTIMENTOS		
Equipos de captura e emisión electrónica de denuncias	926	791.730,00
Hardware de BBDD e servidores de aplicacións	70.400/35.200	928.890,00
Licencia Oracle		98.455,00
Melloras previstas no sobre B		588.400,00
EDITRAN		9.695,30
Outros equipos informáticos		19.630,00
Total investimento		2.436.800,30
GASTOS DE EXPLOTACIÓN/ano		
Gastos de persoal	33	1.255.909,29
Custe de notificacións		483.115,00
Melloras distintas dos equipos de captura (publicidade e formación)		30.000,00
Custes fixos, licencias aplicación, mantemento e telefonía PDAs e outros		170.818,59
Outros custes		21.452,89
Amortización		609.200,08
Total gastos explotación		2.570.495,85

Á vista da Estrutura de custes, a dotación a amortización non é imputable á prórroga do contrato, polo que hai que deducila da liquidación anual.

Este contrato non ten unha retribución fixa, aplícase unha porcentaxe fixa, segundo a oferta sobre a recadación de sancións, para os retantes ingresos, a porcentaxe a aplicar vai por tramos de recadación, que varía entre o 10% e o 18%, facéndose unha entrega a conta mensual.



Concello de Vigo

A liquidación anual, con determinados axustes, é o resultado da aplicación das porcentaxes segundo o tramo de recadación acadado e a porcentaxe sobre as sancións. Desta contía, dedúcense as entregas a conta e os custes sufragados polo Concello polas notificacións.

No período de prorroga, hai que deducir tamén a contía anual da amortización dos activos asociados ao contrato que xa foron imputados no prazo ordinario do contrato.

VIII.- Cumprimento do previsto no artigo 7.3 da Lei Orgánica 2/2012, de 27 de abril, LOEPSF

En relación coa proposta, o contrato está a ter un impacto positivo na recadación, agás o ano 2020, polas circunstancias excepcionais que xerou a pandemia da COVID19, todos os anos hai unha mellora na recadación.

Tamén hai un mellora no custe por euro recadado, baixando de porcentaxes do 25,06% ao 16,45%, que é o custe do ano 2019.

Táboa resume de xestión do contrato.

Ano	Tributos	Sancións		Recargo	Xuros	Total/ano	Facturación	Custe/euro
		Executiva	Voluntaria					recadado
2021	12.183.377,58	2.416.503,17	3.169.287,97	2.098.021,94	671.904,19	20.539.094,85	3.475.677,30	16,92 %
2020	10.526.690,90	2.066.949,43	4.370.750,97	1.692.350,50	668.494,74	19.325.236,54	3.439.700,12	17,80 %
2019	13.831.709,98	2.434.360,36	3.433.809,60	2.258.437,22	1.387.823,03	23.346.140,19	3.771.176,88	16,15 %
2018	12.790.795,63	1.695.093,53	4.481.969,92	1.647.577,54	518.725,38	21.134.162,00	3.434.622,68	16,25 %
2017	11.429.108,49	1.624.098,88	4.144.234,57	1.605.765,46	490.477,14	19.293.684,54	3.803.522,42	19,71 %
2016	12.770.232,11	1.915.608,49	4.182.211,48	1.850.406,49	658.745,69	21.377.204,26	3.997.780,09	18,70 %
2015	12.328.899,44	2.144.859,69	2.996.066,30	1.710.702,79	751.558,57	19.932.086,79	3.741.109,77	18,77 %
2014	10.544.042,37	2.309.632,13	3.678.160,00	1.804.972,68	719.543,86	19.056.351,04	3.853.569,00	20,22 %
2013	12.987.784,01	1.971.947,22	4.136.688,00	1.707.426,11	599.408,98	21.403.254,32	4.081.157,03	19,07 %
2012	10.405.994,56	2.000.352,60	3.957.832,10	1.339.607,52	603.087,34	18.306.874,12	3.585.647,51	19,59 %

En relación cos fraccionamentos tramitados, tamén hai unha evolución positiva, que ten causa no tratamento masivo deste tipo de expedientes.

Ano	Nº expedientes
2021	1.458
2020	1.200
2019	1.984
2018	1.081
2017	1.305

Na actualidade, tamén se ten normalizado os procedementos de derivación responsabilidade con 87 expedientes tramitados no ano 2021, así como o exercicio de tercerías de dominio e o sistema de poxas electrónicas con 12 inmobles tramitados e un vehículo, por unha contía total de 264.585 euros.

Por outra banda, tamén se acadou a excelencia no control dos procedementos concursais, notificando as débedas a favor desta administración en prazo e exercendo os dereitos que lle corresponden en relación coa cualificación das mesmas. En resumo, a execución do contrato está a ter un resultado moi positivo para os intereses municipais, quedando así xustificada a decisión e o cumprimento do previsto no artigo 7.3.

Na proposta da primeira prórroga Incorporouse ao expediente, informe do Funcionario Recadador en vía Executiva, no que manifestaba que os medios ofertados como mellora no sobre B e C, foron incorporados e postos a disposición deste Concello de forma satisfactoria. Nesta segunda prórroga, non é necesario o devandito informe, xa que o compromiso de medios xa estaba cumprido na primeira.

PROPOSTA DE ACORDO:

PRIMEIRO.- Prorrogar o contrato de colaboración dos servizos municipais de recadación na tramitación dos expedientes administrativos de recadación dos ingresos municipais de Dereito Público que se atopen no período executivo de ingreso, así como a colaboración na tramitación dos expedientes para a xestión administrativa e a recadación en período voluntario de ingreso das sancións impostas como consecuencia da tramitación de expedientes sancionadores en materia de tráfico, formalizado coa empresa SERVICIOS DE COLABORACIÓN INTEGRAL, S.L.U, por un prazo dun ano, segunda prórroga do contrato, pora o período que vai entre o 1 de xaneiro de 2023 ata o 31 de decembro do ano 2023.

SEGUNDO.- A prórroga non altera ningunha das condicións orixinais do contrato, manténdose as mesmas porcentaxes a aplicar sobre a recadación e as mesmas entregas a conta.

TERCEIRO.- A retribución anual do contrato, verase axustada na contía da amortización, situación que xa se materializou na primeira prórroga, cuxo custe xa foi imputado ao prazo ordinario do contrato, polo que a liquidación anual, con determinados axustes, será o resultado da aplicación das porcentaxes segundo o tramo de recadación acadado e a porcentaxe sobre as sancións. Desta contía, dedúcense: i) os pagos a conta regulamentados no apartado 12 das FEC, ii) os custes pagados polo Concello polas notificacións e, iii) a contía das amortizacións previstas na oferta que ademais figuran como custes anuais por unha contía de 609.200,08 euros.

CUARTO.- Ao non se ter definido a aplicación do apartado 8.B.3.3 da Oferta, nunha contía de 10.000 euros/ano, traspasar esa dotación ao apartado 8.B.3.2, coa finalidade de ampliar a dotación de 20.000 euros/ano para o lanzamento dunha campaña destinada a por en coñecemento dos cidadás, os servizos e canales de pagamento para facilitar os trámites que teñen que facer fronte ao Concello, así como as vantaxes que lle outorga a sede electrónica en relación con este servizo, sendo a contía que quedaría no apartado 8.3.3.2 de 100.000 euros (40.000 euros das dúas prrórrogas do apartado 8.B.3.2 e 10.000 euros ano do apartado 8.B.3.3, durante a vida do contrato máis as prórrogas, 60.000 euros).



Concello de Vigo

QUINTO.- En canto ao crédito necesario e suficiente para facer fronte ao gasto, a aplicación 9340.2270800, ten unha dotación suficiente para facer fronte ás obrigas que afloren en relación coa execución do contrato, tanto no ano vixente como no proxecto en trámite.

Así mesmo, as Bases de Execución do Orzamento, na Base 13ª, prevé como partida ampliable en función da recadación, a aplicación 9340.2270800, sempre relacionada coa recadación do concepto 39120, por recadación do exercicio corrente coma de exercicios pechados.

En consecuencia, a prórroga non engade carga orzamentaria suplementaria, sendo os créditos sinalados axeitados para que órgano competente adopte o acordo de prórroga.

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

ASUNTOS FORA DA ORDE DO DIA

A Xunta de Goberno Local, co quorum regulamentario, acorda declarar de urxencia os asuntos seguintes, de conformidade co artº. 51 do Texto Refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local, aprobado por Decreto legislativo 781/1986 de 18 de abril.

- .- Dar conta á Xunta de Goberno Local da resolución de aprobación dos “criterios para a asignación do complemento retributivo de produtividade no Concello de Vigo”. Expte. 39599/220.
- .- Subvención por interese xeral á Asociación de Veciños do Calvario. Expte. 8252/104.
- .- Subvención directa á “Asociación Empresarial de Industriales y Comerciantes de la zona de Travesas Vigo” para a celebración da festa de Fin de Ano. Expte. 9218/106.

Antes do tratamento de ditos asuntos para a súa aprobación (no seu caso, fora da orde do día) pola Secretaría do Goberno Local recóllese declaración expresa dos membros da Xunta de Goberno Local presentes na sesión de non incorrer en posible conflito de intereses, nos termos establecidos no modelo aprobado para a Xunta de Goberno Local por Resolución da Concellería Delegada de Xestión Municipal de data 24.02.2021, e de conformidade co Plan de Integridade na Contratación, aprobado pola Xunta de Goberno Local en data 12.12.2020, e o seu Desenvolvemento Operativo aprobado por resolución da Concellería Delegada de Xestión Municipal de data 17.12.2019.

23(1096).- DAR CONTA Á XUNTA DE GOBERNO LOCAL DA RESOLUCIÓN DE APROBACIÓN DOS “CRITERIOS PARA A ASIGNACIÓN DO COMPLEMENTO RETRIBUTIVO DE PRODUTIVIDADE NO CONCELLO DE VIGO”. EXPTE. 39599/220.

A Xunta de Goberno Local, co quorum regulamentario, acorda declara-la urxencia do asunto de referencia por estar fóra da orde do día, de conformidade coa xustificación que consta no expediente aportada polo servizo correspondente.

Dáse conta do informe-proposta de data 27/12/2022, asinada polo técnico de Admón. Xeral, a xefa da Área de Recursos Humanos e Formación e a concelleira-delegada de Xestión Municipal, que di o seguinte:

Por resolución da concelleira delegada da Área de Seguridade, Contratación e Xestión Municipal de data 27/12/2022 (expediente 39599/220), resolveuse:

"PRIMEIRO.- Aprobar "os criterios para a asignación do complemento retributivo de produtividade no Concello de Vigo" segundo o ANEXO ÚNICO unido á presente resolución.

SEGUNDO.- Publicar o texto aprobado no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra que modifica á súa vez as "Instrucións sobre plantilla" publicadas no BOP nº 220, do 16 de novembro do 2010, e colgar no portal de Intranet do Concello de Vigo para o seu coñecemento por parte de todo o persoal ao servizo desta administración.

TERCEIRO.- Dar conta da presente resolución á Xunta de Goberno Local conforme ao disposto no acordo de delegación de competencias de dito órgano de data 08/09/2022, á Intervención Municipal e a Asesoría Xurídica Municipal.

CUARTO.- Contra a presente resolución poderase interpoñer recurso potestativo de reposición perante o mesmo órgano que a ditou no prazo de 1 mes a contar dende o día seguinte ao da súa publicación, ou ben recurso contencioso-administrativo perante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Vigo no prazo de 2 meses a contar dende o día seguinte ao da notificación ou publicación do acto administrativo que poña fin á vía administrativa, nos supostos, termos e condicións do disposto nos artigos 8, 25 e 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, Reguladora da Xurisdición Contencioso-Administrativa."

Á vista do recollido na citada resolución e conforme ao disposto no acordo de delegación de competencias da Xunta de Goberno Local de data 08/09/2022, proponse ao órgano competente:

ÚNICO.- Dar conta á Xunta de Goberno Local da aprobación dos "criterios para a asignación do complemento retributivo de produtividade no Concello de Vigo", que tivo lugar mediante resolución da concelleira delegada da Área de Seguridade, Contratación e Xestión Municipal de data 27/12/2022 (expediente 39599/220).

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.



Concello de Vigo

24(1097).- SUBVENCIÓN POR INTERESE XERAL A ASOCIACIÓN DE VECIÑOS DO CALVARIO. EXPTE. 8252/104.

A Xunta de Goberno Local, co quorum regulamentario, acorda declara-la urxencia do asunto de referencia por estar fóra da orde do día, de conformidade coa xustificación que consta no expediente aportada polo servizo correspondente.

Visto o informe xurídico e informe de fiscalización do 27/12/2022, dáse conta do informe-proposta de data 27/12/2022, asinado pola técnica de actividades turística, a concelleira-delegada de Área e polo concelleiro-delegado de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

Con data da sede electrónica municipal o 08/09/2022, a **ASOCIACIÓN DE VECIÑOS DO CALVARIO** presenta escrito de solicitude de subvención para o financiamento da FESTA DA ALEGRÍA que tivo lugar os días 4 ao 18 de xuño de 2022; por este motivo, con data 15/09/2022, a concelleira delegada da Área de Turismo e Xuventude resolveu que se iniciase o expediente de subvención correspondente, polo importe de 14.520 €.

ANTECEDENTES.-

A Festa da Alegría naceu no ano 2012 como unha evolución doutra festa que se viña realizando no barrio, a Festa da Xuventude. Desde o ano 2012 a Festa da Alegría foise transformando e especializándose nun público infantil e eminentemente familiar. Pasarúas, malabares, obradoiros diversos e concertos de música infantil son as actividades que nunca faltan na Festa da Alegría para dotala dese carácter marcadamente familiar. A Festa da Alegría foi medrando no número de asistentes, pasando de ser pouco máis de 5.000 persoas as que asistiron ás diversas actividades que se programaron no ano 2012 a superar amplamente as 60.000 persoas que disfrutaron a semana de festa do ano 2019. O público que asiste á festa proven doutros puntos da cidade, pero tamén, e cada ano en maior medida, de concellos de proximidade tales como Redondela ou Pontevedra que aproveitan esta celebración como escapada de fin de semana. Este aumento do público asistente fixo replantearse á organización da festa a súa descentralización en múltiples espazos polo barrio para evitar así masificacións excesivas que fosen en detrimento da mesma. Máis de 60.000 persoas pasaron polo barrio do Calvario na edición do ano 2019. O público asistente proven tanto da propia cidade como dos concellos colindantes. O aumento nas vendas no comercio da zona durante os días de festa está no entorno do 40% sendo o aumento na hostelería dun 200% (Datos facilitados pola Asociación de comerciantes do Calvario). A ocupación hoteleira no entorno do barrio durante eses días aumenta durante a fin de semana debido fundamentalmente as visitas de xente do entorno dos concellos máis próximos.

Non obstante na edición da Festa da Alegría 2022 pretendeuse reforzar o atractivo turístico da mesma, superando a área de influencia máis inmediata (Mos, Redondela, Porriño, etc) levando á festa ao país veciño como mostra de intercambio cultural. Concretamente o día 10 de xuño, día de Portugal, celebrouse un irmanamento coa freguesía de Alvorge no Concello de Ansião no centro de Portugal. Con motivo de dita celebración autoridades e empresarios da zona, que pasaron o día na cidade, en recíproca visita á que realizou dende a Asociación estima unha afluencia turística o pasado mes de maio, de a lo menos 60.000 persoas.

Así mesmo nesta edición, sen esquecer as actuacións destinadas ao público infantil e familiar, complementouse as actividades dotando á festa dun marcado carácter cultural. Neste senso os días 4 e 5 de xuño de 2022 celebrouse na Peonil do Calvario o certame de cómic do Calvario “Banda á Feira” de xeito que máis de 30 casetas instaladas ao longo da peonil acolleron exposicións de comic de diversos autores Carles Dalmau, Anabel Colazo, Mayte Alvarado, Borja González

Carles Dalmau, ilustrador que con medio millón de seguidores nas redes sociais traballou en numerosos proxectos relacionados coa ilustración; dende cómic e webcomic a arte para videoxogos e debuxos animados, entre outros Anabel Colazo ilustradora española graduada en Belas Artes e considerada unha das novas voces emerxentes da novela gráfica española. Xa desde os seus inicios no sector editorial, as súas obras tiveron moi boa acollida tanto por parte da crítica como por parte do público.

Anabel Colazo escribiu varios fanzines grazas aos que foi gañadora de o Premio ao mellor fanzine no Salón do Cómic de Barcelona en dúas ocasións. A súa primeira novela gráfica tamén mereceu dous nomeamentos en o Salón Internacional do Cómic de Barcelona. A súa novela gráfica Non Mires Atrásentró na lista dos Esenciais do ACDCómic, foi gañadora de o Premio Splash Project e finalista aos Premios Ignotus, ademais de obter nomeamentos a outros galardóns como: Mellor guionista nacional Xornadas de Cómic de Avilés, Mellor Obra Nacional Premios Zona Cómic-Cegal, Mellor Guionista Nacional XX Edición dos Premios da Crítica de Dolmen Editorial, Mellor Autor Revelación II Edición dos Premios Carlos Giménez por Heroes Cómic Con Madrid e Futuro talento de Cómic I Premios José Sanchis Grau.

As iniciativas desenvolvidas pola Asociación (Banda á Feira) e o intercambio cultural con Portugal constitúe un novo atractivo turístico e a súa desestacionalización do turismo e, por extensión, á proxección da cidade e os seus atractivos turísticos.

Neste contexto se impulsan estratexias de diversificación da oferta e desestacionalización dos fluxos turísticos que perseguen superar os problemas inherentes á estacionalidade da demanda e a rixidez da oferta. Os principios de diversificación e desestacionalización permiten incrementar os niveis de renda e emprego, a actividade turística prolóngase ao longo de todo o ano e cáptase unha clientela con maior capacidade de gasto, reducen os impactos negativos sobre o medio ambiente ou o patrimonio histórico-cultural, e promoven o desenvolvemento rexional dado que os beneficios afectan a todo o territorio. Nesta mesma liña de actuación, a diversificación dos atractivos dunha cidade e a oferta dunha maior variedade de produtos ao longo do ano incentiva a chegada do turismo dun modo regular e evita que se concentre en tempadas curtas é outro dos fins para obter unha chegada de fluxos turísticos regular ao longo do ano.

Neste senso cabe destacar que o turismo é unha das industrias mais afectadas pola crise provocada pola COVID-19 e tras a crise sanitaria a forma de desenvolvemento turístico cambiou por completo. Os programas para estimular a recuperación do turismo se centran na diversificación da oferta e a desestacionalización da demanda co fin de reconstruír destinos turísticos mais sostibles, inclusivos e resilientes.

Así mesmo cabe destacar que son obxectivos específicos relacionados co sector turístico, entre outros os seguintes:

- Potenciar o comercio local e de proximidade.
- Promocionar a contorna de Vigo a través dunha actividade cultural de grande tradición na nosa cidade.



Concello de Vigo

- Achegar un valor engadido á contorna con actividades diferentes ás habituais.
- Promover o turismo familiar.
- Conseguir sinerxias entre turismo-cultura-comercio e hostalería.
- Aumentar o caudal de público, intentando desestacionalizar os fluxos de asistentes.
- Ofrecer alternativas locais ao consumo.
- Mellorar a oferta comercial, hostaleira e de ocio de cara ao turismo.
- Dar a coñecer o tecido asociativo local que traballa en pro dunha economía fluída.
- Por último, cumprir todos estes obxectivos nun ambiente familiar, próximo e distendido é tamén un obxectivo en si mesmo.

O orzamento que se achega a Asociación de Veciños do Calvario, incorpora o orzamento xeral de ingresos e gastos do programa polo importe de 27.650,00€ mais IVE, dos que o Concello de Vigo achega 14.520,00€

DOCUMENTACIÓN.-

Por parte da asociación, presentouse a documentación relativa ao expediente de subvención, que está integrada pola seguinte:

- Memoria e orzamento da actividade
- Estatutos de Constitución da Entidade
- Certificación da conta bancaria
- Contrato de seguro de Responsabilidade Civil.
- Solicitud de subvención nominativa
- Declaración responsable del presidente
- Modelo de certificado do secretario da entidade ou persoa que teña atribuída as funcións de certificación de feitos e acordos.

LEXISLACIÓN APLICABLE.-

A concesión da subvención que outorgue o Concello de Vigo a ASOCIACIÓN DE VECIÑOS DO CALVARIO, para o financiamento da Festa da Alegría que tivo lugar en xuño do 2022, rexerese pola Lei 38/2003 do 17 de novembro, xeral de subvencións e o RD 887/2006, do 21 de xuño, polo que se aprobou o seu regulamento, nos seus preceptos básicos; R.D. Leg 2/2004, de 5 de marzo TRLRFL, Lei 7/1985, de 2 de abril RBRL e demais lexislación básica do estado en materia de réxime local; a Lei 9/2007, de 13 de xuño de subvencións de Galicia; os preceptos non básicos da Lei 38/2003 e do RD 887/2006; as bases de execución dos vixentes orzamentos municipais e as restantes normas de dereito administrativo, e no seu defecto, as normas de dereito privado.

Será responsabilidade da entidade a correspondente xestión e autorización dos dereitos de autor, ou de calquera outra obriga derivada do Real Decreto-lexislativo 1/1996 do 12 de abril, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei de Propiedade Intelectual.

A concesión da subvención directa a ASOCIACIÓN DE VECIÑOS DO CALVARIO se axusta ao previsto no art. 22.2 apartado c) da Lei 38/2003 xeral de subvencións, polo interese público, social e cultural que supón a actividade para a cidade de Vigo; acreditado na concordancia do programa singular a executar, os fins estatutarios da entidade, a súa complementariedade coa actividade turística organizada polo Concello e marcada diferenza ca oferta doutras entidades, polo cal non procede promover a concorrência para o seu outorgamento.

ÓRGANO DE RESOLUCIÓN E ÁMBITO DE COMPETENCIAS .-

O órgano de goberno para a concesión desta subvención directa é a Xunta de Goberno Local.

O obxecto do expediente corresponde a materias de competencia propia do Concello segundo os artigos 25.2.h) da Lei 7/1985, do 2 de abril Reguladora das bases do Réxime Local, da información e promoción da actividade turística de interese e ámbito local, así mesmo da Lei 5/1997, de administración local de Galicia, segundo os artigos 80.2.n) das actividades e instalacións culturais e deportivas , a ocupación do tempo libre e o turismo.

FINANCIAMENTO DA SUBVENCIÓN.-

A subvención do Concello de Vigo a ASOCIACIÓN DE VECIÑOS DO CALVARIO ten como obxecto o autofinanciamento do proxecto presentado que ten por obxecto levar a cabo a programación da FESTA DA ALEGRÍA que tivo lugar en xuño do 2022,

Con data 26 de decembro de 2022 a xefa do Servizo de Festas informa que a partida orzamentaria 3380 4890000 “Transf. a entidades e Comisión de Festas” dispón de un saldo suficiente polo que podería imputarse a mesma o importe de 14.520,00€ á subvención, sen que a antedita minoración afecte ao normal funcionamento do servizo de Festas e o Concelleiro de Festas resolve autorizar o gasto de 14.520,00€ á partida orzamentaria 3380 4890000 “Transf. a entidades e Comisión de Festas” para a tramitación por parte do Servizo de Turismo dunha subvención de interese xeral á asociación de veciños do Calvario con motivo da Festa da Alegría. (doc Nº 220274792 anexo ao expediente)

Na mesma data solicitouse RC á Intervención, que autorízase pola dirección contable e orzamentaria co Nº 150542.

A subvención do Concello de Vigo a ASOCIACIÓN DE VECIÑOS DO CALVARIO é compatible con outras subvencións, axudas, ingresos ou recursos para a mesma finalidade procedentes de calquera outras administracións ou entes públicos ou privados.

CONDICIÓNS DE CONCESIÓN DA SUBVENCIÓN

A resolución de concesión da subvención deberá establecer as condicións e compromisos aplicables (segundo se establece tanto na Lei Xeral de Subvencións como na Lei de subvencións de Galicia), que se detallan na proposta.

Coa conformidade da concelleira-delegada da Área de Turismo e Xuventude e mailo concelleiro-delegado da Área de Orzamentos e Facenda, tralos informes xurídico e da Intervención Xeral do Concello de Vigo, faise a seguinte

PROPOSTA Á XUNTA DE GOBERNO LOCAL.-

“PRIMEIRO.- Aprobar a concesión directa dunha subvención por interese xeral por importe de 14.520,00 € (catorce mil quiñentos vinte euros) a ASOCIACIÓN DE VECIÑOS DO CALVARIO, CIF. G36648293, para o financiamento do proxecto presentado que ten por obxecto levar a cabo a programación da FESTA DA ALEGRÍA que tivo lugar entre os días 4 e 18 de xuño do ano 2022, organizado por esta entidade; e autorizar e dispoñer o devandito gasto con cargo á aplicación orzamentaria 3380 4890000 “Transf. a entidades e Comisión de Festas” da que figura no orzamento municipal vixente do Concello de Vigo.



Concello de Vigo

SEGUNDO.- As condicións que rexerán a subvención serán as seguintes:

OBRIGAS DA ENTIDADE

- 1.- Organización das actividades obxecto da Festa da Alegría, achegando toda infraestrutura e equipo humano necesarios para tal fin, así como cumprir a programación que consta no expediente. Todas as actividades serán organizadas por un equipo de profesionais dirixidos e/ou supervisados pola Asociación, baixo da dirección do presidente da entidade, Raúl Fontán Villanueva.
- 2.- Dispor dos permisos e autorizacións necesarias para o desenvolvemento das actividades.
- 3.- Deberá respectar e cumprir as prescricións previstas na Lei 10/2017, do 27 de decembro, de espectáculos públicos e Decreto 124/2019, do 5 de setembro, polo que se aproba o Catálogo de espectáculos públicos, actividades recreativas e establecementos abertos ao público da Comunidade Autónoma de Galicia e, se procede, o Decreto 48/2021, do 11 de marzo, polo que se regula a actividade de control de acceso aos espectáculos públicos e actividades recreativas, así como aos establecementos ou espazos abertos ao público en que se realicen.
- 4.- Xestión dos medios materiais e técnicos, así como a contratación dos traballos necesarios para o cumprimento do obxecto do proxecto presentado para levar a cabo a programación da Festa da Alegría, así como o abono de todos os gastos derivados da súa organización.
- 5.- Facilitar ao persoal técnico do servizo de Turismo do Concello de Vigo, canta documentación e información lle sexa requirida.
- 6.- Darlle as actividades o maior grao de publicidade incorporando os anagramas-logotipos do Concello de Vigo nos elementos de difusión da actividade subvencionada.
- 7.- No caso de desenvolverse no recinto algunha actividade comercial ocasional, a Asociación velará polo cumprimento da normativa de venda ambulante, das condicións hixiénicas sanitarias e da montaxe e posta en funcionamento das instalacións desmontables e atraccións recreativas, promovendo a tal fin unhas bases de participación e instalación dos postos, baixo os principios de publicidade, transparencia, concorrencia, obxectividade, igualdade e non discriminación; presentando a tal fin, a respectivas declaracións responsables asinada polos titulares dos postos conforme cumpren cas condicións de venda ambulante, manipulación de alimentos e hixiénico sanitarias.
- 8.- Comunicar á Concellería de Turismo as modificacións das circunstancias que fundamentasen a concesión da subvención (art.11.d da Lei 9/2007 de subvencións de Galicia), en particular os cambios no proxecto, obtención doutras subvencións, axudas ou recursos que modifiquen o financiamento, no momento en que teña constancia da súa dispoñibilidade ou efectividade, e, en en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dada aos fondos percibidos; co obxecto de determinar a oportunidade da autorización das eventuais modificacións, ou ben proceder á redución do importe da subvención concedida ou reintegro.

9.- Achegar a información que lle sexa requirida pola Intervención do Concello de Vigo pola Intervención Xeral da Comunidade Autónoma, polo Tribunal de Contas e polo Consello de Contas no exercicio das súas funcións de fiscalización e control do destino das subvencións.

OBRIGAS DO CONCELLO. MECANISMOS DE ASISTENCIA TÉCNICA

- 1.- Financiamento do custe das actuacións previstas da organización da Festa da Alegría, a través da concesión dunha subvención polo importe máximo establecido na primeira proposta á Xunta de Goberno Local.
- 2.- Xestionar o pagamento do importe da subvención, tras o cumprimento dos requisitos de xustificación e conformidades necesarias.

MECANISMOS DE SEGUEMENTO DA SUBVENCIÓN E DO CONVENIO. UNIDADE XESTORA

O centro xestor da subvención á ASOCIACIÓN é a Área de Turismo do Concello de Vigo, a través da técnica do servizo de Turismo, a quen comunicará calquera incidencia incidencia nos presupostos que deron motivo á concesión da subvención, por se procedera a súa revisión.

O centro xestor ten a encomenda de comprobación da realización das actividades do proxecto subvencionado e de informar sobre a adecuada xustificación da subvención poñendo de manifesto, expresamente, o cumprimento total do obxecto da subvención ou aquelas circunstancias que imposibiliten a aprobación da xustificación, xunto coa conformidade dos documentos xustificativos presentados.

PAGAMENTO DA SUBVENCIÓN

O CONCELLO xestionará o pagamento á ASOCIACIÓN polo importe da subvención outorgada ou resultante, trala entrega do informe final coa rendición da conta xustificativa; previa aprobación da achega pola Xunta de Goberno Local, emisión dos informes técnicos, e co conforme da concelleira-delegada da Área de Turismo.

A xustificación deberá facerse con documentos orixinais pola parte subvencionada e con copias das facturas polo resto do orzamento. Poderase substituír a presentación de copias de facturas polo gasto do proxecto ou actividade non subvencionada pola presentación dun balance que abrangue a totalidade do gasto ou por unha certificación na que se acredite que o programa ou actividade que foi obxecto da subvención foi executado na súa totalidade e o seu custo final foi de 27.650,00€ mais IVE.

En cumprimento da obriga imposta polo artigo 14.2.a) da Lei 39/2015, do 1 de outubro, de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas (LPAC), A ASOCIACIÓN está obrigada a relacionarse electrónicamente coas Administracións Públicas. Xa que logo, para proceder á xustificación do cumprimento da finalidade para a que se concede a subvención e, no seu caso, da aplicación dos fondos recibidos, deberá achegar a conta xustificativa a través da sede electrónica do Concello de Vigo, por calquera dos mecanismos de identificación admitidos na mesma, que se poden consultar no enlace <https://sede.vigo.org/expedientes/usuarios/login.jsp?lang=ga>.



Concello de Vigo

A tenor do disposto no art. 81 do Regulamento da Lei Xeral de Subvencións establécese o emprego de medios electrónicos, informáticos e telemáticos para o procedemento de xustificación das subvencións, con indicación dos trámites que deberán ser cumprimentados por vía electrónica, informática ou telemática e os medios electrónicos e sistemas de comunicación utilizables, que deberán axustarse ás especificacións que se establezan por Orde do Ministerio de Economía e Facenda (Orde EHA/2261/2007, do 17 de xullo, pola que se regula o emprego de medios electrónicos, informáticos e telemáticos na xustificación de subvencións). A tal efecto, a entidade beneficiaria achegará a documentación xustificativa por medios electrónicos, informáticos e telemáticos (EIT), resultando esixible a aportación de facturas electrónicas e/ou copias dixitalizadas compulsadas das facturas orixinais en papel.

Documentación a incluír na conta xustificativa:

- Solicitud de pagamento da subvención, tendo como límite o 31 de decembro do 2022.
- Acreditar atoparse ao corrente das súas obrigas tributarias coa Axencia Tributaria, Consellería de Facenda da Xunta de Galicia, Tesourería Xeral da Seguridade Social e Concello de Vigo.
- Memoria de execución e avaliación da actividade realizada, que xustificará o cumprimento das condicións impostas e a consecución dos obxectivos, que deberá incluír como mínimo:
 1. Programa con información sobre organización, patrocinio, colaboradores, venda de entradas, etc.
 2. Datos sobre os participantes nas actividades, número e perfil dos asistentes.
 3. Memoria de prensa.
 4. Relación de material gráfico e de difusión contendo os logotipos do Concello de Vigo.
 5. Reportaxe fotográfica.
- Memoria económica contendo o balance detallado coa totalidade dos gastos e ingresos da actividade, con indicación dos acredores, conceptos facturados, datas de emisión e importe; acreditados con documentos orixinais pola parte subvencionada.
- Cando as actividades fosen financiadas, ademais de coa subvención, con fondos propios ou outras subvencións ou recursos, deberá acreditarse na xustificación o importe, a procedencia, data de ingreso e a aplicación de tales fondos ás actividades subvencionadas.
- As facturas ordenadas segundo o concepto de gasto a que se atribúen e nas que figure a EMPRESA como entidade destinataria, deberán recoller o seu número e data, CIF, denominación e domicilio social do emisor, conceptos, importes, IVE, etc. Estes xustificantes quedarán a disposición do Concello de Vigo. Non se admitirán facturas fotocopiadas ou compulsadas nin aquelas que non reúnan as condicións previstas no RD. 1619/2012, de 30 de novembro, polo que se regula o deber de expedir e entregar facturas que incumbe a empresarios e profesionais.
- Nestas facturas computarase o gasto acreditado, deducindo o IVE, agás que xustifique que está exenta de IVE.
- Nas facturas ou nos documentos xustificativos dos gastos non deberá constar de forma expresa que o gasto foi pagado pola entidade beneficiaria con anterioridade á

finalización do prazo de xustificación; entendéndose baixo a responsabilidade do beneficiario que o concepto facturado está realizado e conta coa súa conformidade.

Cando a entidade beneficiaria demande a devolución do orixinal presentado para a xustificación da subvención, solicitará a través da unidade xestora da tramitación administrativa do expediente o estampillado (art.73 do regulamento da Lei 38/2003 LXS) da factura orixinal indicando no mesmo o motivo da subvención, así como se o importe do xustificante se imputa total ou parcialmente á subvención recibida, indicándose neste caso o importe exacto que resulte afectado pola subvención. Posteriormente incorporárase ao expediente copia do xustificante orixinal estampillado e a unidade administrativa procederá á devolución do orixinal.

Gastos subvencionables:

Consideraranse gastos subvencionables, os realizados desde o 4 de xuño do 2022 ao 18 de xuño de 2022 que respondan directa e indubidablemente á natureza da actividade subvencionada, resulten estritamente necesarios e se realicen dentro do prazo establecido para a execución do proxecto, quedando excluídos os custos indirectos imputables á actividade, os custos de funcionamento ordinario da entidade, os de atencións protocolarias e representativas, e os gastos en inversións e adquisicións de material, equipos e bens de natureza inventariable.

En ningún caso o custo de adquisición dos gastos subvencionables poderá ser superior ao valor de mercado.

Non se contempla a posibilidade de subcontratación dos gastos derivados da execución do programa subvencionado.

Importe total de subvencións ou axudas:

A subvención do Concello á ASOCIACIÓN é compatible con outras subvencións, axudas, ingresos ou recursos para a mesma finalidade procedentes de calquera outra administración ou de entes públicos ou privados, nacionais, da Unión Europea ou de organismos internacionais.

O importe das subvencións ou axudas percibidas pola ASOCIACIÓN para a actividade subvencionada en ningún caso poderá ser de tal contía que, illadamente ou en concorrencia con outras subvencións, axudas, ingresos ou recursos, supere o custo da actividade ou obxecto subvencionados (art.17.3 da Lei 9/2007 de subvencións de Galicia).

XUSTIFICACIÓN DA SUBVENCIÓN

A axeitada xustificación da subvención, a realización da actividade subvencionada e o cumprimento da finalidade que determinou a súa concesión será comprobada pola Área de Turismo. Os técnicos da Área de Turismo emitirán informe ao respecto facendo constar, no seu caso, todas aquelas circunstancias que poidan resultar relevantes en orde a considerar incumprida ou defectuosamente cumprida a actividade subvencionada.

INFORMACIÓN E PUBLICIDADE

A beneficiaria deberá facilitar toda a información que lle sexa requirida pola CONCELLERÍA e pola Intervención Xeral Municipal, Tribunal de Contas e Consello de Contas, no exercicio das súas funcións de fiscalización e control do destino das subvencións.



Concello de Vigo

O CONCELLO publicará a concesión da subvención no portal de transparencia do Concello e comunicáralo á Base de Datos Nacional de Subvencións para os efectos de dar cumprimento ao disposto nos artigos 18 da LXS e 8.1.c) da Lei 19/2013 de Transparencia, Acceso á Información Pública e Bo Goberno.

REINTEGRO

Procederá ao reintegro das cantidades percibidas e a esixencia de xuros de demora desde o pagamento da subvención até a data na que se acorde a procedencia do reintegro nos casos do artigo 33 LSG.

De conformidade co artigo 32.2 do Regulamento da Lei Xeral de Subvencións a achega municipal configúrase como un importe certo, entendendo que queda por conta do beneficiario a diferenza de financiamento necesario para a total execución da actividade subvencionada, debendo ser reintegrado en tal caso o financiamento público unicamente polo importe que rebase o custo total da actividade.

INFRACCIÓNS E SANCIÓN

En canto ás infraccións e sancións en que poida incurrir a beneficiaria da subvención e o procedemento para a súa apreciación e imposición, estarase ao disposto no título IV da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e na Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

PROTECCIÓN DE DATOS DE CARÁCTER PERSOAL

A beneficiaria está informada de que os seus datos e os do seu representante serán incorporados aos ficheiros municipais; de que a finalidade da súa recollida é a instrución do procedemento para a concesión da subvención, a práctica das publicacións, comunicacións e notificacións de obrigado cumprimento, o seguimento e comprobación da actividade subvencionada e demais actuacións previstas na Lei de subvencións de Galicia, en orde á conclusión do proceso de subvención, polo que a súa achega é obrigatoria.

Os ditos datos serán tratados e protexidos de acordo co previsto na Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas e na Lei Orgánica 3/2018, do 13 de decembro, de Protección de Datos Persoais e garantía dos dereitos dixitais, sendo responsable do seu tratamento a Concellería de Turismo e Xuventude.

A beneficiaria poderá exercer os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición ante a Concellería de Turismo do Concello de Vigo.

LEXISLACIÓN APLICABLE

A concesión da subvención rexerese pola Lei 38/2003 do 17 de novembro, xeral de subvencións e o RD 887/2006, do 21 de xuño, polo que se aprobou o seu regulamento, nos seus preceptos básicos; R.D.L. 2/2004, de 5 de marzo TRLRFL, Lei 7/1985, de 2 de abril RBRL e demais lexislación básica do estado en materia de réxime local; a Lei 9/2007, de 13 de xuño de subvencións de Galicia; os preceptos non básicos da Lei 38/2003 e do RD 887/2006; as bases de execución dos vixentes orzamentos municipais e as restantes normas de dereito administrativo, e no seu defecto, as normas de dereito privado.

Será responsabilidade da entidade a correspondente xestión e autorización dos dereitos de autor, ou de calquera outra obriga derivada do Real decreto-lexislativo 1/1996 do 12 de abril, polo que se aproba o Texto refundido da lei de propiedade intelectual.

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

25(1098).- SUBVENCIÓN DIRECTA Á ASOCIACIÓN EMPRESARIAL DE INDUSTRIALES Y COMERCIANTES DE LA ZONA DE TRAVESAS VIGO PARA A CELEBRACIÓN DA FESTA DE FIN DE ANO. EXPTE. 9218/106.

A Xunta de Goberno Local, co quorum regulamentario, acorda declara-la urxencia do asunto de referencia por estar fóra da orde do día, de conformidade coa xustificación que consta no expediente aportada polo servizo correspondente.

Visto o informe xurídico e informe de fiscalización do 27/12/2022, dáse conta do informe-proposta de data 22/12/2022, asinado polo xefe do Servizo de Comercio, o concelleiro-delegado de Área e polo concelleiro-delegado de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

Con data 15 de decembro de 2022 a “Asociación Empresarial de Industriales y Comerciantes de la Zona de Travesas Vigo” (AETRAVI) solicita a sinatura dun convenio de colaboración entre esta entidade e o Concello de Vigo para a organización da **XXI edición da Festa de Fin de Ano** na Praza de América durante a xornada do 31 de decembro de 2022 e madrugada do 1 de xaneiro de 2023.

AETRAVI adícase desde hai máis de 24 anos a traballar para visibilizar a Zona das Travesas organizando diferentes actividades e eventos que permitan dinamizar o comercio local, sendo responsable da preparación da Festa de Fin de Ano desde o ano 1999. Unha innovadora iniciativa que terminou por converterse nun referente de toda Galicia e Norte de Portugal.

Esta **XXI edición da Festa de Fin de Ano** celebrarase, ao igual que as anteriores, nun espazo público, único e singular de case 4.000 metros cadrados, cortado o tráfico e perimetrado pola Policía local.

A organización contempla:

1. Un servizo de emerxencias composto por unha ambulancias medicalizadas e un equipo de intervención de 6 voluntarios de Protección Civil.
2. A instalación dun macro-escenario de 30 x 11 m, con carpa, pantallas xigantes e iluminación robóticas, onde está prevista a actuación da orquestra “La Fórmula” e o Dj YenniAx que amenizarán a velada.
3. O reparto gratuíto de uvas da sorte entre os asistentes.
4. Campaña de promoción do evento en medios impresos e dixitais, valo publicitario en Valença do Miño (Portugal).
5. Produción integral: valados peonís de protección perimetral da praza e bocanas dos túneles da Praza de América, plan de autoprotección, persoal de vixilancia, etc.



Concello de Vigo

Con data 16 de decembro de 2022 o concelleiro-delegado da Área de Parques e Xardíns, Comercio, Distritos e Festas Especiais resolveu que polo servizo de Comercio se inicie o expediente de subvención directa do Concello de Vigo á a favor da “Asociación Empresarial de Industriales y Comerciantes de la Zona de Travesas Vigo (AETRAVI)” para a organización da XXI edición da Festa de Fin de Ano de As Travesas na Praza de América.

ANTECEDENTES.-

A Asociación Empresarial de Industriales y Comerciantes de la Zona de Travesas Vigo (AETRAVI) é unha entidade sen ánimo de lucro cuxa actividade principal e obxectivos se definen nos seus estatutos, centrándose fundamentalmente en:

1. A defensa comercial da zona das Travesas.
2. Promocionar a zona na que se localizan os asociados, ao mesmo tempo que se pretenderá locar uns servizos comúns e unha mellor defensa dos seus intereses empresariais.
3. Calquera outra función relacionada cos intereses de varios ou a totalidade das empresas asociadas.
4. Promover a actividade comercial da zona, realizando e organizando eventos de índole cultural e deportivo.

A “Asociación Empresarial de Industriales y Comerciantes de la Zona de Travesas Vigo” (AETRAVI) está inscrita no rexistro municipal de asociacións co número 610-99.

Na actualidade a representación da mesma a ostenta a súa presidenta, Dna. Ana María Diéguez Fernández, con NIF ***9407>>, conforme ao poder da asemblea xeral extraordinaria de data 8 de febreiro de 2021.

2.- Que en virtude da Resolución da Alcaldía de data 18 e 26 de xuño de 2019 a Concellería delegada da Área de Parques e Xardíns, Comercio, Distritos e Festas especiais ten competencias en materia de comercio, en especial, a promoción e dinamización do comercio local, impulso das actividades feirais e mercados municipais, así como en materia de Distritos e concretamente a dirección das actuacións en materia de promoción, dinamización, fomento e desenvolvemento do pequeno e mediano comercio da cidade, principalmente en canto á formación, asociacionismo e actividades, etc., así como a xestión das axudas destinadas a estes fins.

3. Que a dinamización da actividade comercial como actividade de interese público, habida conta da importante repercusión desta para Vigo en termos de facturación, de emprego, de valor engadido e de imaxe da cidade, constitúe un dos obxectivos prioritarios da concellería delegada da Área.

Se ben a singularidade social e cultural deste evento cumpre co principal obxectivo da execución de accións de ocio destinadas ao público en xeral, tal e como se desprende do informe achegado por Ouga, no que se valora o retorno da inversión de cara a difusión da marca do Concello de Vigo, asociada a AETRAVI, nun total de 2.581.700 impactos, o que

supón un importante retorno económico de cara aos sectores da hostalería, restauración, turismo e pequeno comercio local.

A Festa de Fin de Ano contribuirá a dinamizar o pequeno e mediano comercio local, estimulando as vendas nun momento no que as repercusións da crise sanitaria e económica motivada pola pandemia internacional, a merma da capacidade financeira causada polos custes da enerxía, o aumento da inflación (+6,8% o pasado mes de novembro de 2022) a perda do poder adquisitivo, a alza dos prezos en múltiples materias primas a causa da guerra que se está a manter en Ucraína ou a gran competencia das áreas comerciais pesa notablemente sobre as previsións dun sector moi importante na economía local.

Neste contexto, o sector comercial, formado na súa maior parte por persoas autónomas e pequenas e medianas empresas, sufriu un forte impacto polo que é de interese público a realización de actuacións para promover e reactivar a actividade local que permitan manter a actividade económica, o emprego e a dimensión competitiva do sector do comercio.

4.- Que o obxectivo do presente convenio é prestar axuda á Asociación para contribuír a acadar os obxectivos que lle son propios no tocante ao fomento da participación activa da cidadanía e a celebración e conservación de eventos lúdicos xurdidos da iniciativa popular, que poidan ser considerados de interese social e económico para a cidade, e, en consecuencia:

- Conseguir unha cidadanía participativa e transformadora da súa contorna, coa consecución da mellora da súa calidade de vida e a cohesión social do municipio.
- Fortalecer o tecido asociativo que traballa no ámbito lúdico, sociocultural e veciñal.
- Fomentar acontecementos que promovan a manifestación de valores culturais, sociais e de espazos para a convivencia lúdica e de recreación na tradición popular entre a cidadanía, con especial consideración as súas características etnolóxicas e de especial atractivo comercial e turístico.
- Favorecer a cooperación entre o sector público e as entidades sen ánimo de lucro no desenvolvemento de programas de actividades que complementen e/ou suplan aquelas de competencia municipal.
- A promoción da revitalización da cidade, mediante o impulso de actuacións que permitan un maior desenvolvemento económico da zona, incluído o sector do Comercio.

A memoria económica que se achega ao presente convenio, incorpora o presuposto xeral de gastos do programa obxecto do convenio polo importe total de **39.200,89 euros** (IVE incluído), financiándose os mesmos mediante as achegas de 30.000 € do Concello de Vigo (76,53%); 5.000 € de achegas dos asociados (12,75 %); 4.000,89 € (10,21 %) de fondos propios e 200 € (0,51 %) euros doutros patrocinios (17,12%).

DOCUMENTACIÓN.-



Concello de Vigo

Por parte da Asociación, presentouse a documentación relativa ao expediente de subvención, que está integrada pola seguinte:

- NIF da presidenta.
- CIF da Asociación.
- Inscripción da “Asociación Empresarial de Industriais e Comerciantes de la Zona de Travesas Vigo” (AETRAVI) no Rexistro provincial de Asociacións da Xunta de Galicia, correspondéndolle o número 2017/021583-1ª.
- Certificado de acordo de transformación da Asociación Empresarial de Industriais e Comerciantes da zona de Travesas Vigo (AETRAVI) pasando a regularse pola Lei orgánica 1/2002 de 22 de marzo, reguladora do dereito de asociacións.
- Estatutos da Asociación.
- Memoria das actividades a realizar.
- Certificado de estar ao corrente de pagos coa Axencia Tributaria.
- Certificado de estar ao corrente de pagos coa Xunta de Galicia.
- Certificado de estar ao corrente de pagos co Concello de Vigo.
- Certificado de estar ao corrente de pagos coa Seguridade Social.
- Certificación da conta bancaria.
- Declaración de non estar incurso en prohibición para obter subvencións.
- Declaración de non exención da presentación do IVE.
- Declaración doutras axudas.
- Póliza do seguro de responsabilidade civil e recibo de estar ao corrente no pago.
- Escrito de data 21 de decembro de 2022 (data de entrada no Rexistro xeral do Concello), doc. 220334213, remitido pola Asociación, de aceptación do texto do convenio de colaboración relativo á celebración da Feira de Abril proposto polo Concello de Vigo.
- Solicitud no servizo de Seguridade e Movilidade de autorización da ocupación temporal e especial de vía pública (expte 131420/210).

LEXISLACIÓN APLICABLE.-

A concesión da subvención proposta fundamentase no exercicio da competencia en materia de comercio que ostenta a Concellería delegada da area de Parques e Xardíns, Comercio, Distritos e Festas especiais en virtude das delegación de facultades por Resolución da Alcaldía de data 18 e 26 de xuño de 2019 atribuíndose en dita materia e de forma especial, a promoción e dinamización do comercio local, impulso das actividades

feirais e mercados municipais, así como en materia de Distritos e concretamente a dirección das actuacións en materia de promoción, dinamización, fomento e desenvolvemento do pequeno e mediano comercio da cidade, principalmente en canto a formación, asociacionismo e actividades, etc., así como a xestión das axudas destinadas a estes fins.

A dinamización da actividade comercial como actividade de interese público, habida conta da importante repercusión das mesmas para a cidade en termos de facturación, de emprego, de valor engadido e de imaxe da cidade, constitúe un dos obxectivos prioritarios da concellería delegada da área.

Fronte o procedemento ordinario de concesión de subvencións en réxime de concorrencia competitiva o artigo 22.2 da LXS determina a posibilidade de concesión de forma directa das subvencións por interese xeral, e con carácter excepcional, daquelas subvencións en que se acrediten razóns de interese público, social, económico ou humanitario, ou outras debidamente xustificadas que dificulten a súa convocatoria pública.

Así mesmo, existen razóns que dificultan a convocatoria pública, en tanto que a festa organízase na Praza de América a iniciativa da **“Asociación Empresarial de Industriales y Comerciantes de la Zona de Travesas Vigo”** desde hai máis de 20 anos, como entidade beneficiaria, **que é a que representa á maioría dos comercios da súa área de influencia.**

A concesión subvención que outorgue o Concello de Vigo á Asociación, para a celebración da Festa de Fin de Ano, obxecto do presente convenio rexerese pola Lei 38/2003 do 17 de novembro, xeral de subvencións e o RD 887/2006, do 21 de xuño, polo que se aprobou o seu regulamento, nos seus preceptos básicos; R.D. Leg 2/2004, de 5 de marzo TRLRFL, Lei 7/1985, de 2 de abril RBRL e demais lexislación básica do estado en materia de réxime local; a Lei 9/2007, de 13 de xuño de subvencións de Galicia; os preceptos non básicos da Lei 38/2003 e do RD 887/2006; polos pactos que se conteñen neste convenio; as bases de execución dos vixentes orzamentos municipais e as restantes normas de dereito administrativo, e no seu defecto, as normas de dereito privado.

Será responsabilidade da entidade a correspondente xestión e autorización dos dereitos de autor, ou de calquera outra obriga derivada do Real Decreto-lexislativo 1/1996 do 12 de abril, polo que se aproba o Texto refundido da Lei de propiedade intelectual.

A concesión da subvención directa á Asociación deberá axustarse ao previsto no art.22.2 apartado c) da Lei 38/2003 xeral de subvencións, polo seu carácter excepcional acreditadas por razóns de interese público, social e económico xustificadas no expediente e que dificultan a súa convocatoria pública; acreditado na concordancia do programa singular a executar, os fins estatutarios da entidade, a súa complementariedade ca actividade de fomento da actividade comercial promovida polo Concello.

De acordo co previsto no art. 26. da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, os convenios serán o instrumento habitual a través dos cales se canalicen estas subvencións, e establecerán as condicións e compromisos aplicables de conformidade co previsto neste precepto legal e conforme aos mínimos establecidos no apartado 2 do citado artigo..



Concello de Vigo

ÓRGANO DE RESOLUCIÓN E ÁMBITO DE COMPETENCIAS .-

O órgano competente para a aprobación da concesión desta subvención é a Xunta de Goberno Local en virtude do artigo 127.1 g) da Lei 7/85, do 2 de abril, das bases de réxime local e Resolución da Alcaldía de data 18.06.2019 e 17.08.2020

FINANCIAMENTO DA SUBVENCIÓN.-

A subvención do Concello de Vigo á Asociación ten como obxecto financiar a celebración da Festa de Fin de Ano contra a partida **4310.470000 “Subvencións pequeno e mediano comercio”**, por importe de **30.000 €**, a favor da devandita entidade.

A subvención do Concello de Vigo á Asociación é compatible con outras subvencións, axudas, ingresos ou recursos para a mesma finalidade procedentes de calquera outras administracións ou entes públicos ou privados.

CONDICIÓN DE CONCESIÓN DA SUBVENCIÓN Á FEDERACIÓN

A resolución de concesión da subvención deberá establecer as condicións e compromisos aplicables (segundo se establece tanto na Lei xeral de subvencións como na Lei de subvencións de Galicia), que se detallan no texto de proposta de convenio.

Coa conformidade do concelleiro-delegado da Área de Comercio e, tralos informes xurídicos e da Intervención Xeral do Concello de Vigo, faise a seguinte

PROPOSTA Á XUNTA DE GOBERNO LOCAL.-

***“PRIMEIRO.-** Aprobar a concesión directa da subvención de 30.000 € (trinta mil euros) á “ASOCIACIÓN EMPRESARIAL DE INDUSTRIALES Y COMERCIANTES DE LA ZONA DE TRAVESAS VIGO” (AETRAVI), CIF: ***8478>>, para a celebración da XXI edición da Festa de Fin de Ano, organizado por esta entidade; e autorizar e dispoñer o devandito gasto con cargo á partida 4310 470000 “Subvencións pequeno e mediano comercio.”,*

***SEGUNDO.-** Que se aprobe o texto do proxecto de convenio entre o Concello de Vigo e a “ASOCIACIÓN EMPRESARIAL DE INDUSTRIALES Y COMERCIANTES DE LA ZONA DE TRAVESAS VIGO” (AETRAVI), CIF: ***8478>>, que regula o desenvolvemento da subvención outorgada para o financiamento da celebración da XXI edición da Festa de Fin de Ano.*

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

PROXECTO DE CONVENIO ENTRE O CONCELLO DE VIGO E A ASOCIACIÓN EMPRESARIAL DE INDUSTRIALES Y COMERCIANTES DE LA ZONA DE TRAVESAS VIGO PARA A CELEBRACIÓN DA FESTA DE FIN DE ANO

En Vigo, na Casa do Concello de Vigo, ----- de dous mil vinte e dous.

REUNIDOS

Dunha parte, D. Ángel Rivas González, concelleiro da área de Parques e Xardíns, Comercio, Distritos e Festas Especiais, en virtude das facultades conferidas por Resolución da Alcaldía de data 26 de xuño de 2019 e posterior de data 17 de agosto de 2020;

Doutra parte, Dna. Ana M^a Diéguez Fernández, NIF 34940717-Z, en calidade de presidenta da Asociación Empresarial de Industriales y Comerciantes de la zona de Travesas, CIF.- G 36847861, en adiante Asociación.

E, D^a. Susana Gallardo Fariña, secretaria de Administración Municipal por delegación da Secretaria de Goberno Local de data 27 de febreiro de 2020, aos meros efectos de asistencia ao Sr. Alcalde - Presidente e dación da fe pública no outorgamento do presente documento.

Actuando no exercicio dos seus respectivos cargos e tendo os comparecentes a capacidade legal necesaria para a sinatura deste convenio,

MANIFESTAN

I.- Que a Asociación é unha entidade sen ánimo de lucro, que conta con personalidade xurídica e capacidade de obrar, que conforme aos seus estatutos ten como fin:

1. A defensa comercial da zona das Travesas.
2. Promocionar a zona na que se localizan os asociados, ao mesmo tempo que se pretenderá lograr uns servizos comúns e unha mellor defensa dos seus intereses empresariais.
3. Calquera outra función relacionada cos intereses de varios ou a totalidade das empresas asociadas.
4. Promover a actividade comercial da zona, realizando e organizando eventos de índole cultural e deportivo.

Os beneficios que se obteñan por calquera concepto destinaranse exclusivamente ao cumprimento destes fins, sen que poidan repartirse entre as persoas asociadas nin outras persoas físicas ou xurídicas con interese lucrativo.



Concello de Vigo

II.- Que en virtude da resolución da Alcaldía de data 18 e 26 de xuño de 2021 a Concellería delegada da área de Parques e Xardíns, Comercio, Distritos e Festas especiais ten competencias en materia de comercio, en especial, a promoción e dinamización do comercio local, impulso das actividades feirais e mercados municipais, así como en materia de Distritos e concretamente a dirección das actuacións en materia de promoción, dinamización, fomento e desenvolvemento do pequeno e mediano comercio da cidade, principalmente en canto a formación, asociacionismo e actividades, etc., así como a xestión das axudas destinadas a estes fins.

Que a dinamización da actividade comercial como actividade de interese público, habida conta da importante repercusión desta para Vigo en termos de facturación, de emprego, de valor engadido e de imaxe da cidade, constitúe un dos obxectivos prioritarios da concellería delegada da Área.

Que un dos principais instrumentos de dinamización turística e comercial da cidade consiste na promoción de eventos que dinamicen o sector comercial durante a xa recoñecida Campaña do Nadal olívica, que conta con grande repercusión a nivel nacional e internacional. A celebración da tradicional Festa de Fin de Ano permite potencia a marca institucional do Concello de Vigo cara a cidadanía e cara ao exterior.

Que a singularidade social e cultural deste evento cumpre co principal obxectivo da execución de accións de ocio destinadas ao público en xeral, supoñendo un importante retorno económico de cara aos sectores da hostalería, restauración, turismo e pequeno comercio local.

Que a Festa de Fin de Ano contribuirá a dinamizar o pequeno e mediano comercio local, estimulando as vendas nun momento no que as repercusións da crise sanitaria e económica motivada pola pandemia internacional, a merma da capacidade financeira causada polos custos da enerxía, o aumento da inflación (+6,8% o pasado mes de novembro de 2022) a perda do poder adquisitivo, a alza dos prezos en múltiples materias primas a causa da guerra que se está a manter en Ucraína ou a gran competencia das áreas comerciais pesa notablemente sobre as previsións dun sector moi importante na economía local.

Que neste contexto, o sector comercial, formado na súa maior parte por persoas autónomas e pequenas e medianas empresas, sufriu un forte impacto polo que **é de interese público a realización de actuacións para promover e reactivar a actividade local que permitan manter a actividade económica, o emprego e a dimensión competitiva do sector do comercio.**

III.- Que é o obxectivo deste Concello é prestar axuda á Asociación para contribuír a acadar os obxectivos que lle son propios no tocante ao fomento da participación activa da cidadanía e a celebración e conservación de eventos lúdicos xurdidos da

iniciativa popular, que poidan ser considerados de interese social e económico para a cidade, e, en consecuencia:

- Conseguir unha cidadanía participativa e transformadora da súa contorna, coa consecución da mellora da súa calidade de vida e a cohesión social do municipio.
- Fortalecer o tecido asociativo que traballa no ámbito lúdico, sociocultural e veciñal.
- Fomentar acontecementos que promovan a manifestación de valores culturais, sociais e de espazos para a convivencia lúdica e de recreación na tradición popular entre a cidadanía, con especial consideración as súas características etnolóxicas e de especial atractivo comercial e turístico.
- Favorecer a cooperación entre o sector público e as entidades sen ánimo de lucro no desenvolvemento de programas de actividades que complementen e/ou suplan aquelas de competencia municipal.
- A promoción da revitalización da cidade, mediante o impulso de actuacións que permitan un maior desenvolvemento económico da zona, incluído o sector do Comercio.

IV.- Que no presuposto do Concello consta a partida 4310 47000000 co concepto “subvencións pequeno comercio”.

E, na súa virtude, ambas entidades consideran oportuno subscribir un convenio polo que se instrumentaliza a concesión dunha subvención directa ao abeiro do art. 22.2 c) da Lei 38/2003 de 17 de novembro, xeral de subvenciones, en virtude do cal poderán concederse de forma directa e con carácter excepcional subvencións nas que se acrediten razóns de interese público, social, económico ou humanitario, que dificulten a súa convocatoria pública con arranxo ás seguintes

CLÁUSULAS

PRIMEIRO.-OBXECTO

O obxecto do convenio é o outorgamento á Asociación dunha subvención directa por un importe certo co fin de colaborar no financiamento da actividade recreativa da Festa de Fin de Ano.

A actividade realizarase na xornada do 31 de decembro do presente ano e na madrugada do 1 de xaneiro de 2023, na Praza de América, conforme ao programa que se achega ao expediente do citado convenio.

SEGUNDA.- ORZAMENTO E FINANCIAMENTO



Concello de Vigo

O presuposto total do proxecto ascende a **39.200,89 euros**.

O Concello de Vigo contribuirá ao financiamento da actuación coa cantidade de **30.000 €** (IVE incluído) que representa un porcentaxe de **76,53%**, financiando o resto a Asociación.

Este financiamento realizarase efectivo coa aplicación presupuestaria 4310 4700000 “subvencións pequeno comercio” do orzamento municipal.

Esta subvención será compatible con calquera outra subvención ou axuda para a mesma finalidade procedente de calquera outra administración ou de entes públicos ou privados, nacionais, da Unión Europea ou de organismos internacionais. A estos efectos a beneficiaria deberá comunicar ao Concello de Vigo a obtención doutras subvencións, axudas ingresos ou recursos que financien as actuacións subvencionadas. Esta comunicación deberá efectuarse no momento en que se coñeza e, en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dada ós fondos recibidos.

En calquera caso, o importe total da subvención non poderá superar o da actuación subvencionada; caso no que se procederá na forma prevista no artigo 34 do RD 887/2006, de 21 de xuño, polo que se aprobou o Regulamento da lei xeral de subvencións.

TERCEIRA.- COMPROMISOS DAS PARTES

1.- A Asociación comprométese a:

- a) Cumprimento do obxecto do Convenio que fundamenta a concesión da achega e a aplicar a subvención concedida ao pago dos gastos derivados da execución do proxecto.
- b) Presentar no Servizo de Seguridade e Mobilidade do Concello a documentación requirida para a autorización da ocupación temporal e especial de vía pública (exp. 131420/106) presentando a tal fin:

1.- Declaración responsable da Asociación-promotora do EVENTO onde conste (a) que coñece e acepta os termos da autorización concedida para a celebración do evento, (b) que se compromete ao cumprimento dos distintos condicionados aos que se supedita a validez e eficacia da autorización e (c) a relación das distintas instalacións e atraccións desmontables que, se se-lo caso, vaian a localizarse dentro do recinto autorizado, e que todas elas contan coa autorización da entidade.

2.- Poliza de seguro de RC e copia do último recibo de pago.

3.- Plan de Emerxencias segundo art. 42.2 letra b) de la Lei 9/2013.

4.- DECLARACIÓN RESPONSABLES de cada unha das estruturas non permanentes desmontables onde conste (a) nome, apelidos e dirección do solicitante, (b) descrición da instalación desmontable, (c) que dispón da documentación que acredita que cumpre tódolos o da actividade , (d) que dispón dun Seguro de responsabilidade civil por un importe mínimo de 150.000€, de conformidade co previsto na disposición adicional cuarta da Lei 9/2013, para responder dos danos persoais e materiais e os prexuízos consecutivos ocasionados ás persoas usuarias ou asistentes e a terceiras persoas e aos seus bens, durante o período de tempo inherente ao dito exercicio, (e) Declaración de conformidade do fabricante CE ou proxecto técnico asinado por técnico competente, (f) conta cun Certificado de revisión anual que inclúa a revisión e mantemento dos elementos mecánicos de funcionamento (sistema pneumático, eléctrico, hidráulico, combustión...) así como dos elementos da estrutura en movemento asinado por técnico competente, (g) designación da persoa física ou xurídica que debe asumir a responsabilidade técnica da montaxe da instalación

- c) Asumir toda responsabilidade concernente á organización das actividades obxecto do convenio, achegando toda infraestrutura e equipo humano necesarios para tal fin, así como cumprir a programación que consta no expediente. Todas as actividades serán organizadas por un equipo de profesionais dirixidos e/ou supervisados pola Asociación, baixo da dirección da presidenta da entidade, Ana María Diéguez Fernández, con número de teléfono 630266366, que actuará como directora do plan de actuación en materia de seguridade e emerxencias que se achega ao expediente e interlocutora final ante á Concellería.
- d) Dispor dos permisos e autorizacións necesarias para o desenvolvemento das actividades.
- e) Adoptar as medidas preventivas específicas como consecuencia da evolución da situación epidemiolóxica derivada da COVID-19 na Comunidade Autónoma de Galicia que determine a autoridade sanitaria en cada momento.
- f) Deberá respectar e cumprir as prescricións previstas na Lei 10/2017, do 27 de decembro, de espectáculos públicos e Decreto 124/2019, do 5 de setembro, polo que se aproba o Catálogo de espectáculos públicos, actividades recreativas e establecementos abertos ao público da Comunidade Autónoma de Galicia e, se procede, o Decreto 48/2021, do 11 de marzo, polo que se regula a actividade de control de acceso aos espectáculos públicos e actividades recreativas, así como aos establecementos ou espazos abertos ao público en que se realicen.
- g) Xestión dos medios materiais e técnicos, así como a contratación dos traballos necesarios para o cumprimento do obxecto do convenio, así como o abono de todos os gastos derivados da súa realización.



Concello de Vigo

- h) Facilitar ao persoal técnico e ao persoal da inspección municipal o acceso á instalación para canda comprobación teñan que realizar aos efectos de comprobación das actuacións realizadas, así como a colaboración co persoal municipal a efectos de comprobación de canda documentación e información lle sexa requirida.
- i) Darlle as actividades o maior grao de publicidade incorporando os anagramas-logotipos do Concello de Vigo nos elementos de difusión da actividade subvencionada.
- j) Ter información actualizada e continua sobre a situación do sector do comercio durante o período de aplicación do convenio.
- k) No caso de desenvolverse no recinto algunha actividade comercial ocasional, a Asociación velará polo cumprimento da normativa de venda ambulante, das condicións hixiénicos sanitarias e da montaxe e posta en funcionamento das instalacións desmontables e atraccións recreativas, promovendo a tal fin unhas bases de participación e instalación dos postos, baixo os principios de publicidade, transparencia, concorrencia, obxectividade, igualdade e non discriminación; presentando a tal fin, e previo ao inicio da actividade, a respectivas declaracións responsables asinada polos titulares dos postos conforme cumpren cas condicións de venda ambulante, manipulación de alimentos e hixiénico sanitarias.
- l) Comunicar á Concellería de Comercio as modificacións das circunstancias que fundamentasen a concesión da subvención (art.11.d da Lei 9/2007 de subvencións de Galicia), en particular os cambios no proxecto, obtención doutras subvencións, axudas ou recursos que modifiquen o financiamento, no momento en que teña constancia da súa dispoñibilidade ou efectividade, e, en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dada aos fondos percibidos; co obxecto de determinar a oportunidade da autorización das eventuais modificacións, ou ben proceder á redución do importe da subvención concedida ou reintegro.
- m) Achegar a información que lle sexa requirida pola Intervención do Concello de Vigo pola Intervención Xeral da Comunidade Autónoma, polo Tribunal de Contas e polo Consello de Contas no exercicio das súas funcións de fiscalización e control do destino das subvencións.
- n) Segundo o disposto no artigo 40.2.c) da Lei 9/2013, de 19 de decembro, do emprendemento e da competitividade económica de Galicia, a montaxe de estruturas non permanentes desmontables requirirá con carácter xeral, dunha DECLARACIÓN RESPONSABLE asinada polo titular da instalación.

2.- O Concello de Vigo comprométese

- a) Financiamento do custe das actuacións previstas a través da concesión dunha subvención polo importe máximo establecido na cláusula segunda.
- b) Xestionar as autorizacións de ocupación de dominio público.
- c) Colaborar na promoción do evento cos distintos medios de comunicación e difusión municipais.
- d) Recabar do Servizo de Seguridade e Mobilidade o outorgamento da licenza de actividade recreativa, así como as súas funcións de inspección, control e resto das actuacións precisas no exercicio do resto das competencias municipais en materia de espectáculos e actividades.
- e) Xestionar o pagamento do importe da subvención, tras o cumprimento dos requisitos de xustificación e conformidades necesarias.

CUARTA.- DIFUSIÓN DO CARÁCTER PÚBLICO DO FINANCIAMENTO E DAS ACTIVIDADES DO PROGRAMA

Calquera que sexa o medio de difusión, a Asociación adoptará as medidas necesarias para publicitar axeitadamente e expresamente o carácter público do financiamento do programa polo Concello de Vigo, as súas actividades e funcionamento; incorporando a tal fin o anagrama-logotipo do Concello ademais das lendas indicadas polo servizo de Comercio e Festas Especiais, en particular, no material gráfico editado, na páxina web, nas presentacións públicas, actividades, soportes e demais recursos de difusión e información xeral que se produzan sobre o evento, de acordo co Concello.

Se no financiamento das actividades ou publicacións interveñen outras entidades distintas do Concello, deberá acordarse con este a prelación e características de cada caso.

O deseño gráfico de publicacións e materiais de difusión, deberá ser enviado ao servizo de Comercio e Festas Especiais, previamente ás impresións, como mínimo naquelas partes onde figuren as referencias da Asociación, Concello e outras entidades que realicen algunha achega ao proxecto subvencionado. O material editado dispoñerá dos depósitos legais correspondentes.

Así mesmo, a Asociación entregará o material de difusión suficiente, tanto para a súa conservación no expediente de subvención, como para a difusión da programación desde o servizo de Comercio e Festas Especiais.

A difusión aos medios de comunicación de informacións sobre as actividades programadas (roldas de prensa, difusión de noticias, informacións, traballos...) deberá estar previamente comunicada e acordada co Concello antes da súa divulgación pública.



Concello de Vigo

A presentación pública institucional dos intervinientes nos actos de presentación do programa e outros actos institucionais, deberá estar previamente acordada entre o organizador e o Concello de Vigo .

A Asociación comprométese á utilización dunha linguaxe e imaxe non sexista nos materiais de publicidade que empregue a Asociación para a difusión da actividade ou evento. Igualmente comprométese a Asociación ao emprego de imaxes non estereotipadas e que visibilicen a achega das mulleres nas facetas públicas da sociedade e non só no eido privado ou familiar.

A Asociación facilitará ao servizo de Comercio e Festas Especiais, coa antelación suficiente, toda a información sobre o programa nos formatos axeitados, co fin publicitalo en todos os soportes municipais (web, 010...).

Lingua de difusión en publicacións:

En consecuencia co establecido na vixente Ordenanza da normalización lingüística do Concello, a lingua galega é a lingua principal de comunicación; polo tanto, e con carácter xeral, só se considerarán dentro do proxecto e programa subvencionado as publicacións e elementos de difusión e publicidade editados en galego, teñan carácter non periódico. A utilización doutras linguas distintas ao galego nas publicacións e difusión quedan sometidas aos acordos particulares co Concello para que os elementos sexan subvencionables.

En cumprimento do establecido na resolución de 10 de decembro de 2015, da Intervención Xeral da Administración do Estado pola que se regula o proceso de rexistro e publicación de convocatorias de subvencións e axudas no Sistema Nacional de Publicidade de Subvencións, e en aplicación dos principios recollidos na Lei 19/2013, de 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno, a Base de Datos Nacional de Subvencións operará como sistema nacional de publicidade das subvencións. A tales efectos, e para garantir o dereito da cidadanía a coñecer todas as subvencións convocadas en cada momento e cara a contribuír aos principios de publicidade e transparencia, a Intervención Xeral da Administración do Estado publicará na súa paxina web as subvencións concedidas.

QUINTA.- XUSTIFICACIÓN E PAGAMENTO

1.- O prazo de xustificación finalizará o **31 de marzo de 2023**. Transcorrido o prazo establecido de xustificación sen presentarse esta ante o órgano administrativo competente, este requirirá ao beneficiario para que no prazo improrrogable de quince días sexa presentada aos efectos previstos neste Capítulo. A falta de presentación da xustificación no prazo establecido neste apartado levará consigo a esixencia de reintegro e demais responsabilidades establecidas na Lei xeral de subvencións. A presen-

tación da xustificación no prazo adicional establecido neste apartado non eximirá ao beneficiario das sancións que, conforme á Lei xeral de subvencións, correspondan.

En cumprimento da obriga imposta polo artigo 14.2.a) da Lei 30/2015 do 1 de outubro, de procedemento administrativo común das administracións públicas (LPAC) a Asociación está obrigada a relacionarse de forma electrónica coas Administracións Públicas.

Para proceder á xustificación do cumprimento da finalidade para a que se concedeu a subvención e, no seu caso, da aplicación dos fondos recibidos, deberá achegar a conta xustificativa a través da sede electrónica do Concello de Vigo, por calquera dos mecanismos de identificación admitidos na sede electrónica <https://sede.vigo.org> e incluírá unha relación de todos os xustificantes de pagamento dos gastos efectuados.

2.- A beneficiaria, deberá xustificar o cumprimento da finalidade para a que se propón a subvención e a aplicación dos fondos recibidos. A tal efecto presentará unha **conta xustificativa** conformada na que constate a declaración das actividades realizadas e dos gastos incorridos por importe da subvención acadada; os xustificantes dos gastos incorridos con facturas ou documentos de valor probatorio equivalente e o importe, procedencia e aplicación dos fondos propios e outras subvencións ou recursos que financiaran tamén a actividade subvencionada.

A xustificación deberá facerse mediante a presentación de facturas a través do **Rexistro electrónico do Concello de Vigo** polo total do orzamento. Poderá substituír a presentación de facturas pola parte do gasto non subvencionado do proxecto ou actividade pola presentación dun balance que abarque a totalidade do gasto ou por unha certificación na que se acredite que o programa ou actividade que foi obxecto da subvención foi executado na súa totalidade e o seu custo total foi de 39.200,89 euros.

A documentación da conta xustificativa conformada incluírá unha relación de todos os xustificantes dos gastos incorridos por importe da subvención acadada coas seguintes especificidades:

- Que os xustificantes de gasto incluídos na conta xustificativa foron aplicados ás actividades subvencionadas.
- Que no caso de que os gastos presentados constitúan rendementos incluídos no ámbito de aplicación do imposto sobre as Rendas das Persoas Físicas ou Xurídicas e suxeito a Retención, que esta foi practicada, así como que foi declarada, liquidada e ingresada na Axencia Estatal da Administración Tributaria.
- Que a entidade beneficiaria está ao corrente no cumprimento das súas obrigas tributaras e coa Seguridade Social.
- Manifestación doutros ingresos ou subvencións que financiaran o proxecto subvencionado con indicación do seu importe e procedencia.



Concello de Vigo

- A xustificación deberá facerse con documentos electrónicos pola parte subvencionada. Poderase substituír a presentación de facturas pola parte do gasto non subvencionado do proxecto ou actividade pola presentación dun balance que abarque a totalidade do gasto ou por unha certificación na que se acredite que o programa ou actividade que foi obxecto da subvención foi executado na súa totalidade e o seu custo total foi de euros.
- Non se admitirán facturas que non reúnan as condicións previstas no RD 1.619/2012, de 30 de novembro polo que se aproba o regulamento polo que se regulan as obrigas de facturación. Nestas facturas se computará o gasto acreditado, deducindo o IVE, salvo que xustifique que está exenta de IVE, os xustificantes corresponderán ós gastos vinculados directamente ó obxecto da subvención.

En xeral os documentos xustificativos corresponderanse con gastos vinculados de forma directa co obxecto desta subvención, admitíndose aqueles nos que non conste de forma expresa si os mesmos foron pagados con anterioridade á finalización do proceso de xustificación.

Cando o importe do gasto subvencionable supere a contía de 15.000 euros no suposto de subministración de bens de equipo ou prestación de servizos deberá solicitar, como mínimo, tres ofertas de diferentes provedores, con carácter previo á contratación do compromiso para a prestación do servizo ou a entrega do ben, salvo que polas especiais características dos gastos subvencionables non exista no mercado suficiente número de entidades que o fornezan ou presten, ou salvo que o gasto realizouse con anterioridade á solicitude da subvención. A elección entre as ofertas presentadas, que haberán de achegarse na xustificación, ou, no seu caso, na solicitude da subvención, realizarase conforme a criterios de eficiencia e economía, debendo xustificarse expresamente nunha memoria a elección cando non recaia na proposta económica máis vantaxosa.

Así mesmo, achegarse copia, de ser o caso, das autorizacións para a realización da actuación, ou indicación do número de expediente municipal correspondente, sempre que non se achegase con anterioridade.

SEXTA.- PAGO DA SUBVENCIÓN

O pago da subvención se realizarase previa xustificación por parte da entidade beneficiaria mediante transferencia bancaria á conta corrente número ES74 2080 5065 2130 4002 6130, entidade bancaria A Banca, da que é titular a entidade beneficiaria.

O CONCELLO xestionará o pagamento á Asociación do importe da subvención outorgada ou resultante, tras a entrega do informe final coa rendición da conta xustificativa.

Non obstante a beneficiaria pode solicitar o pago anticipado do 40% do importe total da subvención proposta, que será abonado á beneficiaria mediante transferencia bancaria tras a aprobación da resolución de adxudicación da subvención, co obxectivo de poder afrontar os gastos iniciais que supón o desenvolvemento das primeiras fases do proxecto. A estes efectos e conforme ao artigo 42.2 do Regulamento da lei xeral de subvencións a Asociación Empresarial de Industriales y Comerciantes de la Zona de Travesas Vigo queda exonerada da constitución de garantía, para a tramitación de dito pago, por ser unha entidade fundacional sen ánimo de lucro coa finalidade de promoción do comercio local.

De conformidade co artigo 32.2 do Regulamento da lei xeral de subvencións a achega municipal configúrase como un importe certo, entendendo que queda por conta do beneficiario a diferenza de financiamento necesario para a total execución da actividade subvencionada, debendo ser reintegrado en tal caso o financiamento público unicamente polo importe que rebase o custo total da actividade. A comunicación desta circunstancia ao Concello deberá efectuarse no momento en que se coñeza e, en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dada aos fondos recibidos.

Antes de proceder ao pago da subvención a beneficiaria deberá acreditar estar ao corrente no pagamento das súas obrigas fiscais e para coa seguridade social e non ser debedor por resolución de procedencia de reintegro, o que poderá realizar por medio dunha declaración responsable, ao abeiro do artigo 31.7 da Lei 9/2007 de subvencións de Galicia. Non será necesario achegar nova certificación se a achegada na solicitude non expirou o prazo de seis meses de validez.

A realización da actividade subvencionada, o cumprimento da finalidade que determinou a concesión da subvención e a axeitada xustificación da mesma, será comprobada polo Servizo de Comercio do Concello de Vigo. O instrutor dos expedientes emitirá informe ao respecto facendo constar, no seu caso, todas aquelas circunstancias que poidan resultar relevantes en orde a considerar incumprida ou defectuosamente cumprida a actividade subvencionada.

O xefe do servizo de Comercio como instrutor do expediente emitirá informe ao respecto facendo constar, no seu caso, todas aquelas circunstancias que poidan resultar relevantes en orden a considerar incumprida ou defectuosamente cumprida a actividade subvencionada e a xustificación achegada.

Os inspectores do Servizo de Seguridade poderán efectuar visita para comprobar, deixar constancia e informar sobre o estado das obras obxecto de subvención antes da resolución do expediente de outorgamento.

SÉTIMA.- SUBCONTRATACIÓN



Concello de Vigo

A Asociación, como entidade executora das actuacións subvencionables, co obxecto de garantir a súa adecuada execución, comprométense a asumir a dirección técnica, debendo proceder, en consecuencia, á asignación dos medios humanos e materiais que sexan necesarios e, de ser o caso, á subcontratación de servizos necesarios para desenvolver as actuacións subvencionables, podendo subcontratar totalmente as actividades previstas, e asumindo expresamente o contido dos límites e obrigas establecidos no artigo 27 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

A necesidade da subcontratación estará debidamente motivada pola entidade beneficiaria e, en ningún caso, suporá un aumento do custo da actividade subvencionada.

Os subcontratistas quedarán obrigados soamente ante as entidades beneficiarias, que asumirán a total responsabilidade da execución da actividade subvencionada fronte á Administración. As entidades beneficiarias serán as responsables de que na execución da actividade subvencionada concertada con terceiros se respecten os límites establecidos neste convenio en canto á natureza e contía dos gastos subvencionables e exixiranlles ás/aos subcontratistas os documentos acreditativos dos pagamentos correspondentes.

Os subcontratistas están obrigados/os a lles facilitar aos organismos de auditoría e control toda a información necesaria relativa ás accións subcontratadas.

En ningún caso poderá concertar o beneficiario a execución total ou parcial das actividades subvencionadas con:

- a) Persoas ou entidades incursas nalgunha das prohibicións do artigo 10 da Lei 9/2007.
- b) Persoas ou entidades que percibisen outras subvencións para a realización da actividade obxecto de contratación.
- c) Intermediarios ou asesores nos que os pagamentos se definan como unha porcentaxe de custo total da operación, agás que o dito pagamento estea xustificado con referencia ao valor de mercado do traballo realizado ou dos servizos prestados.
- d) Persoas ou entidades vinculadas co beneficiario, agás que a contratación se realice de acordo coas condicións normais de mercado e que se obteña a autorización previa de órgano concedente nos termos que se fixen nestas bases reguladoras.

OITAVA.- GASTOS SUBVENCIONABLES

Serán gastos subvencionables os que de xeito indubitado respondan á natureza da actividade subvencionada e se realicen no período de desenvolvemento do convenio, 31 de decembro do presente ano e madrugada do 1 de xaneiro de 2023.

NOVENA.- REINTEGRO

Procederá o reintegro das cantidades percibidas e a esixencia de xuros de demora desde o pagamento da subvención ata a data na que se acorde a procedencia do reintegro nos casos dos artigos 37 da Lei 38/2003, xeral de subvencións e 33 da Lei 9/2007, de subvencións de Galicia.

Cando o incumprimento da actividade subvencionada se traduza nunha diminución significativa da actividade subvencionada, traducible a termos económicos en función do proxecto presentado e o seu presuposto, que non implique verdadeiro incumprimento do obxectivo da subvención, procederá ao reintegro da subvención na mesma proporción. En todo caso, procederá o reintegro do exceso da subvención sobre o custo da actividade subvencionada.

DÉCIMA.- INFRACCIÓNS E SANCIÓN S

En canto ás infracción e sanción s en que poida incurrir a beneficiaria da subvención a que se refire este convenio e procedemento para a súa apreciación e imposición, estarse ao disposto no Título IV da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvenciones de Galicia, e na Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administración s públicas.

DÉCIMO PRIMEIRA.- MODIFICACIÓN, DENUNCIA E RESOLUCIÓN DE CONTROVERSIAS

1. Toda alteración das condición s tidas en conta para a concesión das subvención s e a obtención concorrente de subvención s, axudas, ingresos ou recursos para a mesma finalidade, poderá dar lugar á modificación da resolución de concesión, nos termos establecidos na súa normativa reguladora, de acordo co previsto no artículo 19.4 da Lei 38/2003, do 17 de novembro.

2. Os beneficiarios poderán solicitar ao órgano concedente con carácter excepcional a modificación da resolución de concesión cando aparezan circunstancias imprevistas que alteren ou dificulten a execución da actividade ou proxecto subvencionable ou cando sexan necesarias para o bo fin da actuación. A solicitude poderá ser autorizada sempre que non se altere o obxecto ou finalidade da subvención e non se danen dereitos de terceiros e deberá presentarse antes de que conclúa o prazo para a realización da actividade.

O incumprimento, total ou parcial, dalgunha das condición s establecidas no presente convenio dará lugar á súa rescisión e ás acción s que, no seu caso, correspondan a ambas as partes. Desta maneira, o Concellería quedaría obrigada ao reintegro das cantidades percibidas indebidamente, sen prexuízo das responsabilidades en que puidese incurrir, en aplicación do disposto na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvención s de Galicia e Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvención s.



Concello de Vigo

Para o seguimento e coordinación da execución deste convenio e resolución das dúbidas que poidan producirse na súa interpretación crearase unha comisión integrada por dous representantes de cada unha das partes asinantes, un dos cales terá carácter técnico.

DÉCIMO SEGUNDA.- RESOLUCIÓN DO CONVENIO

Será motivo de resolución do convenio incorrer nalgunha das seguintes causas:

1. Acordo unánime de todos os asinantes.
2. Incumprimento das obrigas e compromisos asumidos por parte dalgún dos asinantes neste convenio. Neste caso, calquera das partes poderá notificar á parte incumpridora un requirimento para que se cumpra nun determinado prazo, transcorrido o mesmo se persistira o incumprimento, notificarase as partes asinantes a causa de resolución e se entenderá resolto o convenio. A resolución do convenio por esta causa poderá conlevar a indemnización dos prexuízos causados, atendendo o valor económico das obrigas deixadas de cumprir.
3. Por decisión xudicial declaratoria da nulidade do convenio.
4. Por calquera outra causa distinta das anteriores prevista no convenio ou noutras leis vixentes.

DÉCIMO TERCEIRA.- PROTECCIÓN DE DATOS PERSOAIS

As partes asinantes responsabilizaranse de que calquera tratamento de datos persoais que puideran levarse a cabo en virtude do mesmo se realice con absoluto respecto ás normas de seguridade e de conformidade co establecido no Regulamento 2016/179 (UE) xeral de protección de datos (en adiante, RXPd), na Lei Orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais (en adiante, LOPdGDD) e demais normativa concordante.

Os datos persoais das persoas físicas asinantes do Convenio serán tratados polos asinantes unicamente para a adecuada formalización e desenvolvemento do mesmo e en base ao disposto no artigo 6.1 b) do RXPd.

DÉCIMO CUARTA.- PUBLICIDADE DA SUBVENCIÓN

En cumprimento do establecido na resolución de 10 de decembro de 2015, da Intervención Xeral da Administración do Estado pola que se regula o proceso de rexistro e publicación de convocatorias de subvencións e axudas no Sistema Nacional de Publicidade de Subvencións, e en aplicación dos principios recollidos na Lei 19/2013, de 9 de decembro, de transparencia, acceso a información pública e bo

gobierno, a Base de Datos Nacional de Subvencións operará como sistema nacional de publicidade das subvencións. A tales efectos, e para garantir o dereito dos cidadáns a coñecer todas as subvencións convocadas en cada momento e cara a contribuír aos principios de publicidade e transparencia, a Intervención Xeral da Administración do Estado publicará na súa páxina web as subvencións concedidas, segundo o establecido na Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de Subvencións artigo 20.4 e 20.8.b).

DÉCIMO QUINTA.- NATUREZA XURÍDICA, RÉXIME XURÍDICO E XURISDICIÓN COMPETENTE

Este convenio ten natureza administrativa e atópase excluído do ámbito do texto refundido da Lei de contratos do sector público, en virtude dos establecido no artigo 6 do devandito texto legal.

Seralle de aplicación o réxime determinado pola Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia; o Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro que a desenvolve; o Decreto 193/2011, de 6 de outubro, polo que se regulan especialidades nas subvencións ás entidades locais galegas; os preceptos básicos da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, e do Real decreto 887/2006 que a desenvolve; a Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno; a Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas; a Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público, e polas demais normas de dereito administrativo aplicables e, no seu defecto, polas normas de dereito privado.

Dada a natureza administrativa do presente Convenio, as cuestións litixiosas que puidesen suscitarse na súa execución, liquidaranse ante a orde xurisdiccional contenciosa administrativo.

E, en proba da súa conformidade, asinan o presente convenio, por triplicado exemplar, en Vigo no lugar e data que se indican.

ANEXO I



Concello de Vigo

Presupuesto Gasto fin de año 2022

26(GASTOS INDIRECTOS		
Noi	Gastos personal Asociación y gerencia	2.000,00 €	
	GASTOS DIRECTOS		
	Gastos Grupo La formula	14.762,00 €	
E s	Iluminación reloj ximenez	2.420,00 €	.s e
qui	Gastos vallado y señales	5.687,00 €	
	Vallas para cerrar las calles	1.942,20 €	
SG	Vallas antipánico escenario	980,10 €	
	Publicidad en revista Vigoplan	506,32 €	
A C	Publicidad en medios	3.382,00 €	
Yol	Publicidad en redes sociales	300,00 €	
	Gastos Vigilante mas tasas	1.301,17 €	
O /	Seguro responsabilidad civil	970,00 €	
Abt	Sgae sociedad de autores	1.033,34 €	
	Ambulancia medicalizada	750,00 €	
	Revisión plan de Emergencias	955,90 €	
	Latas de uvas	1.055,31 €	
	Diseño imagen y valla en Valença	792,55 €	
	Dossier memoria de la fiesta	363,00 €	
		39.200,89 €	
	INGRESOS		
	Aportación Asociados	5.000,00 €	
	Patrocinio Concello	30.000,00 €	
	Otros patrocinios	200,00 €	
	Fondos propios	4.000,89 €	
		39.200,89 €	
	APORTACIONES		
	Revista vigo Plan		
		Publicidad en pantallas sin coste	